




CONCELLO DE FOZ

PLAN XERAL MUNICIPAL DE ORDENACION

INFORME DE SOSTIBILIDADE AMBIENTAL

XANEIRO 2008






Oficina de Planeamiento, S.A.
Juan Flórez, 106, 19º A-D
15005 A Coruña
E-mail opsa@odepsa.com
Telf. 981 27 21 51 – 27 24 02
Fax 981 14 56 29

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE FOZ

INFORME DE SOSTIBILIDADE AMBIENTAL

XANEIRO 2008



Oficina de Planeamiento, S.A.
Juan Flórez, 106, 19º A-D
15005 A Coruña
E-mail opsa@odepsa.com
Telf. 981 27 21 51 – 27 24 02
Fax 981 14 56 29

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE FOZ

INFORME DE SOSTIBILIDADE AMBIENTAL

XANEIRO 2008

O Informe de Sostibilidade Ambiental do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Foz foi producido pola OFICINA DE PLANEAMIENTO, S.A. para o CONCELLO DE FOZ, elaborándose en desenvolvemento do Contrato de Consultoría e Asistencia Técnica suscrito para a súa redacción.

Os traballos foron dirixidos polo arquitecto Alfonso Díaz Revilla e o economista Anxel Viña Carregal.

O que CERTIFICO na Coruña, Xaneiro de 2008

Asdo.: Anxel Viña Carregal

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE FOZ

INFORME DE SOSTIBILIDADE AMBIENTAL

XANEIRO 2008

ÍNDICE	PÁX
1. INTRODUCCIÓN	1
2. ANÁLISE OBXECTIVA DO CONTORNO	2
2.1. ENCADRE XEOGRÁFICO DO TERMO MUNICIPAL	2
2.2. CONDICIONANTES AMBIENTAIS	3
2.2.1. <u>Xeomorfoloxía</u>	3
2.2.2. <u>Climatoloxía</u>	10
2.2.3. <u>Hidroloxía</u>	12
2.2.4. <u>Edafoloxía</u>	15
2.2.5. <u>Usos do solo</u>	17
2.2.6. <u>Paisaxe e Biodiversidade</u>	23
2.2.7. <u>Espazos de interese ambiental</u>	31
2.2.8. <u>Espazos naturais protexidos</u>	35
2.3. ANÁLISE PAISAXÍSTICA. DELIMITACIÓN DAS CONCAS E ÁREAS DE INTERESE PAISAXÍSTICO	42
2.4. CONDICIONANTES SOCIOECONÓMICOS	47
2.4.1. <u>A dinámica demográfica comarcal e rexional</u>	47
2.4.2. <u>A poboación municipal</u>	53
2.4.3. <u>A vivenda</u>	55
2.4.4. <u>O tecido empresarial e o emprego</u>	60
3. DEFINIÇÃO DE OBXECTIVOS	64
3.1. OBXECTIVOS DE PROTECCIÓN AMBIENTAL FIXADOS NO ÁMBITO INTERNACIONAL, COMUNITARIO, ESTATAL E AUTONÓMICO	64
3.2. OBXECTIVOS DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL	67
3.2.1. <u>Dotar ao Municipio dun documento de ordenación integral</u>	68
3.2.2. <u>Fortalecer a estrutura urbana da Vila de Foz e do actual sistema de asentamentos municipais</u>	69
3.2.3. <u>O recoñecemento do actual sistema de asentamentos de núcleos</u>	70
3.2.4. <u>Consolidar a defensa, recuperación e posta en valor dos recursos medioambientais e o acondicionamento de ámbitos costeiros como base dunha estratexia de actuación municipal</u>	71
3.2.5. <u>Ampliar a actual base económica municipal</u>	72
3.2.6. <u>Mellorar os servizos públicos, as infraestruturas e dotacións e a urbanización</u>	73
3.3. OBXECTIVOS PARA A CORRECCIÓN DE EFECTOS SOBRE O MEDIO	74
3.3.1. <u>Consumo de solo</u>	74
3.3.2. <u>Ciclo Hídrico</u>	77
3.3.3. <u>Enerxía</u>	79
3.3.4. <u>Emisións contaminantes</u>	80
3.3.5. <u>Xestión de Residuos</u>	81
3.3.6. <u>Actividades Económicas</u>	82

	PÁX
3.3.7. <u>Integración Social</u>	83
3.3.8. <u>Medio Natural</u>	85
3.3.9. <u>Medio Rural</u>	86
3.3.10. <u>Paisaxe</u>	87
3.3.11. <u>Medio Urbano</u>	88
3.3.12. <u>Medio Litoral</u>	89
3.3.13. <u>Patrimonio</u>	90
3.3.14. <u>Poboación e vivenda</u>	91
3.3.15. <u>Mobilidade</u>	92
4. ANÁLISE DAS ALTERNATIVAS	93
4.1 ANÁLISE DA ALTERNATIVA 0 Á LUZ DAS VARIABLES DESCRITAS NO DOCUMENTO MARCO	93
5. IDENTIFICACIÓN E CARACTERIZACIÓN DOS EFECTOS SOBRE O MEDIO E MEDIDAS PREVENTIVAS PROPOSTAS NO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL	99
5.1. ANÁLISE DA INCIDENCIA AMBIENTAL DO PLANEAMENTO. A CAPACIDADE DE ACOLLIDA DO TERRITORIO	100
5.1.1 <u>A sostibilidade do modelo de ordenación</u>	100
5.1.2 <u>Incidencia ambiental das novas implantacións urbanas</u>	103
5.1.3 <u>Diagnose sobre a capacidade de acollida do territorio</u>	110
5.2. AVALIACIÓN DA APTITUDE DO SOLO PARA O SEU DESENVOLVEMENTO URBANÍSTICO PROPOSTO NO PLAN XERAL	124
5.3. ADECUACIÓN DAS INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS ÁS DETERMINACIÓNS DO PLAN XERAL	127
5.4. FICHAS RESUMO DAS MEDIDAS DE INTEGRACIÓN AMBIENTAL E PAISAXÍSTICA NAS NOVAS IMPLANTACIÓNS URBANAS	134
6. PROPOSTA DE PLAN DE SEGUIMENTO DA SUSTENTABILIDADE DO PXOM	136
7. VIABILIDADE ECONÓMICA DA ALTERNATIVA SELECCIONADA	141
7.1 ESTRATEXIA DE ACTUACIÓN	141
7.2 AVALIACIÓN ECONÓMICA DO PLAN	143
7.3 VIABILIDADE ECONÓMICA	146
7.3.1 <u>Financiamento e viabilidade do Plan Xeral</u>	146
7.3.2 <u>Criterios de asignación de custos por axentes inversores</u>	148
7.4. O FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO DO PLAN	152
7.4.1 <u>A capacidade municipal para o financiamento do Plan</u>	152
7.4.2 <u>O investimento doutras administracións públicas</u>	154
7.4.3 <u>O investimento privado</u>	156
8. RESUMO NON TÉCNICO	157

1. INTRODUCCIÓN

A Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente, introduce a obrigatoriedade da avaliación ambiental do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Foz, e establece o procedemento administrativo a seguir.

Por outra banda, a Lei 6/2007 de 11 de maio de Medidas Urxentes en materia de Ordenación do Territorio e do Litoral de Galicia, no seu Capítulo II regula a integración do procedemento de aprobación dos instrumentos de ordenación do territorio e do planeamento urbanístico coa avaliación estratéxica ambiental.

De acordo co anterior, en data 16 de xaneiro de 2007 o Concello de Foz remitiu á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible o Documento de Inicio do Plan Xeral, no que se recollían de xeito resumido os principais obxectivos municipais para a súa elaboración.

Estudado o Documento de Inicio, a Consellería elaborou o Documento de Referencia para o Concello de Foz, baseado no Documento Marco de Referencia aprobado por unanimidade do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible o 19 de xaneiro de 2007, e en base ao cal se redacta o presente Informe de Sostibilidade Ambiental (ISA).

O ISA é o documento que recolle a xustificación da alternativa proposta como definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal. Contén unha análise previa dos condicionantes, obxectivos e alternativas para o futuro desenvolvemento de Concello de Foz, identificando e caracterizando os efectos sobre o medio da alternativa escollida e establecendo as medidas preventivas, correctoras e de seguimento destes efectos, e todo isto dentro do marco da regulación xeral contida no planeamento municipal, da súa xerarquía en ausencia das Directrices de Ordenación Territorial, e do carácter estratéxico da avaliación.

2. ANÁLISE OBXECTIVA DO CONTORNO

2.1. ENCADRE XEOGRÁFICO DO TERMO MUNICIPAL.

O Termo Municipal de Foz, cunha extensión de 100,3 Km², ocupa unha posición central da Comarca da Mariña Central luguesa, a ribeira do mar Cantábrico. Atópase limitado ao sudeste polo Termo Municipal de Burela, ambos costeiros. Ao interior limita cos municipios de Lourenzá, Mondoñedo, Valadouro, Alfoz e Cervo.

Algún dos límites administrativos do municipio coinciden con unidades morfolóxicas relevantes. O límite con Barreiros defíneo a Ría de Foz e o bordo interior está formalizado por varios conxuntos montañosos: montes da Frouxeira (límite con Mondoñedo) e Montes do Baio, que acadan a costa (límites con Valadouro e Burela). Unha secuencia de praias caracterizan o seu bordo costeiro.

As unidades morfolóxicas que caracterizan o seu relevo e paisaxes asociadas insírense no contexto da fronte litoral cantábrica (costa rectilínea interrompida polas rías de Foz e Fazouro), a rasa ou planalto cantábrico, e os vales e as serras sublitorais cantábricas.

2.2. CONDICIONANTES AMBIENTAIS

2.2.1. Xeomorfoloxía

O contexto xeomorfolóxico da franxa setentrional de Galicia desenvólvese fundamentalmente a partir dun zócolo de materiais precámbricos e paleozoicos moi diversificados, sobre o que se depositou un recubrimento de materiais pospaleozoicos que se poden atribuír conxuntamente ao Cuaternario.

As rochas máis abundantes no Termo Municipal de Foz, encadradas na Zona Asturoccidental-Leonesa, son as metasedimentarias, xistos e lousas con algúns bancos de cuarcitas na zona occidental. Forman un conxunto de materiais metamórficos de baixo grao, constituídos por rochas de diferente composición nas que predominan minerais de pequeno tamaño e escasa alterabilidade, como seixo, moscovita, clorita, etc, que lles confiren diferentes cores, e incluso, diferente comportamento fronte á meteorización. Estas rochas presentan unha estrutura bandeada que facilita a erosión diferencial do mar. As áreas máis brandas da rocha e as fortemente diaclasadas son doadamente desmanteladas polas ondas, mentres que as máis duras persisten no relevo provocando heteroxéneos cantís. No cordal sudeste aparecen ademais materiais graníticos.

No municipio existe unha ampla mostraxe de depósitos cuaternarios antigos, entre os que destacan os periglaciais, os socalcos fluviais e os depósitos limnéticos. Na zona litoral comprendida entre Burela e Cangas de Foz, do mesmo xeito que acontece na vertente occidental do val do Río Moudide, atópanse diversos depósitos periglaciais, cuxa xénese está relacionada co periglacialismo que afectou aos materiais cuarcíticos dos Montes do Buio. No tocante aos socalcos fluviais, os máis importantes localízanse no val do Río Ouro, a +12-15 m. Os depósitos limnéticos, fosilizados e a miúdo seccionados pola actual liña de costa, inclúen niveis orgánicos depositados en medios continentais de carácter turfófilo ou higróturfófilo, nos que abundan os macro e microrrestos de plantas vasculares. Estes depósitos que aparecen na desembocadura do Río Alemparte e na Praia de Area Longa, teñen, polo tanto, grande interese científico na reconstrución paleoambiental e nas investigacións paleoclimática, paleobotánica, xeomorfolóxica, etc.

No que respecta aos sedimentos holocenos, aparecen fundamentalmente areosos na beiramar, onde por riba do nivel actual do litoral adoitan atoparse na Rasa mantos de areas e praias antigas relacionadas coas variacións do nivel mariño, sedimentos aluviais arxilosos nos treitos baixos da rede básica de drenaxe do territorio, e sedimentos

aluviais e mariños nos esteiros de Foz e Fazouro, de textura variable, con predominio de areas finas cara ao exterior, e limos nas mariñas interiores.

No tocante ás pendentes, contraponse a estreita superficie achaiada costeira, Rasa cantábrica, e suaves veigas dos fondos dos vales e depresións, ás vertentes dos cordais nos que as pendentes se fan acusadas. Así, na Rasa e nos fondos dos vales e depresións as pendentes adoitan ser moi baixas (inferiores ao 3% no planalto costeiro) e, en xeral, menores do 6%. Nas abas do sistema de serras sublitorais as pendentes adoitan estar comprendidas entre o 6 e o 25%, facéndose puntualmente máis acusadas, salientando os perfís con pendentes moi fortes da escarpa litolóxica que conforman as vertentes orientais do cordal dos Montes do Buio, así como do cordal sudoriental. As vertentes das serras en ocasións atópanse regularizadas por depósitos de coluviós, conos de dexección e conos aluviais, que suavizan moito os perfís.

Unha análise da xeomorfoloxía do municipio de Foz permite diferenciar unha serie de elementos constitutivos do seu relevo: a fronte litoral e as rías de Foz e Fazouro, a Rasa ou planalto cantábrico, os vales e as serras sublitorais cantábricas, e as depresións do Valadouro e de Moucide.

A fronte litoral e as rías de Foz e Fazouro.

A liña de costa do municipio, na que destacan as rías de Fazouro e, sobre todo, de Foz, presenta unha orientación SL-NO, consecuencia da adaptación do litoral a unha fractura tardihercínica de grandes dimensións. A beiramar está dominada por cantís baixos de remate plano e, anque se trata dunha costa rectilínea, en detalle predomina a alternancia de puntas e pequenas enseadas. Son frecuentes os areais e as reducidas plataformas de abrasión que se encadean con pequenas áreas acantiladas. Os areais, características praias de “peto”, son de pequena dimensión, agás a Praia de Area Longa, situada xusto onde os relevos montañosos se achegan máis á liña de costa.

A singular beiramar de Cangas de Foz e de Nois, presenta unha fronte acantilada esgrevia e espectacular, con entrantes e estreitos promontorios rochosos, e abondosos cons e illotes.



OS CASTELOS. CANGAS DE FOZ.

No occidente da parroquia de Cangas destacan a Praia de Areaoura, xusto na linde co municipio de Burela, e as pendentes uniformes das vertentes da Lamela e Coto Branco, regularizadas polas derrubas estratificadas desenvolvidas nas marxes das coadas de xelifluxión de orixe periglacial, así como pola existencia de praias antigas situadas por riba do nivel actual do mar. Entre a Punta Camposa e a Punta Riomar desenvólvense os cantís de maior altitude e, xa que logo, máis expostos do municipio, sucedéndose estreitas puntas acantiladas e altos cons litorais de paredes verticais como Os Castelos, testemuñas da importancia da erosión diferencial.

Entre a Punta Riomar e a Punta de Fazouro, salientan o illote da Pena Orxal e as Praias dos Xuncos e Pólas (cun cordón dunar con dunas incipientes e manto de areas colgadas na beira oriental) que, tras os cantís que abeiran ao singular Porto de Nois, dan paso á praia de Area Longa. Na vertente acantilada desta extensa praia aflora un depósito sedimentario policíclico con diferentes estratos de turba fosilizados por materiais de orixe coluvial ou periglacial. Na súa linde sueste, esta praia está dominada por unha pequena península na que se empraiza o Castro de Fazouro.



DEPÓSITO LIMNÉTICO DA PRAIA DE AREA LONGA

Pasada a Punta de Fazouro, e logo dun treito de costa acantilada ábrese o pequeno Esteiro de Fazouro, na desembocadura do Ouro, cunha boca duns 500 m e un saco de 1000 m. No esteiro, ategado de sedimentos, desenvólvese unha estreita mariña subhalófila. As súas marxes están limitadas por acantilados de baixa altura, onde colgan depósitos antigos e, ata hai poucos anos, unha frecha areosa con dunas tabulares, destruída na canalización da desembocadura do Ouro e no acondicionamento da praia da Pampillosa, pechaba o esteiro.

Un novo treito de costa acantilada, cantil baixo sobre plataforma litoral, acolle a sucesión de complexos sedimentarios de Sarrido, A Lagoa-Area de Paizás, e Llas. Neste último, desenvólvese un sistema dunar mixto, de cordón dunar e dunas colgadas remontantes, con fronte de certa pendente nos dous tercios occidentais. En Sarrido e Peizás, por riba do cantil da praia aprécianse mantos de areas colgadas.

As praias deste litoral están en constante recesión, na súa maior parte debido á erosión derivada da construción e ampliación dos portos de Burela e Foz (G. Flor, 1992).

Nos achaiados cantís próximos á marxe occidental da ría e á cidade Foz, repítese unha sucesión de estreitos entrantes de grande singularidade, unha vez máis, froito da resistencia diferencial das rochas fronte á dinámica mariña que fai recuar os cantís, rachándoos en orixinais valgadas, corredores, furnas e illotes. Formáronse así As

Salseiras, Cu do Castro, Cala da Ronqueira, Os Castelos, etc, conxunto de formas litorais de grande atractivo paisaxístico.

A Ría de Foz é, en realidade, un esteiro pechado por unha barra formado na desembocadura do río Masma, ao que aflúen tamén pola súa marxe esquerda, o río Centiño e os regos da Baesta e Vilaronte. Presenta unha morfoloxía estreita e comparativamente alongada. Trátase dunha ría madura, moi colmada de areas e limos, nun proceso de sedimentación continuo e pouco violento. As súas vertentes son suaves, e os relevos non superan os 80 m de altitude na beira máis accidentada, a occidental. Na estreita boca, parcialmente pechada por unha barra areosa que continúa na Praia de Altar, destaca un illote, Pena do Altar, de cuarcitas e lousas, testemuña de antigas fronte costeiras erosionadas polo mar.

A súa zona central está conformada por unha grande chaira intermareal, con amplos tesos de areas de textura media cara ao exterior, e leitos fangosos con elevados contidos en materia orgánica que se estenden nos contornos da Punta da Granda. No interior do esteiro desenvólvese unha mariña alta, cun maior desenrolo na súa marxe oriental.

A mariña alta esténdense, na marxe occidental, polo litoral da Espiñeira e Mañente. As Puntas da Granda de Malates, delimitan a Enseada de Vilaxoane, na que nas desembocaduras dos Ríos Centiño e Vilaronte se desenvolve, así mesmo, unha densa mariña subhalófila. Rematando esta beira emprázase o núcleo urbano de Foz, cunha fronte litoral intensamente modificada por diferentes construcións portuarias e pola praia da Rapadoira.

A Rasa Cantábrica.

A costa oriental da Galicia está percorrida polo remate da Rasa, elemento topográfico que se pode definir como unha ampla plataforma de erosión, regularmente achaiada, que se estende ao longo da fronte costeira cantábrica, e ten o seu remate occidental no contacto cos materiais graníticos de Burela-San Cibrao. O planalto costeiro prolóngase paralelamente aos relevos montañosos próximos á costa, entre estes e o bordo dos cantís que foron destruídos polo rebaixamento gradual, rematando nestes casos en praias máis ou menos amplas.

En Foz, a proximidade das serras sublitorais ao mar, reduce o largo do planalto que se mantén en torno ao quilómetro, e a rotura de pendente ao redor dos 50 m de altitude. Pasada a Punta de Fazouro a Rasa practicamente desaparece, coa aproximación dos Altos do Acivro e do Faro á Praia de Area Longa. No sector noroccidental do municipio a

chaira litoral, lixeiramente máis elevada, é cortada polo río de Alemparte, que desemboca na plataforma litoral inferior. A proximidade ao mar do Monte do Buio (421 m) orixina unha combinación entre unha estreita plataforma litoral, elevada entre 10 e 20 m sobre o nivel do mar e uns estreitos vales perpendiculares a esta.

A formación da Rasa é complexa. Na actualidade considérase como unha superficie de orixe continental erosionada baixo condicións áridas e, posteriormente, somerxida e retraballada polo mar. A Rasa Cantábrica emerxeu de novo a finais da Era Terciaria como consecuencia da oroxenia Alpina. Despois, durante os períodos glaciares cuaternarios, gañou altura ao formárense os casquetes polares e descender o nivel do mar. Por contra, a fusión do xeo dos polos incrementou o nivel do mar cubrindo parcialmente a Rasa, nos períodos interglaciares.

Os vales e as serras sublitorais cantábricas.

Tras a Rasa Cantábrica, o relevo é moito máis contrastado cunha sucesión de vales e interfluvios. Entre o dominio costeiro e o Valadouro alíñanse bloques paralelos á avanzada dos Montes do Buio, cuxo deslinde interior relaciónase coas fracturas do zócolo e que se deteñen sobre unha mesma liña trazada entre Oirán e Budián.

O cordal dos Montes do Buio, culminado no municipio polo Alto do Pelobrinco (477 m), serven de fronteira polo oeste entre os municipios de Foz, Burela e Cervo, e constitúen os contrafortes máis setentrionais da Serra do Xistral. Nestes, as acumulacións vexetais do cuaternario recente desenvolveron algunhas das turbeiras máis destacadas de Galicia. A importante morfoxénese periglacial würmiense é un dos factores do intenso desgaste sufrido polo relevo.

No leste, outro destes compartimentos é o correspondente aos altos de Cornería (432 m), Virín (484 m) e Pena do Buitre (457 m), situados entre o Masma inferior e o Centiño. Entre os vales deste río e o do Ouro alóngase un bloque de menor altitude coroado no Pico da Lebre (360 m), mentres que os montes das Barreiras (291 m) inscríbense entre o curso baixo do río Ouro e a depresión do río Moucide. Trátase dun dominio de serras estreitas, sen continuidade e pouco tamaño, en razón da litoloxía e da erosión regresiva procedente do dominio cantábrico, favorecida polo desmantelamento do relevo.

As depresións do Valadouro e de Moucide.

As achaiadas terras do Valadouro, alvéolo ou depresión circular de máis de 5 km de diámetro, esténdense no medio de aliñacións montañosas que caen bruscamente arredor del. Trátase, polo tanto, dunha zona de afundimento inserida no medio dun sistema de bloques ergueitos. Os ríos de carácter torrencial que converxen na conca foron enchendo a cubeta de aluviós, en distintos niveis de socalcos, que dan unha aparente uniformidade topográfica ao val.

A conca do Moucide, formada como consecuencia do afundimento relativo dun bloque ao longo dunha soa falla, estírase en dirección SO-NL, ao longo de dous quilómetros polas beiras do río Moucide cara ao mar. Está delimitada por unha pendente de máis de 200 m ao NO e por relevos cunha altura semellante ao SL. O discreto recubrimento sedimentario do seu fondo está formado por unha complexa secuencia na que xunto á capas arxilosas aparecen estratos turbosos.

2.2.2. Climatoloxía

O litoral cantábrico é, dende o punto de vista climático, o sector menos coñecido de Galicia xa que os observatorios meteorolóxicos son recentes e, polo xeral, dispoñen soamente de pluviómetro.

O dominio climático en que se atopa A Mariña pódese considerar oceánico húmido, afectado pola circulación do oeste, mais de características un tanto particulares. As temperaturas medias anuais presentan os valores máis frescos de todo o litoral, non só de Galicia, senón de todo o Cantábrico. Os meses cunhas temperaturas medias máis baixas (tanto as medias mensuais como as mínimas medias e mínimas absolutas), esténdense entre decembro a febreiro, cunhas mínimas absolutas que adoitan situarse por riba dos 0°C. Deste xeito, os invernos resultan curtos e suaves como consecuencia do efecto moderador do océano. Este efecto e a frecuencia de situacións atmosféricas do NL durante a primavera e o verán, son fundamentais para refrescar as temperaturas estivais. O verán é, xa que logo, moi suave, cunhas temperaturas medias máis achegadas ás consideradas tipicamente primaverais.

Na costa da Mariña as temperaturas medias anuais son agradables, ao redor dos 14°C. Os invernos son suaves con medias entre 8-9°C e o verán moi suave, con medias de 18-19°C. A combinación invernos suaves e veráns pouco calorosos motiva unha feble oscilación térmica, ao redor dos 10°C, a máis baixa da costa occidental europea.

Con relación ao réxime de precipitacións, a súa situación setentrional e abrigada respecto dos ventos dominantes do sur e sudoeste (as Serras Setentrionais actúan de barreira ás fronteas cargadas de chuvias), fai que as precipitacións sexan máis moderadas ca no litoral occidental galego, situándose nuns 930 mm anuais. O máis característico das precipitacións é a súa regularidade, concentrándose entre novembro e marzo o 60% das precipitacións totais. Entre os meses de xuño e setembro tan só se rexistra o 20% das precipitacións, valores que superan, sen embargo, o dobre das recollidas no mesmo período nos observatorios costeiros situados máis ao sur. Resulta, así mesmo, característico deste litoral a presenza de néboas, que se manteñen sobre a Rasa contidas polas montañas que se elevan cara ao sur. Non se pode falar de estación seca, xa que as néboas de estancamento e as precipitacións a xeito de orballo (suave mais persistente) están presentes durante o verán mantendo o ambiente húmido e a temperatura moderada.

En canto ao balance hídrico, na franxa costeira os valores da ETP están arredor dos 710 mm, e o déficit hídrico é moi reducido, comprendido entre os 50 e 100 mm.

Na cornixa cantábrica dominan os ventos do NO, seguidos do SL, NL e O, que son os de maior intensidade.

2.2.3. Hidroloxía

As características tectónicas e morfolóxicas, en especial a intensa fracturación acontecida a fins do período hercínico, e os aspectos climáticos, especialmente os pluviométricos, son quen fan, do mesmo xeito que acontece no resto de Galicia, que o territorio estea sucado por unha profusa e densa rede fluvial.

No que respecta á división hidrolóxica de Galicia, o Termo Municipal de Foz está encadrado na demarcación da Confederación Hidrográfica do Norte, correspondendo á Cunca de Galicia-Costa.

A rede fluvial do municipio está integrada por multitude de pequenos ríos e regos, estando constituída a rede hidrográfica básica, de leste a oeste, polo río Masma, o río Centiño, o río Ouro e o río Moucide. Trátase de ríos de réxime oceánico pluvial, cuxas bacías esténdense entre as Serras Setentrionais e o Mar Cantábrico, amosando unhas características climáticas puramente oceánicas por mor da regularidade térmica e pluviométrica. Os meses de xaneiro, febreiro e marzo son os que rexistran un maior caudal, mentres que no verán rexistran o caudal máis baixo. As cuncas dos ríos Masma e Ouro son moi contrastadas, cunhas amplas cabeceiras formadas por numerosos regos de carácter torrencial que descenden cunha acusada pendente, e estreitas no treito baixo na que os ríos discorren de vagar cara a súa desembocadura. Así, no percorrido polo municipio de Foz estes ríos presentan xa un perfil cunha pendente moi baixa e cursos meandriformes.

O río Masma, cunha cunca de 291 km² nace na vertente oriental da Serra do Xistral, a uns 900 m de altitude, entre os montes Xistral e Cadramón e, tras percorrer 46 km, desemboca na ría de Foz. Na súa desembocadura verte un caudal superior aos 6 m³/seg, e o seu caudal específico excede os 21 lit/seg/km². Na enseada de Vilaxoane, na mesma ría de Foz, verte tamén o pequeno río Centiño, cuxas fontes están no cordal sudoriental do municipio.

O río Ouro inicia o seu curso a uns 700 m de altitude, na ladeira leste do pico Cadramón, na vertente oriental da Serra do Xistral. Atravesa o Valadouro e por terras de San Acisclo diríxese cara a súa desembocadura no esteiro de Fazouro, a onde chega despois de completar un percorrido de 30 Km. Entrega ao mar un caudal de 3,4 m³/seg, o que representa un módulo relativo por enriba dos 18 lit/seg/km².

O río Moucide, cun percorrido aproximado de 11 Km, recibe augas de multitude de regos, sobre de todo pola súa marxe esquerda, onde se localizan os relevos máis vigorosos do cordal dos Montes de O Buio. O curso fluvial principal desenvólvese cunha

pendente suave, sen formar acusados meandros. No seu paso pola parroquia de Cangas de Foz, toma o nome de río Alemparte, para desembocar entre a Punta Riomar e Os Castelos.

En canto aos Coutos de Pesca, en Foz, entre a Pasarela de Valmaior e a Ponte vella de Fazouro, atópase o Couto de Pesca do Río Ouro. Este treito do río Ouro e o Río Centiño son, actualmente, vedados de pesca.

O Inventario de Humidais de Galicia inventaría, ademais dos esteiros de Foz e Fazouro, os seguintes humidais, incluídos total ou parcialmente no municipio.

CÓDIGO	HUMIDAL	SUPERFICIE (ha)	UTM
1120009	Brañas de Vilasindre	211,28	629629-4830879
1120070	A Lagoa	5,00	638611-4827777

En relación ás características das augas, estes ríos presentan, en xeral, augas de boa calidade dende o punto de vista químico. O Río Ouro presenta no seu treito inferior problemas de contaminación orgánica pola insuficiente depuración dos residuos urbanos do Valadouro e, moi especialmente, por mor do moi deficiente tratamento das augas na piscifactoría.

O interese ambiental destes ríos é, sen embargo, moi elevado, xa que supoñen un pilar básico no fornecemento de auga potable ao municipio e, ademais, por ser ecosistemas acuáticos moi fráxiles e do máximo interese para a conservación dos recursos, polo que cómpre asegurar a axeitada preservación da súa diversidade biolóxica e da calidade das súas augas.

Dende o punto de vista hidroxeolóxico, existen dous conxuntos de terreos claramente diferenciados:

- Os terreos precámbricos e paleozoicos, e as rochas ígneas, nas que a súa permeabilidade en estado fresco é practicamente nula e, en estado alterado, moi baixa e baixa, respectivamente. No tocante á contaminación das augas subterráneas, o Mapa de Vulnerabilidade á Contaminación dos Mantos Acuíferos encadra estes terreos dentro das zonas nas que a contaminación afectará, case que en exclusiva, ás augas superficiais, por non existir practicamente afloramentos de formacións permeables.

- Os sedimentos cuaternarios que presentan unhas condicións máis favorables para a infiltración e almacenamento de auga subterránea. A superficialidade dos posibles acuíferos, derivada do seu lixeiro grosor, implica que se vexan moi afectados polas variacións estacionais. Nas chairas aluviais poden presentar unha recarga adicional a prol dos caudais do río ao que pertencen. O Mapa de Vulnerabilidade á Contaminación dos Mantos Acuíferos defíneos como terreos onde os acuíferos son moi vulnerables a esta, e zonas nas que, polo tanto, é preciso extremar as medidas preventivas.

2.2.4. Edafoloxía

O solo é a capa superficial da terra e intervén de forma activa nos ciclos dos elementos químicos, actuando como sistema de conexión entre a litosfera, hidrosfera, biosfera e atmosfera. É o medio onde viven multitude de organismos da flora e da fauna e é a fonte de nutrición para eles e para outros elos da cadea trófica, ata os animais superiores e o home. Ademais, entre outras funcións, o solo é o principal sistema amortecedor de impactos, naturais ou antrópicos, que poden afectar aos ambientes superficiais.

As características fisiográficas e a natureza dos materiais xeolóxicos determinan, xunto co clima e mais a actividade biolóxica, os solos que se atopan nun territorio. Na zona os principais factores que interveñen na súa formación son:

- O substrato xeolóxico, cunha diversidade de situacións ligada á variedade litolóxica. Ademais, o relevo actúa como principal factor, condicionando o grao de evolución do perfil e a profundidade, favorecendo a sedimentación nas áreas baixas e a erosión nas ladeiras escarpadas.
- O clima húmido deste sector que orixina solos cun contido elevado de materia orgánica e unha humidificación do tipo moder mulliforme ou mull.
- A vexetación que actúa como factor fundamental nas áreas inestables de pendentes fortes e en zonas con problemas de estabilidade derivados da falta de cohesión do substrato. A súa contribución á formación do solo débese tanto o seu labor de estruturación como á protección mecánica que supón, dificultando deste xeito os procesos erosivos.
- As tradicionais actividades humanas teñen, así mesmo, unha grande transcendencia, actuando como factor positivo no caso das áreas de cultivo, sobre as que tras longos períodos de labranza intensiva e aporte de materia orgánica, fóronse desenrolando solos de maior fertilidade. Por outro lado, actúa como factor negativo, no caso dos relevos residuais, nos que favoreceu os procesos erosivos ao deteriorar a cuberta vexetal e, polo tanto, atrasando a súa evolución.

O carácter do substrato edáfico é un dos elementos fundamentais na conformación das potencialidades naturais cara á ocupación e o aproveitamento do territorio.

A secuencia característica dos solos nas paisaxes de lousas presentan, en cimas e rebordes das abas, un predominio de *Leptosoles*, a media e baixa ladeira *Regosoles*, con procesos de acumulación de fragmentos rochosos e sedimentos de solos e,

Cambisoles húmicos, nas zonas de maior estabilidade. Dado que a textura máis frecuente é limosa ou franco-limosa, a permeabilidade resulta moderada o que xustifica a existencia dunha certa tendencia á hidromorfía en períodos húmidos, sendo frecuentes as inclusións de *Cambisol gleico*, *Gleysol* ou incluso *Histosol* en depresións.

Os *Cambisoles húmicos* ou terras pardas son os solos máis abundantes no municipio, e constitúen o solo clímax. Sobre materiais graníticos máis pobres e acedos fórmanse *Cambisoles dístricos*. Sobre o planalto desenvólvense solos moi relacionados co tipo de depósitos cuaternarios sobre os que se asentan. O dominio dos *Cambisoles* aparece sobre as pendentes moderadas ou febles, favorecendo a labranza das terras. Nas áreas con capas de arxilas pouco permeables, que determinan o anegamento invernal, aparecen *Cambisoles gleicos*.

Nos solos sedimentarios das veigas, formados sobre aluviós recentes de orixe fluvial, aparecen *Fluvisoles úmbricos*. Na zona intermareal dos esteiros fórmanse *Fluvisoles tíónicos e sálicos* e, *Arenosoles álbicos*, sobre materiais ricos en areas da beiramar.

Por outra parte, no occidente do municipio adoitan aparecer sobre as cuarcitas e coluviós de seixos, *Podsoles*, caracterizados por unha forte acedume e infertilidade. Nos solos cun contido moi elevado de materiais orgánicos, como consecuencia da acumulación de vexetais hidrófitos cunha descomposición limitada por enchoupamentos en ambientes moi fríos, desenvólvense *Histosoles*, característicos das brañas e turbeiras dos Montes do Buió.

Os solos son, como no resto da provincia, acedos, por mor da existencia de precipitacións moderadas e unha rocha nai esencialmente aceda, e presentan unha elevada saturación por aluminio no complexo de cambio, polo que o seu uso queda restrinxido a praderías e aproveitamentos forestais. Os solos desenvolvidos sobre lousas teñen unha textura máis fina e maior capacidade de retención de auga. Os formados sobre granitos teñen unha textura máis areosa e, os máis pobres, danse sobre as faixas de cuarcitas e areíscas.

2.2.5. Usos do solo

A Mariña Lucense presenta unha economía moi diversificada con ampla representación de todos os sectores. A agricultura está orientada, en xeral, cara ao sector gandeiro, predominando, polo tanto, os pasteiros e os cultivos forraxeiros. O gando bovino de produción leiteira ten unha notable representación nos concellos interiores e nas parroquias non litorais de Barreiros, Foz e Ribadeo; a de aptitude cárnica ten maior representación nas áreas montañosas, onde tamén se cría gando cabalar en estado semisalvaxe. Os traballos de concentración parcelaria incrementaron o tamaño das parcelas posibilitando unha maior mecanización en grandes espazos da Rasa e do interior. Nos últimos anos estase a desenvolver nalgúns áreas unha agricultura comercial hortofructícola e da floricultura, aproveitando a benignidade climática e os mercados urbanos próximos. O aproveitamento do monte é unha actividade moi estendida, cun intenso monocultivo de eucaliptos e, en menor medida, de piñeiros. A grande riqueza forestal fai posible o desenvolvemento da industria madeireira local.

A pesca segue a ser unha das bases económicas do litoral mariñao, con portos destacados no contexto galego como Burela e Celeiro, e outros de menor entidade mais relevantes en canto á pesca dalgunhas especies, entre os que se atopa o porto de Foz.

A industria, que ten a súa máxima representación en Alúmina-Aluminio emprazada en Cervo e Xove, é un importante motor económico, sendo tamén relevantes os sectores da cerámica, da minería (coas plantas de extracción de áridos e caolín), a produción de enerxía eléctrica (parques eólicos) e a produción metalúrxica. A construción é, así mesmo, unha actividade destacada, especialmente nas cidades costeiras e na costa de Barreiros na que se concentra o maior número de residencias secundarias.

O sector terciario posúe, hoxe en día, o maior peso dentro da economía comarcal, sendo as cabeceiras as que concentran a totalidade dos servizos e equipamentos. Nos concellos costeiros a atracción turística repercute nun apreciable desenvolvemento da hostalería.

No municipio, a segregación espacial dos distintos usos (agropecuarios e forestais) é a característica da forma de ocupación do solo na Mariña Lucense, e aínda reflicte o mantemento da estrutura herdada do sistema tradicional. O sistema agrario, encadrado por Bouhier nos eidos de agras, caracterízase por un predominio das agras non moi grandes que están nun avanzado proceso de descomposición, xa que os valados case desapareceron. Nas escarpas trascalas de Fazouro, Nois ou Cangas de Foz, presentan ribazos internos ás agras, como consecuencia da maior pendente.

O espazo residencial ocupa as marxes ou o interior dos espazos cultivados en función da súa amplitude e fertilidade. Os usos forestal e agropecuario, coas novas matices introducidas pola extensión da concentración parcelaria e a especialización pecuaria comarcal, son os característicos do territorio do Termo, outros, como o industrial, implántanse sen planificación previa e de forma espontánea. O uso forestal preséntase nas cotas máis altas, nas pendentes acusadas e, en xeral, nas zonas marxinais aos usos agropecuarios e tradicionalmente cubertas de mato.

As transformacións recentes que sofren os usos do solo derívanse do pulo das actividades turístico-residenciais (os espazos litorais experimentan unha crecente especialización funcional como centros residenciais e turísticos de veraneo) e da conseguinte desactivación das actividades agropecuarias. Do recoñecemento territorial do municipio, conclúese unha incipiente difusión polo territorio de edificacións residenciais apoiadas nas infraestruturas viarias. A propagación deste uso de trazos urbanos e, polo tanto, sen vinculación coas actividades produtivas, prodúcese fundamentalmente na Rasa, proliferando de xeito anárquico e indiscriminado nas zonas de potencialidade produtiva e relevantes valores ambientais e paisaxísticos.

. Usos e producións

A distribución das terras segundo os distintos aproveitamentos que aportan as fontes estatísticas, indican que o espazo forestal focense ocupa o 42% da superficie do termo, correspondendo ás terras labradas menos do 10% das totais. A superficie agraria útil é, segundo o censo de 1991, inferior ao 33%.

A estrutura agraria caracterizábase pola súa elevada parcelación, cun tamaño medio da explotación agraria menor das 3 ha. Nas últimas décadas nas parroquias orientais realizáronse procesos de reestruturación da propiedade coa concentración parcelaria e dotación dunha nova infraestrutura viaria.

A histórica dedicación agraria de policultivo asociado a un réxime autárquico (onde non faltaban patacas, legumes e hortalizas no contorno dos núcleos) segue a ser a básica, si ben, nos últimos tempos os aproveitamentos evolucionaron cara ás forraxes e pasteiros, pola progresiva especialización pecuaria comarcal e incrementáronse as producións especializadas. As terras dedicadas a prados e pasteiros non deixan de medrar ao mesmo tempo que diminúen as dedicadas a cereais para grao, pois as actividades agrarias están supeditadas ás necesidades pecuarias.

As explotacións agrarias seguen mantendo a súa característica actividade mixta. O seu número non deixa de diminuír, reducíndose á metade dende o ano 1989 ata o 1999, no que se contabilizaban 797 (Censo Agrario/1999), representando xa soamente o 10% das explotacións agrarias da Mariña Lucense.

A distribución superficial (ha) das terras segundo os diferentes aproveitamentos que se producen nestas explotacións agrarias amósanse no cadro seguinte.

SUPERFICIE (HA)	TERRAS LABRADAS	TERRAS PARA PASTOS PERMANENTES	ESPECIES ARBÓREAS E FORESTAIS	TERRAS NON FORESTAIS
3.822	212	1.532	1.986	93

Fonte: Censo Agrario/1999. INE/IGE

Predominan os pasteiros e os prados artificiais de raigrás, alfalfa e trevo, así como os cultivos de plantas forraxeiras, nabos e millo para a alimentación do gando vacún, emprazados nas cortiñas.

No tocante ás producións gandeiras, nos últimos anos produciuse un apreciable descenso no número de cabezas e explotacións, tanto de bovino como de porcino. A cabana bovina conta con 1.980 reses censadas (Campaña de Saneamento Gandeiro 2002) na que a porcentaxe de vacas de muxido é superior ao das dedicadas á produción cárnica. A cabana porcina aínda é unha das máis destacadas no contexto comarcal (vinculada á proximidade das aglomeracións urbanas), concentrándose en explotacións gandeiras industriais. A cabana gandeira complétase cunhas notables cabanas ovina e aviaria, fundamentalmente de carácter doméstico.

A vocación forestal do termo municipal é moi notable mais a superficie dedicada a este uso non chega acadar as medias comarcais, si ben, o monte constitúe o uso do solo de maior extensión. O intenso aproveitamento forestal caracterízase pola continuidade das masas arboradas. A súa localización non está exclusivamente condicionada pola pendente ou pouca aptitude agraria dos solos, senón que está en estreita relación coas necesidades tradicionais das explotacións, nas que as parroquias dedicaban porcentualmente ao "monte" a maior superficie. Unha destacada superficie dos montes das parroquias occidentais corresponde aos Montes Veciñais en Man Común (MVMC) de Cangas de Foz e Cordido, emprazados no cordal do Buio.

Na actualidade trátase de cultivos forestais formados por masas regulares de repoboación nas que a especie dominante son os eucaliptos (*Eucalyptus globulus*) e,

en moita menor medida, os piñeiros (*Pinus pinaster*). As exiguas masas de frondosas autóctonas están representadas nas abas de maiores pendentes do Río Ouro na parroquia de San Acisclo do Valadouro, formando notables e frondosas paisaxes.

. **Usos singulares e afeccións**

No termo municipal de Foz existen diversos aproveitamentos dos recursos naturais e potencialidades produtivas entre os que cómpre destacar, polas características da súa implantación, relevancia e afeccións, as actividades extractivas e os parques eólicos.

Un uso do solo cunha grande pegada no territorio é o da minería, cunhas grandes canteiras de extracción de caolín a ceo aberto, emprazadas na vertente oriental do Monte das Barreiras. Nas parroquias de Córdido e Cangas de Foz existen outras canteiras de extracción caolín de menor entidade, hoxe inactivas.

No cordal dos Montes do Buio (concellos de Cervo, O Valadouro e Foz), emprázase o Parque Eólico Gamoide, promovido pola empresa Eurovento S.L., que está composto de 25 aeroxeradores (16 dispostos na estrema municipal nas zonas de cumio e ladeira dos montes Cima da Bidueira, Cimbra da Toxeira, Cimbra de Cabo de Viso, Poza das Barreiras-Pelobrinco, e Chao de Arriba ou Azurba) e cunha potencia total instalada de 32,5 MW. Ademais, nos Altos de Virín e a Pena do Buitre, está prevista a instalación do Parque Eólico Singular de Foz, composto por 4 aeroxeneradores.

Ademais, outro uso singular a destacar é a Piscifactoría do Río Ouro.

. **Recursos naturais e potencialidades produtivas**

Recursos mineiros.

Os recursos xeolóxicos constitúen para o ser humano un dos principais activos naturais, xa que son esenciais para utilizalos en moi diferentes aplicacións que aportan calidade de vida. A potencialidade dos recursos mineiros, á escala de Galicia, analízase a continuación.

Na faixa costeira da comarca existen varios xacementos entre os que cómpre destacar o grupo dos minerais das arxilas. Ademais, existen depósitos de turba no val do río Moucide, lousas talcosas e diferentes acumulacións de areas, susceptibles de ser aproveitadas. No municipio existen importantes canteiras de caolín e arxilas

explotadas por Ecesa e Regovello, que aproveita xacementos tipo Laxe destinado a usos cerámicos.

Aproveitar e xestionar os recursos dunha forma racional é fundamental para o noso benestar e a do medio ambiente en xeral, polo que deberanse activar mecanismos para evitar impactos ambientais críticos que condicionen negativamente a viabilidade futura dos outros recursos do territorio.

Recursos hidroxeolóxicos.

Con respecto ás características hidroxeolóxicas e, segundo recolle o Mapa Hidroxeolóxico de Galicia (1991), realizado en base ao grao de permeabilidade das rochas, na área de estudo o grao de permeabilidade é moi baixa ou estas son impermeables (xistos, lousas e cuarcitas). A permeabilidade pode ser moi alta, sen embargo, nas áreas que presentan depósitos sedimentarios cuaternarios. Así, as terrazas e aluviais conforman os depósitos máis favorables á existencia de acuíferos, mais o seu escaso grosor e a posible intrusión de augas mariñas no litoral, limitan e condicionan as posibilidades de almacenar recursos hídricos aproveitables.

Potencialidades agrarias.

Para definir as aptitudes agronómicas dun territorio adoitan considerarse como factores fundamentais as condicións climáticas, os limitantes xeomorfolóxicos, as propiedades físico-químicas en relación ao seu grosor, textura, estrutura e condicións de fertilidade, e as necesidades autoecolóxicas das diferentes alternativas de produción.

O territorio comarcal pódese considerar privilexiado polas condicións do seu medio natural, que ten, en liñas xerais, alta aptitude para unha diversidade de cultivos, posibilitando unha agricultura de calidade e fértiles explotacións forestais.

No sector litoral (a alturas inferiores a 300 metros) localízanse os solos de maior aptitude. Nestas zonas as alternativas de cultivo son moi amplas e a produtividade potencial climática elevada. A aptitude das terras labradas no litoral da Mariña, avaliada para un baixo nivel de manexo por Calvo de Anta e Macías (1992), é considerada como boa ou moi boa para determinados cultivos esixentes. Así mesmo, a aptitude dos solos na comarca é considerada boa ou media para prados, pasteiros e forraxes. O desenvolvemento dos cultivos atopa poucas limitacións limáticas (risco de xeadas inferior aos tres meses, lixeiro déficit hídrico estival, baixa altitude),

permitindo unha notable diversificación dos aproveitamentos, e facendo posible o desenvolvemento da floricultura e da hortofructicultura .

Os solos dos montes de Foz caracterízanse por ser moi aptos para diferentes usos forestais. Presentan, entre outras, condicións axeitadas para diversas coníferas pouco esixentes aos requirimentos edáficos e para eucaliptos.

A suma dos valores climáticos e dos recursos edáficos favorecen o seu elevado e diverso potencial produtivo, o que pode supoñer unha destacada riqueza agronómica.

2.2.6. Paisaxe e biodiversidade

Na Mariña Lucense, encadrada no contexto paisaxístico do Arco Cantábrico, as paisaxes reflicten dunha forma directa ou indirecta a acción do mar. Nela pódense diferenciar tres subunidades paisaxísticas, o sector litoral, os vales, e as serras sublitorais cantábricas.

- A paisaxe do espazo litoral presenta un apreciable contraste pola desigual morfoloxía da fronte costeira. Así, esta presenta no treito occidental un perfil suave constituído por unha serie de cantís de paredes verticais e altura moderada, no que o mar traballa formas vigorosas, e entre os que se estenden praias, localmente coñecidas como Areas. No oriental, desenvólvese o Esteiro do Masma, pechado pola barra areosa da Praia de Altar, que encerra unha ampla mariña. O litoral do esteiro presenta un contorno máis ben baixo, con poucas sinuosidades, sendo a máis significativa a Enseada de Vilaxoane. Tras a beiramar esténdese a superficie de relevo achaiado, designada xeomorfoloxicamente como “Rasa Cantábrica”, cuxa paisaxe contraponse coa marítima e coa das mariñas, e na que a súa culturización derivou nun intenso aproveitamento agrícola. Nela pequenos e dispersos asentamentos humanos, emprazados na rotura de pendente entre a Rasa e as serras, rexían as fértiles terras establecidas no seu derredor, cultivadas tradicionalmente con cereais e patacas. Sobre estes trazos paisaxísticos xerais, a densidade de formas sedimentarias e erosivas, actuais e relictas, e a intensidade das transformacións antrópicas recentes, compoñen unha ampla diversidade de paisaxes locais, entre as que destacan as do pequeno esteiro de Fazouro e da Ría de Foz.

Nos últimos anos esta paisaxe litoral está a sufrir un apreciable deterioro, invadida por novas construcións diseminadas que modifican a estrutura aberta da paisaxe agraria tradicional, así como polas fondas transformacións da beiramar, alterada por unhas infraestruturas viarias e turísticas de deseño e ordenación urbanística e ambiental deficientes. Neste contexto, nalgúns sectores produciuse unha notable perda de calidade da súa paisaxe e, xa que logo, dos valores turísticos do territorio mariño.

- A subunidade paisaxística dos vales cantábricos, enmarcada entre as elevacións das serras sublitorais, e caracterizada por uns sinuosos treitos fluviais de orientación SO-NL que discorren perpendicularmente á beiramar, e, a consecuencia do seu forte recheo sedimentario de orixe aluvial e mariño, polo achaiado e suave fondo. Nestes vales, as favorables condicións edáficas e climáticas determinaron unha importante actividade agropecuaria centrada na hortofructicultura e no gando bovino que aproveita as súas sempre verdes praderías. O mantemento da paisaxe tradicional,

formada por un complexo mosaico e pequenas explotacións agrarias e lugares acasados dispersos, é un dos seus principais valores.

- Finalmente, pechando estas subunidades, atópanse as serras sublitorais cantábricas, nas que a continua presenza do monocultivo forestal xunto coas intensas explotacións dos recursos mineiros e eólicos, caracterizan e homoxeneizan as súas paisaxes recentes. Nalgúns sectores estas serras acollen interesantes e heteroxéneos humidais, cuns grandes valores ambientais e científicos.

En liñas xerais, o litoral da Mariña Lucense constitúe o espazo costeiro menos poboado de Galicia. Poboación distribuída nun elevado número de entidades de poboación, mais entre as que a cidade de Foz adquire unha importancia territorial e paisaxística moi destacada. As paisaxes están marcadas polas actividades terciario-industriais nos sectores máis dinámicos do litoral e, moi especialmente, no contorno de Foz, así como polas dunha poboación rural centrada nas actividades agrarias. A presenza do bosque caducifolio orixinal é testemuñal, sendo a presenza das praderías e das extensas e monótonas plantacións de cultivos forestais, quen dominan nas paisaxes.

Flora e vexetación.

O territorio está situado, desde o punto de vista bioxeográfico, no subsector Galaico-Setentrional do sector Galaico-Asturiano, provincia Cántabro-Atlántica. No que respecta aos andares bioclimáticos, encádrase nos pisos termotemperado e mesotemperado, e con ombroclima húmido.

A fachada cantábrica de Galicia é un territorio de substratos acedos, con claras influencias occidentais, mais sen a xericidade estival da vertente atlántica galega. A diversidade forestal é baixa, constituíndo a carballeira acidófila galaico-setentrional (*Blechno spicantis-Quercetum roboris*) a vexetación potencial. Este é un bosque mixto, rico en árbores, carballo (*Quercus robur*), bidueiros (*Betula celtiberica*), castiñeiros (*Castanea sativa*), acivros (*Ilex aquifolium*) e abeleiras (*Corylus avellana*), e na que son frecuentes os fentos. Nas cotas baixas abundan as plantas termófilas, con arbustos laurifolios, loureiros (*Laurus nobilis*), érbedos (*Arbutus unedo*) e xilbarbeira (*Ruscus aculeatus*). Non soporta a hidromorfía nin os enchoupamentos prolongados, sendo substituída a carballeira, nestes casos, por ameneirais ou freixedos mixtos con carballos e abeleiras. O castiñeiro substitúe, en ocasións, ao carballo por mor do seu antigo cultivo, reproducíndose espontaneamente. Hoxe en día, as carballeiras vense restrinxidas a pequenas manchas sobre solos medianamente ou ben desenvolvidos, como resultado da fragmentación á que a cuberta orixinal se viu sometida

historicamente por efectos antrópicos (cortas, queimas, etc), e frecuentemente confinadas nas abas inaxeitadas para o desenvolvemento agropecuario.

No municipio a superficie ocupada polo bosque climácico característico da zona é extremadamente baixa, manténdose estreitas fragas asociadas á rede fluvial, fundamentalmente resgardadas nos fondos de val e valgadas angostas e pouco accesibles. As máis salientables consérvanse nas parroquias do Valadouro asociadas ao sistema fluvial do Río Ouro. Nestas fragas maduras destaca a presenza do acivro (*Ilex aquifolium*), especie protexida no territorio galego por Decreto Lei da Xunta de Galicia. No territorio focense atópanse ademais diversas especies singulares (endémicas, ameazadas e protexidas pola lexislación), entre outras salientan os amarelles *Narcissus asturiensis* (endémico do noroeste ibérico) e *Narcissus triandrus* restrinxidos ás fragas e ambientes riparios, e incluídos nos Anexos II e IV da Directiva de Hábitats.

A diferenza do que acontece coas carballeiras, outros bosques autóctonos que presentan unha mellor representación son os constituídos polas comunidades riparias, si ben, tamén se atopan degradadas nos cursos de menor entidade e nas zonas próximas ao litoral. As ripisilvas características do territorio son as pertencentes á asociación *Valeriano pyrenaicae-Alnetum glutinosae*, ameneiral ribeirego rico en bidueiros, freixos e fentos e, en particular, *Valeriana pyrenaica*. Nestes bosques de ribeira acompañan ao ameneiro (*Alnus glutinosae*), o freixo (*Fraxinus excelsior*) e os salgueiros (*Salix sps.*), cun cortexo florístico no que abundan os fentos, dos que os máis abondosos son *Athyrium filix-femina* e *Osmunda regalis*.



ESTREITA FRAGA NO VAL DO RÍO OURO. FONTAO

Nos estadios de degradación desta formación aparecen diferentes etapas de substitución: salgueirais (*Salicion albae*), espiñeirais higrófilos (*Prunetalia spinosae*) e prados higrófilos de megaforbias como *Valeriana pyrenaicae*, *Heraclium sphondilium*, etc. Os ríos e regos focenses de menor entidade cando atravesan os eidos transformados polas infraestruturas agrarias, adoitan atoparse, en xeral, desprovistos da súa característica ripisilva.

As matogueiras presentes na zona teñen, en xeral, a súa orixe na degradación das formacións boscosas, debido aos efectos das actuacións antrópicas. Tradicionalmente, o aproveitamento deste mato formaba parte indispensable dos ciclos agrícolas, polo que a súa existencia víase propiciada polas comunidades locais. Estas formacións constitúen etapas seriais do bosque climácico caducifolio, representando degradacións de orixe antrópica máis ou menos avanzadas, polo que, deben ser consideradas como posibles etapas sucesionais dentro dunha evolución crecente cara á madurez da vexetación da zona.

O terreo ocupado por estas formacións subarbustivas ou herbáceas vense repoboando intensamente, dende hai décadas, con especies alóctonas de rápido crecemento, co gallo de aproveitar a elevada produtividade forestal da comarca. Así, son os eucapitais e, en menor medida, os piñeirais, as formacións vexetais que dominan nas paisaxes focenses. En consecuencia, son os eidos quen constitúen a matriz ambiental do territorio municipal.

Nas partes altas con escasa pendente do cordal dos Montes do Buio, os materiais arrasados conforman un territorio caracterizado pola impermeabilidade e a dificultade de drenaxe potenciada pola existencia de sedimentos periglaciais, no que os solos permanecen enchoupados na superficie boa parte do ano e a materia orgánica descomponse lentamente dando lugar á formación de turbeiras. Nos achaiados contornos das fontes e treitos de cabeceira dos regos afluentes do Río Mucide, é habitual, polo tanto, a formación de brañas (humidais das Brañas de Vilasindre), desenvolvéndose toxal-queirogais con *Erica mackaiana* e toxo femia *Ulex galli subsp galli* (as. *Genciano pneumonanthe-Ericetum mackaianae*), así como diferentes hábitats turfófilos. Conxunto de humidais cuns elevados valores ambientais e paisaxísticos (prados húmidos da clase fitosociolóxica *Oxycocco-Sphagnetea* e, nas transicións cara ás turbeiras, da asociación *Cirsio filipenduli-Ericetum ciliaris*). Nestes ecosistemas atópase unha ampla diversidade de hábitats que albergan especies vexetais singulares, endémicas como *Cirsium filipendulum* e *Serratula tinctoria subsp. seoanei*, e outras de interese comunitario (Anexos II e V da Directiva Hábitats) destacando os esfagnos *Sphagnum spp*, a *Arnica montana* e *Narcissus bulbocodium*.

No contexto municipal, dominado polas vexetacións implantadas polo home ou resultante das actividades humanas, a vexetación característica dos ecosistemas acuáticos e dos medios litorais constitúe un auténtico reduto de naturalidade. No litoral a diversidade de ecosistemas determina que acollan aos maiores valores de biodiversidade do municipio. Rochedos de medios expostos e moderadamente expostos, cantís, cons e illotes, areais, dunas, coídos, mariñas, etc, amosan a diversidade de biótotos do litoral de Foz, sustentando cada un deles a súa zonificación específica de comunidades especializadas.

A súa flora é altamente orixinal, na súa meirande parte distinta aos medios terrestres ou marítimos, e caracterízase por presentar unha taxa de endemicidade elevada. Así, nas mariñas dos esteiros de Fazouro e Foz defínense unha serie de zonas en función da influencia do mar. Cara ao exterior do esteiro atópase a mariña halófila, tesos e chairas lamacentas, cunha serie de comunidades caracterizadas por unha escasa cobertura e diversidade específica, que ocupan solos permanentemente húmidos e de elevada salinidade (sometidos á inundación periódica das mareas), formando pasteiros (*Spartinion maritimi* e *Glauco-Puccinellietalia maritimae*) e matos salinos (*Sarcocornetea fruticosi*). Nas cotas máis baixas e permanentemente cubertas de auga, agás nas baixamares máis fortes, atópanse comunidades practicamente monoespecíficas de sebas *Zoostera marina* e *Zoostera noltii* e *Ruppia marítima*. Pola súa parte, no interior do esteiro desenvólvese a mariña subhalófila, constituída na mariña alta por xunqueiras densas (*Juncetea maritimae*) de elevada cobertura, sucadas por numerosos canais abeirados por praderías mareais (*Asoc. Bostrychio-Hallimionetum portulacoidis*) e, nos bordos do esteiro, por carrizais (*Scirpetum maritimo-compacti*).

Nas mariñas do Arco Cantábrico destaca a presenza de dous limonios atlánticos escasos ou ameazados, *Limonium humile* e *Limonium dodartii*, este último catalogado en perigo crítico de extinción en España, e da planta endémica *Cochlearia aestuarica*.

Na beiramar, a zonación da vexetación dos cantís do litoral galaico-setentrional está representada no nivel inferior pola *asoc. Spergulario rupicolae-Armerietum depilatae* con *Crithmun maritimum* e *Armeria pubigera*, no medio polas praderías de *Daucus carota subsp. gummifer* (*Daucus gummiferi-Festucetum pruinosae*) e, no superior, os toxais con *Angelica pachycarpa* (*Angelico pachycarpae-Ulicetum maritimae*).

Nas vertentes acantiladas atópase o singular pteridófito helófito *Equisetum telmateia*, equiseto característico das costas cantábricas, considerado pouco abundante no contexto galego.

Na barra areosa que pecha a Ría de Foz e nas traseiras das praias adoitan construírse pequenos complexos dunares, con dunas embrionarias e primarias fixadas por feo.



CORDÓN DUNAR NA PRAIA DE LLAS. MARZÁN

As duras variables ambientais (vento, salinidade, alta insolación, sequidade, escaseza de nutrientes, mobilidade da area, etc.), fan que o número de especies de plantas que aquí habitan sexa escaso, pero de moi alto valor ecolóxico, por estaren moi especializadas e adaptadas ao ambiente litoral e seren exclusivas destes ecosistemas.

A grandes trazos, distínguense catro cintos de vexetación dunar, nos que as asociacións mellor representadas son a as. *Honckenio-Euphorbietum peplis* nas areas da praia, a as. *Euphorbio paraliae-Agropyretum junceiformis* dominada por *Elymus farctus subsp. boreali-atlanticus* nas dunas embrionarias e nos pés das dunas estabilizadas, a as. *Otantho maritimae-Ammophilletun australis* dominada por feo *Ammophila arenaria subsp. australis* que ocupa as cristas das dunas e, nas areas estabilizadas interiores aos cordóns dunares, a as. *Iberidetum procumbentis*.

Fauna.

As características actuais da paisaxe focense favorece a aparición dalgúns grandes mamíferos, como o xabaril (*Sus scrofa*) e maillo corzo (*Capreolus capreolus*), debido á elevada superficie de uso forestal, en especial masas de eucalipto, á baixa esixencia en canto ao hábitat e á prolifidade destas especies. Este intenso monocultivo forestal representa, desde o punto de vista faunístico, un empobrecemento radical, tanto en biodiversidade de especies como en número de individuos. Destaca, sen embargo, a presenza na comarca de dous mamíferos relacionados cos medios acuáticos, a londra (*Lutra lutra*) e a auganeira (*Galemys pyrenaicus*), ambos estritamente protexidos e de grande interese ecolóxico, e dos morcegos *Rhinolophus hipposideros*, *Rhinolophus ferrumequinum* e *Myotis myotis* incluídos, igual que a londra e a auganeira, no anexo II da Directiva 92/43/CEE.

As aves acuáticas constitúen o continxente faunístico de maior relevancia no territorio municipal. Os humidais litorais do Arco Cantábrico constitúen, pola súa estratéxica situación xeográfica, estacións de parada e elos fundamentais nas migracións das aves durante os seus desprazamentos estacionais. A ría de Foz constitúe unha das áreas galegas de interese ornitolóxico como zona de paso e internada de limícolas e aves acuáticas, sendo encadrada na Área Importante para as Aves (SEO/BirdLife): IBA 007 Ría do Eo-Praia de Barayo-Ría de Foz e designada Refuxio de Fauna LU-8 (Ría de Foz).

Na actualidade a Ría de Foz é unha Zona de Especial protección para as Aves (ZEPA) declarada en abril do ano 2004, que inclúe 564 ha dos municipios de Barreiros e Foz. Segundo a SEO/BirdLife, a Ría de Foz é importante como zona de paso e internada de limícolas e aves acuáticas, destacando no inverno mazarico rabipinto (*Limosa lapponica*) (media de 40 ind. no período 1990-96, 163 en 1992), mazarico real (*Numenius arquata*) (media de 85 ind. no mesmo período), gavita (*Haematopus ostralegus*) (mín. 30 ind), píllara cincenta (113 ind. en 1990), avefría (*Vanellus vanellus*) (650 ind. en 1992), pato asubión (*Anas penelope*) (máx. 120 ind.), e mergo cristado (*Mergus serrator*). No paso de limícolas é tamén importante este humidal. Acolle, así mesmo, concentracións de garza real (*Ardea cinerea*) (100 ind.), e cullereiro (*Platalea leucorodia*) en paso regular.

No litoral aberto, con zonas de beiramar de cantís rochosos e numerosos illotes e cons, as colonias de aves mariñas son tamén importantes.

Nos anfibios cómpre destacar a presenza na comarca do endemismo do NO *Chioglossa lusitanica* incluído no anexo II da Directiva 92/43/CEE e dos endemismos ibéricos

Discoglossus galganoi e *Rana ibérica* incluídos no anexo IV da devandita directiva, así como o endemismo ibérico *Triturus boscai*, e a subespecie *Salamandra salamandra bernardezi*. En canto aos réptiles, na zona están presentes algúns endemismos ibéricos como *Podarcis bocagei*; nas brañas pódense atopar especies boreais como *Anguis fragilis*, e endemismos como *Lacerta monticola* e *Lacerta schereiberi*, as dúas incluídas no anexo II da Directiva 92/43/CEE, que habitan preferentemente dentro das uceiras húmidas, así como nas facies de matogueira existente nas turbeiras.

Nos ríos focenses atópanse algunhas especies de peixes de grande interese ambiental e piscícola, entre os que cómpre salientar a lamprea (*Petromyzon marinus*) e o salmón do Atlántico (*Salmo salar*), así como a boga de río (*Chondrostoma polylepis*), endemismo ibérico noroccidental.

Entre os invertebrados destaca a presenza do coleóptero vacaloura (*Lucanus cervus*) e do mexillón de río (*Margaritifera margaritifera*) nos ríos Masma e Ouro, así como do gasterópodo terrestre *Geomalacus maculosus* no val do Río Ouro, lesma endémica do NO da península ibérica, a Bretaña francesa e o sur de Inglaterra e Irlanda, que aparece incluída no anexo II da DC 92/43/CEE. *Geomalacus maculosus* atópase en medios terrestres moi húmidos, preferentemente en herbais higrófilos próximos a cursos oligotróficos de auga, así como sobre os troncos de árbores caducifolias con densos tapices de liques.

2.2.7. Espazos de interese ambiental

A Ría de Foz-Masma e o Río Ouro, integrados na Rede galega de espazos protexidos, son os espazos máis sobranceiros en función dos seus valores ecolóxicos. Estes foron incluídos na "**Rede Natura 2000**" como Lugares de Importancia Comunitaria (Lic) e declarados como Zona de Especial Protección dos Valores Naturais "Lic Es 1120011 Ría de Foz-Masma" e "Lic Es 1120013 Río Ouro". A Ría de Foz foi declarada recentemente **ZEPA** (ES0000373 Ría de Foz).

O litoral municipal en estado natural non incluído nalgunha das figuras de protección da natureza establecidas pola lei, constitúe un ecosistema complementario de grande riqueza ecolóxica, elevada calidade ambiental e interese paisaxístico. Así mesmo, o sistema hidrográfico e os humidais, singularmente as Brañas de Vilasindre, constitúen espazos de elevado interese ambiental.

A fronte litoral do municipio representa un lugar de grande importancia ambiental na Mariña, tanto pola singularidade dos seus ecosistemas e hábitats, como pola súa xeomorfoloxía e paisaxe, conformando unha cadea de espazos de grande valor ecolóxico que forman un extraordinario continuo de Bens Naturais e Paisaxísticos. O interese ecolóxico deste sector litoral é moi relevante, con presenza de diversos e ricos ecosistemas caracterizados pola súa elevada singularidade e notable diversidade biolóxica, hábitats de importancia comunitaria e especies endémicas do noroeste ibérico.

Ao longo dos seus 25 quilómetros de costa, Foz ten ademais praias expostas, en xeral, de area fina e branca, A Rapadoira, Llas, Peizás, Pampillosa, Arealonga, Polas, Xuncos, Areoura e Fondás, que presentan diferente grao de urbanización e ocupación. Entre estas esténdense ámbitos de grande naturalidade con treitos de costa rochosa e relativamente baixa, cons litorais e illotes, ben conservados.



PRAIA E PASEO LITORAL DE LLAS

O interese do espazo ben realizado polos seus valores arqueolóxicos e a súa singular conformación xeomorfolóxica, ambas de indubidables valores educativos, científicos e culturais.

No que respecta aos ríos e humidais, o sistema hidrográfico actúa de corredor natural para a fauna e flora silvestre, penetrando nos eidos e montes, e introducindo, así mesmo, a natureza nos asentamentos. Os ríos e regatos cumpren un papel importante na conservación dos recursos hídricos e da biodiversidade e, asociado a eles, existe un destacado patrimonio etnográfico e cultural, constituíndo, ademais, espazos de lecer fundamentais. As ripisilvas teñen unha esencial importancia ecolóxica xa que contribúen a mellorar a calidade das augas, evitando a erosión das ribeiras e fornecendo de alimento e acubillo a unha numerosa comunidade de organismos. Os humidais posúen excepcionais valores naturais polo seu papel no control hidrolóxico e no mantemento da diversidade biolóxica, sendo espazos de grande importancia e fragilidade.

En definitiva, os ecosistemas acuáticos son elementos chave na biodiversidade do territorio, tanto pola grande incidencia espacial como pola súa variada tipoloxía.

A pesar dos seus excepcionais valores ambientais e paisaxísticos, os espazos de interese ambiental de Foz teñen sufrido severas modificacións nas últimas décadas por mor da execución de diferentes obras. Así, modificáronse as dinámicas mariñas e os ecosistemas en diferentes puntos do litoral, sendo moi significativas as alteracións nas rías de Foz e Fazouro. No ano 1960 acabouse de construír na ría de Foz un dique que uniu o porto co faro, iniciando a acumulación de areas na Praia da Rapadoira, na marxe esquerda da ría. A construción de dous diques máis incrementou o tamaño desta praia e

eliminou, case que por completo, a frecha areosa do Altar, ao desviar o caudal do río cara a beira oposta. Precisouse da edificación, en 1987, doutro dique na marxe dereita para conseguir, en poucos meses, unha situación semellante á inicial en canto ás condicións hidrodinámicas, mais non no relativo á composición e redistribución do sedimento na zona exterior da ría e, en consecuencia, das súas condicións ambientais características.

O Esteiro de Fazouro tense visto, así mesmo, notablemente alterado por diversas obras que supuxeron a desaparición de grande parte das áreas intermareais e a barra areosa da desembocadura, así como a modificación da natureza do sedimento e da composición da súa singular macrofauna.



PRAIA DA PAMPILLOSA. FAZOURO

A elevada accesibilidade e alta presión antrópica na beiramar orixinou o deterioro dos espazos máis fráxiles (dunas, traspraías e humidais). A intensa colonización por especies vexetais alóctonas das traspraías, dunas e cantís é un factor que continúa a degradar e empobrecer os seus valores e naturalidade (son moi notables as extensións cubertas polas plantas de orixe sudafricana *Carpobrotus spp.*, introducidas como ornamentais), xa que estas compiten coa flora autóctona chegando a substituír completamente ás comunidades propias destes ambientes. A artificialización do espazo litoral implica unha importante perda de biodiversidade, afectando á conservación dun bo número de especies endémicas e ameazadas. Hoxe en día, a ordenación dos usos turísticos e recreativos está a diminuír e reorientar a situación, mais cómpre que sexan, así mesmo, restauradas as áreas degradadas.

Nos ríos e humidais, espazos tamén dunha grande fraxilidade ambiental, a degradación está a ser moi patente, singularmente nestes últimos que están a ser sistematicamente drenados ou sepultados e ocupados por construcións (humidal da Lagoa, xunqueiras e prados húmidos no rego da Baesta, no río Centiño, etc). Nos ríos amais da contaminación de orixe urbana derivada da insuficiente depuración, constátanse os prexudiciais efectos dunha máis que notable contaminación difusa orixinada por determinadas prácticas agrícolas (nunha área de especial risco), e unha intensa colonización, nos treitos inferiores, por plantas alóctonas.

2.2.8. Espazos naturais protexidos

Ría de Foz-Masma.

Figuras de Protección:

- LIC Es 1120011 Ría de Foz-Masma.
- Zona de Especial Protección dos Valores Naturais “Es 1120011 Ría de Foz-Masma”.
- ZEPA ES0000373 Ría de Foz.

O Lugar de Importancia Comunitaria (LIC) Es 1120011 Ría de Foz-Masma, pertencente á Rexión Bioclimática Atlántica (compartido cos municipios de Barreiros, Lourenzá e Mondoñedo), conta cunha superficie de 575,17 ha.

Os valores ambientais da Ría de Foz-Masma que motivaron a súa declaración como LIC son a presenza dunha zona intermareal destacable polas comunidades de vexetación anual pioneira con *Salicornia* e outras especies de zonas lamacentas ou areosas que non están cubertas de auga cando hai marea baixa de gran interese, barra areosa con formacións dunares, mariñas con xunqueiras e áreas de carrizais, e flora singular coa planta endémica *Cochlearia aestuarica*. A Ría de Foz presenta interese para a invernada de aves acuáticas, en especial anátidas. As augas do Río Masma contan cunha pequena poboación de salmón atlántico.

O esteiro acolle un gran número de especies de aves acuáticas e mariñas, principalmente durante o inverno. Destacan polo seu gran número anátidas e limícolas. Entre as primeiras é o lavanco real (*Anas platyrhynchos*) o que suma un maior número de individuos, máis de 200, seguido do pato asubión (*Anas penelope*), que chega a concentrar unhas cantas decenas. Outras especies presentes regularmente na zona son a avefría (*Vanellus vanellus*), o pirló (*Calidris spp*), o mazarico rabipinto (*Limosa lapponica*), o mazarico curlí (*Numenius arquata*), a gaivota (*Larus spp*), o corvo mariño (*Phalacrocorax spp*) e a rapina arpella (*Circus aeruginosus*). Ademais, é probable que nidifiquen especies moi escasas en Galicia como é o caso da garza pequena (*Ixobrychus minutus*).

No inverno non é raro observar especies de aparición esporádica no litoral coma o cullereiro (*Platalea leucorodia*), especie de interese especial en Galicia pola súa excepcionalidade, ou o ganso de cabeza negra (*Branta bernicla*). As aves son numerosas e empregan os arboredos existentes na beira do río Masma como lugar de aninamento, salientando o picapeixe (*Alcedo atthis*) e o merlo rieiro (*Cinclus cinclus*). Entre os mamíferos cómpre salientar a lontra (*Lutra lutra*). Tamén existe unha poboación

importante de peixes entre os salienta, pola súa importancia, a lamprea de mar (*Petromyzon marinus*) e o salmón do Atlántico (*Salmo salar*).

A vexetación está dominada por xuncais de *Juncus maritimus*, pasteiros de *Spartina marítima* e de *Puccinella marítima*, zonas con vexetación pioneira de *Salicornia ramosissima* e mato halófilo de *Sarcocornia perennis*. Nas beiras e outras zonas con presenza de auga doce existen carrizais de *Phragmites australis* e xuncais de *Scirpus maritimus*. O río Masma conserva nas súas beiras un bosque de ribeira de amieiros (*Alnus glutinosa*) e salgueiros (*Salix atrocinerea*), dándolle refuxio a un gran número de especies vexetais e animais.

Os hábitats naturais de interese comunitario que motivaron a súa inclusión como LIC son os que seguen:

- Esteiros.
- Pasteiros salinos atlánticos (*Glauco-Puccinellietalia maritimae*).
- Mato halófilo mediterráneo e termoatlántico (*Sarcocornetea fruticosi*).
- Dunas móbiles embrionarias.
- Lagoas eutróficas naturais con vexetación *Magnopotamion* ou *Hydrocharition*.
- Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior*, (*Alno-Padion*, *Alnion incanae* e *Salicion albae*).

Especies de Flora e Fauna:

Plantas

Sphagnum pylaisii *

*Woodwardia radicans**

Aves

*Ixobrychus minutus**

*Egretta garzetta**

Ardea cinerea

*Y Platalea leucorodia**

Anas penelope

Anas crecca

Anas platyrhynchos

Anas platyrhynchos

*Circus aeruginosus**

*Pandion haliaetus**

*Falco peregrinus**

Haematopus ostralegus
Charadrius hiaticula
Pluvialis squatarola
Vanellus vanellus
Calidris alpina
*Philomachus pugnax**
*Limosa lapponica**
Numenius arquata
*Sterna sandvicensis**
*Sterna hirundo**
*Chlidonias niger**
*Alcedo atthis**
Phalacrocorax carbo sinensis

Anfibios e Réptiles

*Chioglossa lusitanica**
*Discoglossus galganoi**
*Lacerta monticola**

Peixes

*Petromyzon marinus**
*Salmo salar**

Invertebrados

*Elona quimperiana**
*Lucanus cervus**

*Anexo II da Directiva 92/43/CEE

Río Ouro.

Figuras de Protección:

- LIC Es 1120013 Río Ouro
- Zona de Especial Protección dos Valores Naturais “Lic Es 1120013 Río Ouro”

Este espazo pertencente á Rexión Bioclimática Atlántica (compartido cos municipios de Alfoz e O Valadouro), conta cunha superficie de 72,16 ha, e está conformado polo Río Ouro e o seu esteiro en Fazouro.

O río Ouro é un curso fluvial con vexetación ripícola ben conservada que conta con reducidas poboacións, aínda que de grande valor ecolóxico, de salmón do Atlántico (*Salmo salar*) e de lamprea (*Petromyzon marinus*), e con outra ben representada de boga de río (*Chondrostoma polylepys*).



ESTEIRO DO RÍO OURO. FAZOURO

As ripisilvas acollen unha fauna rica e diversa, especialmente no que respecta a anfibios e aves. Entre estas últimas, ademais das tipicamente ribeiregas como o merlo rieiro

(*Cinclus cinclus*), danse cita numerosos frinxíldos como os paporrubios (*Erithacus rubecula*), pimpíns (*Fringilla coelebs*) ou verdadeirois (*Carduelis chloris*), varias especies de papuxas (*Sylvia spp.*) e gran número de aves de pequeno e mediano tamaño que atopan nestes bosques ribeiregos un lugar axeitado para nidificar e alimentarse. Outras especies de interese son a lontra (*Lutra lutra*), o gabián (*Accipiter nisus*), o ferreiriño subeliño (*Aegithalos caudatus*) e o ouriolo (*Oriolus oriolus*).

Os hábitats naturais de interese comunitario que motivaron a súa inclusión como LIC son os que seguen:

- Pasteiros salinos atlánticos (*Glauco-Puccinellietalia maritimae*).
- Mato halófilo mediterráneo e termoatlántico (*Sarcocornetea fruticosi*).
- Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior*, (*Alno-Padion*, *Alnion incanae* e *Salicion albae*).

Especies de Flora e Fauna:

Plantas

*Sphagnum pylaisii**

Mamíferos

*Galemys pyrenaicus**

*Rhinolophus hipposideros**

*Rhinolophus ferrumequinum**

Myotis myotis *

*Lutra lutra**

Aves

Ardea cinerea

Anas platyrhynchos

Accipiter gentilis

Accipiter nisus

Falco subbuteo

*Caprimulgus europaeus**

*Alcedo atthis**

*Sylvia undata**

Aegithalos caudatus

Oriolus oriolus

Anfibios e Réptiles

*Discoglossus galganoi**

*Lacerta schreiberi**

Peixes

*Petromyzon marinus**

*Salmo salar**

*Chondrostoma polylepis**

Invertebrados

*Margaritifera margaritifera**

*Lucanus cervus**

*Anexo II da Directiva 92/43/CEE

Montes de Buio e Cabaleiro.

Espazo natural catalogado 61 no Plan Hidrológico Galicia Costa, os Montes de Buio e Cabaleiro teñen, xunto cos ríos Masma e Ouro, singular relevancia ambiental pola súa función de conexión ecolóxica entre os Espazos naturais protexidos das Serras Setentrionais Galegas (LIC Es 1120015 Serra do Xistral) e os diferentes ecosistemas do litoral cantábrico.

2.3. ANÁLISE PAISAXÍSTICA. DELIMITACIÓN DAS CONCAS E ÁREAS DE INTERESE PAISAXÍSTICO

Na actualidade os estudos do medio contemplan a análise da paisaxe, xa que esta debe intervir na ordenación do territorio como un valor comparable ao resto dos recursos. Isto esixe que sexa considerada en toda a súa amplitude, valorando a súa fragilidade e, moi especialmente, a súa vinculación co potencial turístico recreativo dos recursos ambientais e culturais máis destacados do municipio.

As paisaxes insírense no contexto rexional do Arco Cantábrico (macrocoros). A continuación realízase a valoración da fragilidade das paisaxes atendendo aos aspectos relativos á súa calidade visual (paisaxe intrínseca), visibilidade e accesibilidade (potencial de vistas e incidencia visual).

Paisaxe intrínseca.

A valoración da calidade dunha paisaxe é unha actividade enormemente subxectiva ata o punto de que si se demandara a unha serie de persoas que adxudicase un valor, dentro dunha escala determinada, a unha serie de paisaxes, sería moi difícil evitar que as súas respostas fosen diverxentes dunha forma moi considerable. Por esta razón, puxéronse a punto unha grande variedade de metodoloxías que intentan evitar esta subxectividade, si ben, esta proliferación de metodoloxías é o mellor indicador de que non existe unha única capaz de satisfacer a todos os usuarios, senón que existirán unhas que serán máis adecuadas que outras para unhas determinadas circunstancias. Neste estudo optouse por un método pertencente á categoría dos métodos indirectos que avalían a calidade visual a partir das compoñentes da paisaxe, xa que van ser estes os que permitan minimizar a valoración subxectiva.

A elección das compoñentes a utilizar tamén introduce unha serie de problemas, mais existen unha serie delas que son aceptadas universalmente como válidas para este tipo de traballos de planeamento e, no presente traballo, soamente se van utilizar este tipo de compoñentes, polo que a obxectividade parece asegurada. Defínense así unha serie de unidades ambientais (ecotopos), posteriormente agregadas para deslindar unidades paisaxísticas (microcoros) axeitadas á escala de análise. Nestas lévase a cabo a valoración da súa singularidade e a diversidade e representatividade da súas compoñentes en relación coa paisaxe xeral do municipio, xa que estas características van contribuír de forma moi destacada a determinar a súa calidade ecolóxica.

A conformación do relevo considérase como un dos factores principais da avaliación escénica, existindo unha estreita relación entre as formas do territorio e a súa calidade

paisaxística. No contexto paisaxístico do Arco Cantábrico, Foz presenta unha paisaxe moi contrastada na que as serras sublitorais cantábricas constitúen o telón de fondo. A súa proximidade á costa e relativamente altas cotas confírenlle grandiosidade, valor este que adoita ser dos máis definitorios para sinalar a calidade dunha paisaxe.

O ámbito que presenta a maior calidade visual correspóndese co sector costeiro do municipio, onde as paisaxes son máis sobresaíntes pola súa singularidade e variedade, así como polo interese ecolóxico das súas comunidades vexetais e animais. A beiramar focense constitúe un ambiente con grandes valores naturais e singular importancia para a conservación da biodiversidade. Así, a beiramar do municipio pode considerarse, no seu conxunto, unha Área de Interese Paisaxístico que está caracterizada pola súa alta diversidade e elevada fragilidade. Esta diversidade está sustentada por unha fronte litoral heteroxénea e con notables singularidades xeomorfolóxicas, nunha destacada sucesión de fitos costeiros configuradores de diferentes paisaxes, mais tamén está motivada polo seu diferente grao de ocupación, oferta de uso e urbanización. Nestas unidades ambientais da beiramar as calidades visuais son extraordinarias, tanto no que se refire ás súas características intrínsecas, relacionadas coa presenza da auga, cos seus complexos ecosistemas e peculiaridades xeomorfolóxicas, coa singularidade, variedade e interese ecolóxico das súas comunidades vexetais e animais, co seu estado de conservación, etc, como por constituír o fondo escénico, aberto e luminoso, das paisaxes.

Os ecosistemas da Ría de Foz-Masma e do Río Ouro, constitúen unha serie de ecosistemas de enorme interese, tanto dende o punto de vista científico coma lúdico, condicións que motivaron a súa declaración como espazos naturais protexidos.

A calidade visual intrínseca das áreas ocupadas por bosques aluviais e ripisilvas, así como por formacións vexetais características dos humidais perifluviais e prados, é tamén moi elevada. Nestes arboredos aluviais que estruturan a paisaxe, cómpre engadir o seu elevado interese ecolóxico, a súa contribución ao mantemento da biodiversidade, e subliñar que constitúen, practicamente, a única representación das formacións arbóreas autóctonas do territorio. Os contornos fluviais emprazados nuns ámbitos de elevada potencialidade turística e de lecer, conforman pola súa naturalidade, unhas notables e frondosas paisaxes de importancia local.

As paisaxes rurais ben conservadas, caracterizadas pola súa harmoniosa integración no medio e notables valores patrimoniais, son, así mesmo, paisaxes con elevada calidade e valiosas.

Potencial de vistas e incidencia visual.

A intervisibilidade valora a existencia de panorámicas amplas no horizonte visual de cada punto do territorio. Canto máis ampla sexa a súa conca visual, maior será a amplitude das súas visións escénicas.

A singular conformación do relevo da Rasa péchase contra ao interior coa inmediata presenza das serras, determinando unha elevada visibilidade global do territorio costeiro. As panorámicas dos esteiros e da beiramar, das masas arboradas autóctonas e das zonas do territorio con singulares valores histórico-culturais incrementan a calidade visual das paisaxes.

No termo existen diversos puntos panorámicos (Mirador do Pico da Lebre, Pico da Frouxeira, etc), así como itinerarios paisaxísticos dende os que é posible abranguer amplos sectores da beiramar, da Rasa ou do Valadouro. Nas diferentes rutas establecidas pola administración municipal coexisten as propiedades realzadoras da paisaxe derivadas da profundidade da observación e da posición prominente respecto ao escenario paisaxístico, favorecedoras da existencia de situacións que permiten unha visión panorámica lo litoral e do territorio focense. Por outra parte, as rutas turísticas do litoral inciden no contorno das grandes praias e na Vila de Foz.

En relación coas condicións de intervisibilidade do territorio e a accesibilidade á observación non se debe esquecer a penetración das principais infraestruturas de comunicación da Mariña pola fronte costeira que posibilitan a contemplación de diferentes secuencias e escenarios paisaxísticos, así como as concorridas Praias e os numerosos asentamentos do litoral.

As cuncas visuais percibidas dende os diferentes sectores do litoral municipal, nos que ben se producen as maiores densidades de poboación ou ben presentan un notable uso turístico na época estival, teñen unha grande relevancia na análise paisaxística. Estas adoitan ser frecuentemente pechadas cara ao interior pola grande compartimentación do territorio, mais permiten ter sempre o escenario forestal de fondo, a miúdo moi próximo, fundamentalmente nas zonas nas que a transición cara os montes é brusca, e, pola contra, ábrese ao mar, xeralmente cun amplo dominio visual. Nas enseadas, por mor da irregularidade costeira, a intervisibilidade nos distintos sectores da costa é moi destacada. Os asentamentos emprazados na franxa costeira do municipio son, xa que logo, visualmente privilexiados, abranguendo distintas perspectivas litorais, cos fitos paisaxísticos como fondos escénicos. O dominio visual que sobre a Rasa e o litoral cantábrico teñen os asentamentos tradicionais emprazados nas encostas, Lousada, Carpacide, Cabanas, A Ribela, etc., convérteos en auténticos miradores.

No municipio pódense individualizar diferentes conchas paisaxísticas que presentan unha desigual fragilidade, entendida esta como o grao de deterioro que a paisaxe experimentaría ante a incidencia de determinadas actuacións. Así, á elevada fragilidade das paisaxes na beiramar e na cornixa litoral, oponse a maior robusteza das paisaxes dos vales e mailas suaves valgadas e planaltos do interior. Os relevos esgrevios dos montes da Frouxeira, Cangas e Cordido presentan, así mesmo, notable fragilidade en función da superior accesibilidade visual e dos seus valores patrimoniais. Nos montes da Frouxeira, singular fito paisaxístico e referente da historia comarcal (no Pico da Frouxeira se conservan as pegadas da fortaleza do Mariscal Pardo de Cela), inseridos nas principais rutas turísticas e de lecer da Mariña lucense (Ruta Pardo de Cela, Ruta do Interior) e, dominados visualmente dende a estrada LU-152 na súa penetración dende Foz no Valadouro, así como dende Santa Cilia, o potencial de vistas e a incidencia visual son moi relevantes.

A partir da análise paisaxística pódese concluír que nalgunhas áreas o territorio presenta unhas paisaxes de notable calidade, a pesar da grande influencia que ten no medio e, en definitiva, nas paisaxes, o forte desenvolvemento periurbano, xa que estas se atopan moi condicionadas polo seu impacto e dinámica.

A continuación relaciónanse os ámbitos que presentan notables valores paisaxísticos:

Paraxes costeiras de interese paisaxístico.-

- Ría de Foz
- Ría de Fazouro
- Treito litoral entre a Punta dos Castelos e a Praia de Sorribos
- Treito litoral entre a Punta de Fazouro e a Punta do Mógaro
- Treito litoral entre as Puntas Riomar e Camposa

Zonas forestais e esgrevias.-

- Montes de Cangas e Cordido
- Montes e Pico da Frouxeira

As accións ou intervencións que poden orixinar afeccións aos seus valores paisaxísticos relaciónanse a continuación:

- Alteracións da drenaxe e do sistema hídrico.
- A formación de pantallas de edificación que imposibiliten a contemplación da paisaxe.
- Actividades extractoras a ceo aberto.
- Modificacións da topografía e movementos de terras precisas para o desenvolvemento de infraestruturas, abancalamentos e maila edificación.

- Eliminación masiva da cuberta vexetal.
- Acendemento de lume.
- Cambios dos usos do solo.
- Suburbanización. Edificación espontánea e urbanización desordenada do territorio.
- Instalación de carteis de propaganda e de infraestruturas de servizos técnicos.

2.4. CONDICIONANTES SOCIOECONÓMICOS

2.4.1. A dinámica demográfica comarcal e rexional

Desde o punto de vista demográfico e ao longo do pasado século Galicia presentou ritmos de crecemento notablemente inferiores aos mantidos polo conxunto da poboación española, incluíndo décadas de perdas netas de poboación como as dos anos 50, 60, ou 80. Se entre 1900 e 2001 España incrementou a súa poboación nun 119%, Galicia só conseguiu un crecemento do 36%.

Na década 91-01, mentres a poboación española crecía un 5,06% a poboación galega perdeu 35.789 habitantes, o 1,5% dos seus efectivos.

A poboación de dereito galega foi perdendo peso no conxunto demográfico español, representando ao 10,6% da poboación española no 1900, descende ao 7,3% en 1981 e xa non pasa do 6,6% no ano 2001.

Dentro de Galicia produciuse un comportamento provincial diferenciado, configurando dúas áreas con evolución demográfica diverxente. A área costeira atlántica coas provincias da Coruña e Pontevedra, cunha constante progresión demográfica que permite atenuar a regresión do conxunto galego, e a área interior coas provincias de Lugo e Ourense que inician o seu despoboamento nos anos 40-50 como consecuencia do fenómeno migratorio e continúan nunha crise demográfica estrutural que, por vía do envellecemento, impide xa a reposición de efectivos. A regresión demográfica das provincias orientais provocou que Ourense e Lugo presenten na actualidade unha poboación que a penas alcanza ao 84% e ao 77%, respectivamente, da que tiñan en 1900.

As provincias da Coruña e Pontevedra, pola súa banda, caracterizáronse por unha evolución sostida de sinal positivo que lles levou a aumentar de forma continuada a súa participación na poboación galega. É así como a provincia da Coruña que en 1900 censaba o 33% da poboación galega, concentraba en 1981 o 39,3%, en 1991 o 40,4% e no ano 2001 o 40,7%, sobre a poboación de dereito. Pola súa parte, Pontevedra, partindo en 1900 dun 23,1% da poboación galega, acadou o 31,7% en 1981, o 32,6% en 1991, e 33,5% no 2001 sobre a poboación de dereito.

**CADRO Nº 1: EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN DE FEITO. ÍNDICES DE CRECEMENTO.
GALICIA 1900-2001 (*)**

Áreas Xeográficas	1900	1950	1960	1970	1981	1991	2001
A CORUÑA	653.556	955.752	991.729	1.004.880	1.083.415	1.089.896	1.096.027
I.C.	100	146	152	154	168	167	168
LUGO	465.386	508.916	479.530	415.057	399.185	379.092	357.648
I.C.	100	109	103	89	86	81	77
OURENSE	404.311	457.903	451.474	413.733	411.339	347.538	338.446
I.C.	100	113	112	102	102	86	84
PONTEVEDRA	457.262	671.609	680.229	750.701	859.897	879.872	903.759
I.C.	100	147	149	164	188	192	198
GALICIA	1.980.517	2.604.200	2.607.962	2.583.674	2.753.836	2.696.398	2.695.880
I.C.	100	131	132	130	139	136	136
ESPAÑA	18.616.630	28.117.873	30.582.936	33.956.047	37.746.260	39.433.942	40.847.371
I.C.	100	151	164	182	203	212	219

(*) Poboación de dereito.

Fte.: INE. Censos de Poboación. Elaboración propia.

CADRO Nº 2: PARTICIPACIÓN PORCENTUAL DAS POBOACIÓNS PROVINCIAIS DE FEITO EN GALICIA E DE GALICIA EN ESPAÑA

	A CORUÑA GALICIA	LUGO GALICIA	OURENSE GALICIA	PONTEVEDRA GALICIA	GALICIA ESPAÑA
1900	33,0	23,5	20,4	23,1	10,6
1950	36,7	19,5	18,0	25,8	8,3
1960	38,1	18,4	17,4	26,1	8,5
1970	38,9	16,1	16,0	29,0	7,8
1975	38,9	15,0	15,3	30,8	7,5
1981	39,3	14,5	14,0	31,7	7,3
1986	39,6	14,3	14,3	31,7	7,4
1991	40,4	14,0	12,9	32,6	6,8
2001	40,7	13,3	12,6	33,5	6,6

Fte.: INE. IGE. Censo 2001.

Cuns índices de crecemento xa modestos, significativamente inferiores ao español, as dúas provincias costeiras atlánticas mantiveron na década dos 80 e 90 a súa tendencia histórica de concentración da poboación galega.

As previsións demográficas apuntan a unha consolidación desta tendencia no marco xeral dunha demografía rexional que dificilmente conseguirá manter a súa poboación actual.

As máis recentes proxeccións efectuadas polo Instituto Nacional de Estatística confirman, en calquera das súas hipóteses, unha perda neta de poboación nas provincias de Lugo e Ourense que, no horizonte do ano 2017, perderían entre 66.000 e 81.000 habitantes respecto a 2001 (entre o 9,5% e o 11,6% da súa poboación de 2001). As provincias occidentais oscilan entre a hipótese dun aumento de 18.000 habitantes (1,3% da súa poboación de 2001) e a dun relativo aumento de 52.211 habitantes (75,2% da súa poboación de 2001); manifestándose unha tendencia diferenciada entre as dúas provincias, pois mentres a provincia de Pontevedra mantén un saldo positivo en calquera das hipóteses, a provincia da Coruña perdería poboación, (na hipótese máis desfavorable) diminuíndo, no ano 2017, 5.290 efectivos, equivalentes ao 0,5% da poboación de 2001.

No futuro inmediato, a crise demográfica que arrastra Galicia aproxímase ao final dunha longa fase caracterizada pola transferencia de poboación das provincias interiores ás occidentais, sufrindo o conxunto rexional un esgotamento poboacional que impide a reposición de efectivos. No caso das provincias interiores, o desequilibrio apunta a unha quebra demográfica tal que a hipótese máis optimista cifra a súa poboación de 2026 en menos do 79% da do 91 e a máis baixa (fundamentada nas variables evolutivas actuais) non alcanza o 66%.

Nestas circunstancias a prognose demográfica apunta un escenario para 2017 no que o peso relativo das provincias atlánticas no conxunto de Galicia alcanzará xa o 76,63%, para situarse entre o 78% e o 83% no 2026.

A segunda característica definitoria da traxectoria demográfica galega do século XX foi a concentración espacial do crecemento fronte á dispersión do despoboamento. O incremento demográfico concentrouse nas áreas de influencia das sete cidades ou en municipios cun desenvolvemento singular da industria ou os servizos. Os sete grandes municipios galegos que absorbían o 9,9% da poboación de Galicia en 1900, no 2001 supoñían xa o 35,4% da mesma. Prodúcese así unha concentración do crecemento demográfico nas áreas de maior tamaño, acelerada a partir dos anos 50, e un despoboamento progresivo das áreas con menos poboación.

As provincias atlánticas mantiveron na década 91-01 unha tónica regular de crecemento demográfico, se ben coa debilidade propia dun proceso demográfico que no conxunto de Galicia saldouse coa perda neta de 35.719 habitantes.

En ambas provincias detéctase a persistencia dos procesos de concentración demográfica nos maiores núcleos e sobre todo en municipios que se sitúan de forma

absolutamente maioritaria no contorno do corredor litoral interurbano coñecido como Eixo Atlántico Litoral.

Este proceso de concentración relativa seguirá producíndose no futuro inmediato, se ben irase reducindo progresivamente o monto dos efectivos transferidos e aumentará o diferencial polo descenso da poboación nos espazos interiores.

Centrándonos na Mariña Lucense formada polas comarcas da Mariña Oriental, Central e Occidental, pódese observar o mesmo fenómeno a nivel provincial. Presentaba unha poboación de 74.763 habitantes de feito no ano 2001, unha densidade de 60,27 Hab/Km², un 166% da provincial, o que vén corresponder cun territorio levemente ocupado. As tres comarcas costeiras pasaron de ter en 1981 un peso relativo con respecto á poboación provincial dun 19,50%, ata supoñer o 20,90% no ano 2001.

A Comarca da Mariña Central, integrada polos municipios de Burela, Alfoz, O Valadouro, Mondoñedo, Lourenzá e o propio Foz, ten unha extensión superficial de 560,39 km² o que representa un 5,68% da extensión da provincia de Lugo, mentres a súa poboación representa o 8,44% da poboación provincial. Trátase dunha comarca debilmente poboada, e internamente non homoxénea, máis do 50% da poboación comarcal aséntase sobre os dous municipios costeiros, Burela e Foz, que tan só representan ao 20% da superficie, acadando densidades brutas de 176 habitantes/km² que máis que triplican a media comarcal.

A estrutura de asentamentos caracterízase pola presenza de cinco núcleos con características urbanas, Burela, Foz, Mondoñedo, Lourenzá e Ferreira, que abarcan case que ao 50% da poboación comarcal, repartíndose o resto entre 620 entidades rurais de poboación e 47 parroquias.

Dentro da Comarca da Mariña Central, Foz con 96,35 Hab/Km² é o segundo municipio con meirande densidade residencial, despois de Burela, e a súa poboación supón o 31,83% da comarcal sobre un ámbito que representa o 20,00% do total.

A evolución experimentada pola poboación comarcal desde 1981 e a súa relación coas comarcas inmediatas da Mariña Occidental e Oriental, permitíranos obter conclusións sobre a evolución nos últimos 25 anos e o seu peso na área xeográfica.

CADRO Nº 3: EVOLUCIÓN DEMOGRÁFICA DA MARIÑA CENTRAL NO SEU CONTEXTO TERRITORIAL

Concello	Poboación feito			Taxas crecemento			Poboación dereito		Taxas crecem. (%)
	1981	1991	2001	81-91	91-01	81-01	81-91	91-01	81-01
Foz	8.776	9.446	9.488	670	42	712	7,63	7,54	8,11
Alfoz	2.858	2.645	2.382	-213	-263	-476	-7,45	-18,00	-16,66
Lourenzá	3.266	3.100	2.776	-166	-324	-490	-5,08	-15,81	-15,00
Mondoñedo	6.988	5.774	5.007	-1.214	-767	-1.981	-17,37	-34,31	-28,35
O Valadouro	3.184	2.721	2.377	-463	-344	-807	-14,54	-29,66	-25,35
Burela	4.783	7.743	8.161	2.960	418	3.378	61,89	43,63	70,63
Mariña Central	29.855	31.429	30.191	1.574	-1.238	336	5,27	1,07	1,13
Viveiro	14.562	14.877	15.240	315	363	678	2,16	4,56	4,66
Cervo	4.819	5.386	4.936	567	-450	117	11,77	2,17	2,43
Ouro	2.508	1.936	1.445	-572	-491	-1.063	-22,81	-54,91	-42,38
O Vicedo	2.850	2.651	2.194	-199	-457	-656	-6,98	-24,75	-23,02
Xove	3.618	3.483	3.547	-135	64	-71	-3,73	-2,04	-1,96
Mariña Occidental	28.357	28.333	27.362	-24	-971	-995	-0,08	-3,51	-3,51
Ribadeo,.	9.068	8.761	9.035	-307	274	-33	-3,39	-0,38	-0,36
Barreiros	4.083	3.763	3.346	-320	-417	-737	-7,84	-19,59	-18,05
Trabada	2.277	1.910	1.591	-367	-319	-686	-16,12	-35,92	-30,13
A Pontenova	4.298	3.647	3.238	-651	-409	-1.060	-15,15	-29,06	-24,66
Mariña Oriental	19.726	18.081	17.210	-1.645	-871	-2.516	-8,34	-13,92	-12,75
Total 3 Comarcas	77.938	77.843	74.763	-95	-3.080	-3.175	-0,12	-4,08	-4,07
Total Provincia	399.185	384.365	357.648	-14.820	-26.717	-41.537	-3,71	-6,95	-10,41

Fte.: INE/IGE. Censos e Padróns de poboación. Elaboración propia.

Se analizamos as tendencias e dinámicas demográficas na súa perspectiva estatística, podemos observar que o peso demográfico da Mariña Central no seu contorno comarcal pasou de supoñer o 38,31% do ano 1981 (poboación de feito) a ser o 40,37% no 1991 e o 40,38% no ano 2001. Tomando como referencia a poboación de feito no ano 81, nos últimos 20 anos a poboación da comarca da Mariña Central medra nun 1,13% mentres nas comarcas da Mariña Occidental e Oriental diminúen nun 3,51 e 12,75% da súa poboación respectivamente.

A análise do cadro nº 3 permite concluír que entre o ano 1981 e o 2001 prodúcese un transvase de poboación dende os Municipios interiores aos costeiros, cun asentamento urbano histórico de importancia (Burela, Foz, Viveiro e Ribadeo) que pasan de concentrar o 47,7% da poboación no ano 1981 a concentrar o 56% no 2001. Este proceso de concentración nos núcleos principais faise máis evidente se analizamos a evolución do conxunto dos núcleos urbanos máis importantes: Burela, Viveiro-Covas, Ribadeo e Foz. Neste caso a poboación destes núcleos referida ao conxunto das tres comarcas pasa de supoñer un 24,68% no ano 1981 a ser un 36,53% no ano 2001.

Polo tanto, a traxectoria demográfica no contorno comarcal do termo municipal de Foz entre o ano 1981 e o ano 2001 caracterízase pola lenta concentración de poboación no espazo costeiro, e máis exactamente nos núcleos de poboación de meirande desenvolvemento histórico, coa única excepción do Celeiro e San Ciprián.

Esta tendencia, apoiada no eixe infraestrutural cantábrico apunta á configuración ao norte da provincia de Lugo dun espazo urbano discontinuo entre os ríos Eo e Landro, de semellante peso demográfico ao que se configura en torno á capital provincial.

2.4.2. A poboación municipal

Desde o punto de vista da distribución espacial da poboación e os asentamentos, o Municipio de Foz, cunha superficie de 100,30 Km² está dividido en nove parroquias, das que unha delas corresponde á Vila de Foz. A parroquia de Vilaronte ocupa o espazo interior da Ría de Foz, tres estrutúranse en torno ao río Ouro, unha na súa desembocadura (Fazouro) e outras dúas no interior: Santa Cilla e San Acisclo de Valadouro. Máis ao norte, as de Nois e Cangas ocupan os espazos litorais lindantes co termo municipal de Burela e, por último, Cordido e Mondoñedo (a máis extensa) sitúanse nos espazos máis interiores.

CADRO Nº 4: DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN MUNICIPAL DE DEREITO. EVOLUCIÓN RECENTE

	1991		2006	
	HABITANTES	%	HABITANTES	%
Cangas (San Pedro)	961	9,82	847	8,68
Cordido (San Xiao)	268	2,74	208	2,13
Fazouro (Santiago)	808	8,26	664	6,81
Foz (Santiago)	4.748	48,52	5.546	56,86
Mondoñedo (San Martiño)	777	7,94	668	6,85
Nois (San Xiao)	662	6,76	545	5,59
Santo Acisclo do Valadouro.	197	2,01	147	1,50
Santa Cilla do Valadouro.	457	4,67	348	3,57
Vilaronte (San Xoán)	886	9,28	781	8,01
Total Municipio	9.764	100,00	9.754	100,00

Fte.: INE. Censo de Poboación e Vivendas 1991. Concello de Foz. Padrón Municipal 2006. Elaboración propia.

O peso crecente do núcleo central de Foz reforza o seu papel municipal e comarcal, sendo esta a única parroquia que concentra máis poboación na actualidade que hai dez anos, pasando de supoñer o 48,52% do total municipal en 1991 a ser o 56,86% no 2005.

Segundo os datos recollidos no “Censo de Poboación y Vivendas” de 2001 existen 58 entidades de poboación no Municipio repartidos entre as nove parroquias.

Se analizamos as densidades parroquiais vemos que a Vila (Santiago de Foz) é con moito a máis densa, acadando os 1.687,23 hab/Km². Do resto das parroquias ningunha acada a media municipal, que é de 96,35 hab/Km², se exceptuamos a de San Xiao de Nois, que acada os 111,78 hab/Km² e que historicamente, foi xunto a Foz, a parroquia máis intensamente poboada do Municipio (sendo capital municipal no século XIX).

Se analizamos os últimos datos dispoñibles do Padrón Municipal do ano 2006 observamos que a poboación de Foz ten un comportamento semellante ao que se

produce de forma xeneralizada en Galicia e que se resume nun envellecemento progresivo da pirámide de poboación.

Non obstante, a poboación municipal de Foz segue presentando unha estrutura madura na que o peso maior de poboación acapárao a idade intermedia, e na que a poboación menor de 16 anos só acada un 10,72% do total. O peso do grupo de idades avanzadas, cun 22,45%, acada unha porcentaxe superior á media galega (12,90%).

CADRO Nº 5: COMPOSICIÓN DA POBOACIÓN DE FOZ POR RANGO DE IDADE E SEXO. 2006

	HOMES		MULLERES		TOTAL	
	Nº HAB	%	Nº HAB	%	Nº HAB	%
0-16 anos	536	11,27	509	10,18	1.045	10,72
16-64 anos	3.289	69,16	3.230	65,52	6.519	66,83
maior 64 anos	930	19,57	1.260	24,99	2.190	22,45
TOTAL	4.755	48,75	4.999	51,25	9.754	100,00

Fte.: IGE. Padrón municipal de habitantes 2006. Elaboración propia.

A actual relación entre sexos é de 95 homes por cada 100 mulleres o que fala do ausencia dun rexuvenecemento da poboación capaz de equilibrar a relación entre sexos. A pirámide de poboación é ancha na base e estreita na parte alta, sobre todo no sexo masculino, mantendo unha estrutura de poboación máis madura no sexo masculino.

Respecto ao nivel de instrución, e observando os datos comparativos do Municipio coa Comarca, coa área xeográfica e con Galicia, vemos que a porcentaxe de analfabetos e sen estudos se achega á media galega en 2001, por baixo das Comarcas da Mariña Lucense. É tamén destacable a porcentaxe con estudos de 3º grao (Universitarios) no que o Concello de Foz se eleva por riba dos índices comarcais, sen acadar o nivel medio de formación da Comunidade Autónoma.

CADRO Nº 6: NIVEL DE INSTRUCIÓN DA POBOACIÓN DE 16 OU MÁIS ANOS. 2001

	MUNICIPIO		COMARCA		ÁREA XEOGRÁFICA		GALICIA
	VA	%	VA	%	VA	%	%
ANALFABETOS	151	1,81	533	2,01	1.285	1,95	2,10
SEN ESTUDOS	3.710	44,45	12.794	48,42	31.950	48,61	42,90
1º GRAO	1.956	23,44	5.899	22,32	15.704	23,89	25,10
2º GRAO	1.785	20,79	5.016	18,99	13.050	19,86	19,20
3º GRAO	794	9,51	2.178	8,26	4.796	5,69	10,70
TOTAL	8.396	100,00	26.420	100,00	66.785	100,00	100,00

Fte.: Censo de Poboación e Vivendas 2001. Elaboración propia.

2.4.3. A vivenda

En 1981, os municipios da Comarca reunían 12.193 vivendas, das cales Foz absorbía o 30,46%. O conxunto destas vivendas supoñía o 8,31% do parque de vivendas da provincia e o 39,71% da área xeográfica da Mariña.

De 1991 a 2001, o conxunto das vivendas dos municipios da comarca experimentou un crecemento do 13,63%, superior ao provincial (10,48%).

Nesta última década o municipio de Foz, con 1.195 novas vivendas, consegue o terceiro maior crecemento porcentual do seu parque residencial, só por detrás dos veciños municipios de Barreiros e Burela e lixeiramente por riba de Ribadeo e Viveiro. Nestes cinco municipios concéntrase o 92,5% da nova edificación de vivendas.

CADRO Nº 7: EVOLUCIÓN DO PARQUE DE VIVENDAS NA MARIÑA LUCENSE. 1981-2001

	Vivendas			1981-1991		1991-2001	
	1981	1991	2001	VA	%	VA	%
Concello							
Foz	3.715	4.654	5.849	939	25,28	1195	25,67
Alfoz	1.091	1.170	909	79	7,24	-261	-22,30
Lourenzá	1.275	1.303	1.323	28	2,20	20	1,53
Mondoñedo	2.874	2.337	2.271	-537	-18,68	-66	-2,82
O Valadouro	1.153	1.209	1.043	56	4,85	-166	-5,34
Burela	2.085	3.106	4.263	1.021	48,97	1157	37,25
Mariña Central	12.193	13.779	15.058	1.586	13,00	1.879	13,63
Viveiro	5.972	6.884	8.193	912	15,27	1309	19,02
Cervo	2.027	2.051	2.183	24	1,18	132	6,44
Ouro	1.126	842	705	-284	-25,22	-137	-16,27
O Vicedo	1.100	1.104	1.299	4	0,36	195	17,66
Xove	1.374	1.366	1.288	-8	-0,58	-78	-5,71
Mariña Occidental	11.599	12.247	13.668	1.586	5,59	1.421	11,60
Ribadeo	3211	4079	4953	868	27,03	874	21,43
Barreiros	1633	2129	2797	496	30,37	668	31,38
Trabada	661	677	589	16	2,42	-88	-13,00
A Pontenova	1404	1640	1326	236	16,81	-314	-19,15
Mariña Oriental	6909	8.525	9.665	2.264	32,77	1.140	13,37
Total 3 Comarcas	30.701	34.551	38.991	3.850	12,54	4.440	12,85
Total Provincia	146.632	168.276	185.910	21.644	14,76	17.634	10,48

Fte.: INE. Censos de Poboación e Vivenda. Elaboración propia.

Analizando os datos da evolución segundo o seu destino, vemos que a porcentaxe de vivenda secundaria ou baleira se incrementou en Foz nun 40,60% entre os anos 1991 a 2001, supoñendo actualmente o 43,87% do seu parque inmobiliario, dez puntos por riba

da media do seu contorno comarcal (33,96%), só superado polo municipio de Barreiros (57,91), e moi por riba da media provincial (33,06).

CADRO Nº 8: EVOLUCIÓN DO PARQUE DE VIVENDAS NA MARIÑA LUCENSE 1991-2001

Concello	Principais		Secundarias ou baleiras		Total	
	1991	2001	1991	2001	1991	2001
Foz	2.829	3.283	1.825	2.566	4.654	5.849
Alfoz	794	810	376	99	1.170	909
Lourenzá	967	958	336	365	1.303	1.323
Mondoñedo	1.764	1.739	573	532	2.337	2.271
O Valadouro	875	834	334	209	1.209	1.043
Burela	2.103	2.687	1.003	1.576	3.106	4.263
Mariña Central	9.332	10.311	4.447	5.347	13.779	15.658
Viveiro	4.532	5.287	2.352	2.906	6.884	8.193
Cervo	1.495	1.584	556	599	2.051	2.183
Ouroi	695	619	147	86	842	705
O Vicedo	809	753	295	476	1.104	1.229
Xove	929	1.061	437	227	1.366	1.288
Mariña Occidental	8.460	9.304	3.787	4.294	12.247	13.598
Ribadeo	2.705	3.245	1.374	1.708	4.079	4.953
Barreiros	1.124	1.210	1.005	1.587	2.129	2.797
Trabada	546	498	131	91	677	589
A Pontenova	1.186	1.135	454	191	1.640	1.326
Mariña Oriental	5.561	6.088	2.964	3.577	8.525	9.665
Total 3 Comarcas	23.353	25.703	11.198	13.218	34.551	38.991
Total Provincia	152.740	124.439	15.536	61.471	168.276	185.910

Fte.: INE. Censos de Poboación e Vivenda. Elaboración propia.

Da análise anterior é de destacar a capacidade mostrada por Foz para atraer nova vivenda en porcentaxes significativas, vinculada ao desenvolvemento do sector servizos e turístico.

Centrándose na situación do municipio de Foz, no período que media entre 1997 e 2004 concedéronse licencias para un total de 1.620 novas vivendas das cales o 13,9% corresponde a vivendas unifamiliares, localizándose esta na súa meirande parte nas parroquias de Foz (23,1%) e San Martiño (24,9%).

A vivenda colectiva, que supón o 86,1% restante das novas vivendas, localízase exclusivamente na Vila de Foz.

CADRO Nº 9: LICENZAS CONCEDIDAS. 1997-2004

PARROQUIA	VIVENDA UNIFAMILIAR NOVA PLANTA		VIVENDA UNIFAMILIAR REHABILITACIÓN		COLECTIVA	
	VA	%	VA	%	VA	%
Cangas (San Pedro)	39	17,3	4	26,7	0	0
Cordido (San Xíao)	5	2,2	1	6,7	0	0
Fazouro (Santiago)	18	8,0	1	6,7	0	0
Foz (Santiago)	52	23,1	3	20,0	45	100
Mondoñedo (San Martiño)	56	24,9	0	0,0	0	0
Nois (San Xíao)	35	15,2	3	20,0	0	0
Valadouro (Santo Acisclo)	0	0,0	0	0,0	0	0
Valadouro. (Santa Cilla)	1	0,5	1	6,7	0	0
Vilaronte (San Xoán)	19	8,8	2	13,3	0	0
Total Municipio	225	100	15	100,1	45	100

Fte.: Concello de Foz. Licencias. Elaboración propia.

Entre xaneiro de 2005 e marzo de 2006 concédense licenzas para un total de 4.915 vivendas. Estes datos non dan idea dunha dinámica inmobiliaria estable e progresiva, senón que expresan que sobre unha regular actividade inmobiliaria (202 vivendas/ano) prodúcense picos de licenzas no ano 2000 (707 vivendas) ou non último período 2005-2006 e responden á premura da solicitude de permisos para edificar ante unha inminente suspensión de licenzas ligada á aprobación inicial do planeamento municipal o 26/06/2000 e en marzo de 2006, ou á entrada en vigor do Código Técnico de Edificación.

Das obras autorizadas, 100 (o 37,04%) corresponden ao núcleo urbano de Foz, que aglutina a totalidade das promocións de vivenda colectiva destes últimos 8 anos, equivalentes ao 89,72% do incremento total de vivendas neste período.

En canto ao número total de vivendas vemos que no ano 2001 segundo datos censuais era de 5.849 unidades, o que supón un incremento do 25,7% sobre as existentes no ano 1991 segundo a mesma fonte.

O crecemento subliñable da década analizada é lixeiramente máis alto se o comparamos co experimentado na década 1981-1991, se temos en conta os datos censuais para ese período o incremento é do 25,27%.

CADRO Nº 10: ANÁLISE RECENTE DO NÚMERO DE VIVENDAS POR PARROQUIAS

PARROQUIA	1981		1991		2001	
	VA	%	VA	%	VA	%
Cangas (San Pedro)	329	8,8	404	8,6	358	6,12
Cordido (San Xiao)	101	2,7	85	1,8	83	1,42
Fazouro (Santiago)	289	7,8	337	7,2	291	4,98
Foz (Santiago)	2.017	54,3	2.639	57,8	3.971	67,89
Mondoñedo (San Martiño)	271	7,3	313	6,7	305	5,21
Nois (San Xiao)	208	5,6	270	5,8	212	3,62
Valadouro (Santo Acisclo)	98	2,6	96	2,0	69	1,18
Valadouro. (Santa Cilla)	155	4,2	170	3,6	182	3,11
Vilaronte (San Xoán)	247	6,7	340	6,5	378	6,47
Total Municipio	3.715	100	4.654	100	5.849	100

Fte.: INE. Censo de Poboación e Vivendas. Elaboración propia

Observando a distribución parroquial de vivendas vemos que Foz gaña peso porcentual dun xeito continuado nas dúas últimas décadas, pasando de supoñer en 1981 o 54,29% do total municipal, a ser no ano 2001 o 67,89%. Do resto das parroquias tan só Santa Cilla e Vilaronte son capaces de ter un crecemento sostido no parque inmobiliario.

Se comparamos os datos de novas vivendas e os de poboación por parroquias vemos que o incremento de vivendas non ten causa no incremento poboacional. A xustificación a este proceso atopámola na renovación do parque edificado coa mellora das condicións das vivendas, e na proliferación daquelas que se destinan a segunda residencia vinculada ao disfrute estacional do bordo costeiro, especialmente no núcleo de Foz.

Para a análise das características da vivenda utilizaremos os datos censuais de 2001, que diferencian as vivendas principais das non principais.

CADRO Nº 11: NÚMERO DE VIVENDAS SEGUNDO O SEU DESTINO EN FOZ. 2001

	PRINCIPAIS	%	NON PRINCIPAIS	%	TOTAL	%
Cangas (San Pedro)	285	79,6	73	20,4	358	6,12
Cordido (San Xiao)	76	91,6	7	8,4	83	1,42
Fazouro (Santiago)	248	85,2	43	14,8	291	4,98
Foz (Santiago)	1.846	46,5	2.125	53,5	3.971	67,89
Mondoñedo (San Martiño)	222	72,8	83	17,2	305	5,21
Nois (San Xiao)	189	89,1	23	10,9	212	3,62
Valadouro (Santo Acisclo)	55	79,7	14	20,3	69	1,18
Valadouro. (Santa Cilla)	116	63,7	66	36,3	182	3,11
Vilaronte (San Xoán)	246	56,1	132	34,9	378	6,47
Total Municipio	3.283	65,1	2.566	43,9	5.849	100

Fte.: INE. Censo de Poboación e Vivenda 2001. Elaboración propia

Dentro das porcentaxes de vivenda non principal vemos que a media municipal é alta acadando un 43,9% do total de vivendas.

Por parroquias destacar a alta porcentaxe de Foz (53%) e, en menor medida, as de Santa Cilla e Vilaronte, estando por debaixo da media municipal o resto das parroquias. Constátase o carácter estacional que presenta o núcleo de Foz e a recente proliferación da segunda residencia en Vilaronte.

Analizando a evolución do número de vivendas segundo o seu destino na década 1991-2001 para a totalidade do Municipio, segundo os datos censuais observamos que o número total de vivendas increméntase un 25,68% en 10 anos. Este espectacular incremento do parque inmobiliario destínase en boa parte a 2ª residencia (un 62%), aumentando as principais un 16,05% e as non principais un 40,60%.

CADRO Nº 12: EVOLUCIÓN DE VIVENDAS SEGUNDO O SEU DESTINO EN FOZ. 2001

	1991		2001		INCREMENTO 1991-2001	
	VA	%	VA	%	VA	%
PRINCIPAIS	2.829	60,8	3.283	56,12	454	38
SECUNDARIAS OU DESOCUPADAS	1.825	39,2	2.566	43,88	741	62
TOTAL	4.654	100	5.849	100	1.195	100

Fte.: INE. Censos de Poboación e Vivenda 1991-2001. Elaboración propia

En resumo podemos concluír que o crecemento residencial de Foz -na década dos 90- foi suave cunha media de 120 viv/ano. Aínda que non foi acompañado dun crecemento demográfico si supuxo unha forte presión inmobiliaria sobre a Vila, único enclave no que se construíron nos últimos 8 anos promocións de máis de 2 vivendas, segundo se extrae dos datos de licencias municipais.

As razóns xa apuntadas de renovación do parque de vivendas e diminución do tamaño familiar non xustifican suficientemente ese incremento residencial, existindo factores de demanda estacional nunha boa parte das vivendas que se edifican estes últimos anos.

2.4.4. O tecido empresarial e o emprego

No aspecto económico, en Foz destaca o peso do sector terciario, onde exerce o 51,9% da poboación activa. Igualmente significativo é o peso das actividades terciarias nos municipios de Ribadeo, Viveiro e Burela, co 59,2; 55,0 e 53,2%, respectivamente.

No ano 2001 os municipios da comarca presentan comportamentos diferentes no que respecta á distribución da poboación activa por sectores, tendo esta en Mondoñedo, Lourenzá, Alfoz e O Valadouro un meirande peso no sector primario que en Foz e Burela, o que vai en detrimento do sector terciario. Con respecto á situación existente no ano 1991, apréciase un transvase de poboación activa do sector primario ao terciario, o que achega a comarca aos valores de terciarización da economía acadados a nivel provincial.

Así, os concellos de Foz e Burela configúranse como dous dos centros provedores de servizos da área xeográfica xunto con Viveiro e Ribadeo, moi por diante do resto dos municipios, sen desbotar o factor de terciarización que representa o sector turístico.

É de destacar a importancia do sector secundario, o 31,6% na Comarca e o 25,5% na área xeográfica da Mariña, 6,5 e 2 puntos por riba da media provincial, presentando pesos relativos maiores nos municipios de Lourenzá e Foz con 34,8% e 32,5% respectivamente.

Na taxa de actividade por sexo, destaca o atraso da correspondente ás mulleres en todos os municipios, agás Ribadeo, Valadouro e Burela, lixeiramente por riba da media provincial. A taxa de actividade feminina máis elevada dáse en Ribadeo, co 41,20% no 2001. A taxa total (emprego masculino e feminino) está por debaixo da media provincial, se exceptuamos os casos de Viveiro, Burela, Foz, Ribadeo e Cervo, lixeiramente por riba da media provincial.

CADRO Nº 13: TAXAS DE ACTIVIDADE NA MARIÑA LUCENSE 1991-2001

Concello	1991			2001		
	TOTAL	HOMES	MULLERES	TOTAL	HOMES	MULLERES
Foz	45,4	64,5	59,2	47,7	61,8	35,0
Alfoz	47,9	61,1	35,2	40,9	53,7	29,0
Lourenzá	50,9	62,5	39,6	45,9	55,4	36,9
Mondoñedo	46,1	59,5	34,5	44,2	53,1	36,5
O Valadouro	46,0	58,2	34,5	48,5	57,4	40,0
Burela	50,7	73,4	29,1	51,1	69,9	40,7
Mariña Central	46,7	61,9	32,7	48,4	60,9	36,8
Viveiro	47,6	65,7	29,8	47,8	62,1	34,6
Cervo	50,7	73,4	29,1	49,0	61,3	36,9
Ouroil	48,4	56,9	40,7	37,8	44,7	31,5
O Vicedo	47,0	65,3	29,6	41,4	50,8	32,4
Xove	51,6	67,3	36,4	46,1	56,2	36,3
Mariña Occidental	48,7	67,9	30,9	46,7	59,2	34,9
Ribadeo,.	48,3	62,9	35,6	49,8	59,8	41,2
A Pontenova	49,1	59,4	39,4	43,2	53,2	33,9
Mariña Oriental	48,6	61,2	37,3	47,5	57,2	38,7
Total Provincia	50,5	63,9	37,7	47,9	57,6	39,0

Fte.: IGE. Censos de Poboación. Elaboración propia.

Segundo o Censo de Poboación de 1991 a taxa de paro do municipio de Foz era do 10,80%, lixeiramente inferior á taxa provincial. Esta taxa mantense en 2001 para Foz, mentres na comarca diminúe ata o 8,5%, por debaixo da media provincial, que é do 10,7%.

Esta estabilidade da taxa de desemprego provén dunha meirande incorporación da muller ao mercado laboral, especialmente no sector servizos (440 novas altas), desprazándose o emprego feminino do sector primario ao terciario.

CADRO Nº 14: TAXAS DE DESEMPREGO NA MARIÑA LUCENSE. 1991-2001

Concello	1991			2001		
	TOTAL	HOMES	MULLERES	TOTAL	HOMES	MULLERES
Foz	10,8	8,3	16,3	10,8	7,3	16,5
Alfoz	5,5	6,6	3,6	10,0	8,8	12,1
Lourenzá	8,8	7,7	10,4	6,8	4,8	9,6
Mondoñedo	8,9	9,1	8,5	7,9	5,2	11,3
O Valadouro	8,8	7,9	10,1	5,3	5,3	5,5
Burela	9,1	6,3	15,7	7,3	5,6	10,0
Mariña Central	9,2	8,2	11,0	8,5	6,2	11,9
Viveiro	16,1	11,6	25,0	12,4	8,0	19,5
Cervo	9,1	6,3	15,7	12,0	8,1	18,5
Ouro	9,3	10,8	7,3	13,1	12,8	13,5
O Vicedo	10,0	9,9	10,3	12,3	7,5	19,6
Xove	9,1	6,3	14,1	8,4	5,8	12,3
Mariña Occidental	12,0	8,9	18,2	11,8	7,9	18,0
Ribadeo,.	10,5	8,6	13,5	11,2	6,5	17,1
Barreiros	8,3	7,9	9,0	9,4	6,6	13,0
Trabada	3,0	2,4	3,9	6,0	4,9	7,6
A Pontenova	4,1	4,8	3,2	4,7	4,4	5,1
Mariña Oriental	7,9	7,0	9,2	9,2	6,0	13,5
Total Provincia	11,4	10,9	12,3	10,7	9,0	13,1

Fte.: IGE. Censos de Poboación. Elaboración propia.

CADRO Nº 15: DISTRIBUCIÓN ESPACIAL DA POBOACIÓN OCUPADA. 1991-2001

Concello	PRIMARIO		SECUNDARIO		TERCIARIO	
	1991	2001	1991	2001	1991	2001
Foz	28,6	15,6	34,6	32,5	36,8	51,9
Alfoz	46,9	33,0	33,4	31,6	19,7	35,4
Lourenzá	47,8	27,9	26,6	34,8	25,7	37,3
Mondoñedo	41,5	23,6	27,7	31,9	30,8	44,5
O Valadouro	43,0	31,1	28,3	29,3	28,7	39,6
Burela	(1)	16,7	(1)	30,1	(1)	53,2
Mariña Central (2)	38,9	20,7	30,9	31,6	30,2	47,7
Viveiro	20,3	15,1	34,8	29,9	44,9	55,0
Cervo	25,6	12,8	36,3	41,9	38,1	45,3
Ouro	69,3	45,1	13,6	19,8	17,1	35,1
O Vicedo	50,5	35,3	26,7	26,6	22,8	38,1
Xove	42,1	22,9	34,8	30,7	23,1	46,4
Mariña Occidental	30,2	19,2	36,2	31,8	33,6	49,0
Ribadeo	32,0	16,1	25,6	24,7	42,4	59,2
Barreiros	49,8	28,5	23,6	25,8	26,6	45,8
Trabada	61,5	43,3	10,1	25,2	28,4	31,5
A Pontenova	45,9	26,6	25,4	27,8	28,7	45,6
Mariña Oriental	42,3	23,0	24,7	25,5	33,0	51,5
Total Provincia	43,3	23,2	20,7	23,6	36,0	53,2

Fte.: INE/IGE. Censos de Poboación. Elaboración propia.

(1) Antes da constitución de Burela como Concello.

(2) Sen incluír Burela.

No contexto comarcal da Mariña prodúcese unha xeneralizada perda de postos de traballo, se exceptuamos Foz, Ribadeo, Burela e Viveiro. Nestes catro municipios dáse un desprazamento moi acusado do emprego primario cara ao terciario, sen acadar as cotas de terciarización do conxunto provincial. Este sector ocupa actualmente a máis do 50% da poboación empregada, reforzando a centralidade destas catro capitais municipais exercida no seu contexto comarcal, e certifica a perda do peso histórico que tiña Mondoñedo.

No que atinxe á estrutura empresarial o estudo das principais empresas axúdanos a comprender tanto a estrutura tradicional da economía local coma as novas tendencias emerxentes. Para isto utilizamos a base de datos Ardán do ano 2004, que recolle información rexistral das principais empresas de Galicia, considerando as empresas cunha facturación superior a un millón e medio de euros. Aínda recoñecendo que dita base non ten calidades censuais, trátase da mellor fonte dispoñible para estudar a estrutura empresarial.

No ámbito estudado ata un total de 99 empresas facturan no ano 2001 máis 1,5 millóns de euros. Por riba destas destaca o polo industrial de San Cibrao (Xove), que coa súa factoría de ALCOA supón o maior foco de actividade económica e emprego das tres comarcas analizadas, pero que non figura na Base de datos Ardán por mor da localización da súa sede social.

Dos Concellos da Área, os que contan cunha estrutura económica máis desenvolvida son Viveiro e Burela, que concentran máis do 50% da actividade empresarial. Lonxe séguenlle Ribadeo e Foz. Por número de empregos segundo sectores de actividade, o comercio por xunto concentra o 25% do total, seguido da construción e a industria cun 20%.

Ten moita importancia a actividade relacionada coa pesca, tanto directamente como a que atinxe á comercialización por xunto dos produtos do mar e o seu transporte, industria conserveira, estaleiros e servizos relacionados coa xestión do tráfico dos portos de O Celeiro e Burela.

A relativamente feble estrutura empresarial de Foz, que xira en torno ao sector da construción, mantendo presenza a penas o sector industrial e o pesqueiro, o que permite concluír coa atomización do sector servizos, que ocupando a máis dun 50% de poboación empregada, a penas ten presenza entre as principais empresas do municipio.

3. DEFINIÇÃO DE OBXECTIVOS

3.1. OBXECTIVOS DE PROTECCIÓN AMBIENTAL FIXADOS NO ÁMBITO INTERNACIONAL, COMUNITARIO, ESTATAL E AUTONÓMICO

Un importante desenvolvemento lexislativo, sectorial e urbanístico, acompañou recentemente este obxectivo de protección do medio natural, ampliándose os conceptos de protección e salvagarda dos recursos ambientais do territorio. Así, promulgáronse distintas leis estatais e autonómicas orientadas por estes principios, Lei 9/2001 de Conservación da Natureza de Galicia, Lei 8/2001 de protección da calidade das augas das rías de Galicia, Lei 43/2003 de Montes, etc, e a propia Lei 9/2002, de 30 de Decembro, modificada pola Lei 15/2004, de 29 de Decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUPMRG).

Os documentos “Cara a unha Estratexia Galega para o Desenvolvemento Sostible en Galicia: Integración da Variable Ambiental nas Políticas Sectoriais” e “Estratexia Galega para a Conservación e o Desenvolvemento Sostible da Diversidade Biolóxica”, constitúen unha referencia obrigada, como marco autonómico a partir do que fixar os obxectivos de desenvolvemento sostible no territorio municipal.

Na redacción do presente informe tivéronse en consideración, ademais destas leis e documentos, a Lei 10/1995, de 23 de Novembro, de Ordenación do Territorio de Galicia, o Decreto 442/1990 de Avaliación do Impacto Ambiental na Comunidade Autónoma de Galicia, a Lei 6/2001 de 8 de Maio, e o Anexo I do R.D. 1131/1988. Así mesmo, a Directiva 92/43/CE de 21 de Maio, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, e a Directiva 2001/42/CE de 27 de Xuño, relativa á avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente, xunto coa súa norma de transposición, Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre a avaliación de determinados plans e programas no medio ambiente, orientan o mesmo.

A Directiva 2001/42/CE de 27 de Xuño, relativa á avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente, establece a Avaliación Ambiental Estratéxica (AAE) como a ferramenta axeitada para a avaliación medioambiental baixo o prisma da sostibilidade. A AAE é un instrumento preventivo utilizado na decisión sobre iniciativas de desenvolvemento con potenciais efectos sobre o medio ambiente, e por outro lado, é un procedemento que implica integrar o concepto de sostibilidade nas decisións sobre os modelos de desenvolvemento. En consecuencia, esta ten unha grande incidencia no proceso de avaliación, control e seguimento do desenvolvemento do planeamento urbanístico.

A Estratexia Galega para o Desenvolvemento Sostible en Galicia, establece así mesmo como liña de actuación prioritaria en relación coa Ordenación do Territorio, que “os instrumentos de planeamento urbanístico e territorial deben incorporar criterios de integración ambiental; en especial terán en conta a normativa sobre avaliación estratéxica ambiental”.

A Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente, introduce a obrigatoriedade da avaliación ambiental e establece, entre outras actuacións, a elaboración dun informe de sostibilidade ambiental.

Por último, as determinacións do Plan Xeral estarán a aquelas que debeñan da lexislación urbanística e sectorial de obrigada aplicación, tanto de carácter comunitario ou estatal como autonómico ou local, do mesmo xeito que recoñece a preeminencia duns ámbitos competenciais propios das respectivas administracións. Así, entre outras, cumpriranse as seguintes disposicións normativas e sectoriais:

a) Normativa comunitaria

- Directiva 75/442/CEE, relativa aos residuos.
- Directiva Aves 79/409/CEE.
- Directiva Avaliación do Impacto Ambiental 85/337/CEE, modificada pola 97/11/CEE.
- Directiva Hábitat 92/43/CEE.
- Directiva 96/61/CEE, relativa á Prevención e Control Integrados da Contaminación.
- Directiva Marco da Auga 2000/60/CE.
- Directiva 2001/42/CE de 27 de Xuño, relativa á avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.

b) Normativa estatal

- Lei 22/1988 de Costas.
- Lei 4/1989 sobre Conservación de Espazos naturais, fauna e flora silvestres.
- Real Decreto-Lei 9/2000, de 6 de outubro, de modificación do Real Decreto Lexislativo 1302/1986, de 28 de xuño de Avaliación de Impacto Ambiental.
- Lei 10/1998, de 21 de abril, básica de residuos.
- Lei 6/2001, de 8 de maio, de modificación del Real Decreto Lexislativo 1302/1986, de 28 de xuño, de Avaliación de Impacto Ambiental.
- Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas.
- Lei 16/2002, de Prevención e Control Integrados da Contaminación.
- Lei 8/2007, de 28 de maio, do Solo.

- Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.
- Lei 43/2003 de Montes, modificada pola Lei 10/2006.

c) Normativa autonómica

- Decreto 442/1990, de 13 de Setembro, de Avaliación de impacto Ambiental para Galicia.
- Decreto 327/1991 de Avaliación de Efectos Ambientais.
- Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de Protección Ambiental de Galicia.
- Lei 8/95 de Patrimonio Cultural de Galicia.
- Lei 10/1997, de 22 de agosto, de residuos sólidos urbanos de Galicia.
- Lei 8/2001 de protección da calidade das augas das rías de Galicia.
- Lei 9/2001 de Conservación da Natureza de Galicia.
- Lei 8/2002 de Protección do Ambiente Atmosférico de Galicia.
- Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004.
- Decreto 72/2004, do 2 de abril, polo que se declaran determinados Espazos como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais.
- Lei 5/2006, de 30 de xuño, para protección, conservación e mellora dos ríos galegos.
- Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.

3.2. OBXECTIVOS DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

A análise e diagnóstico realizado no apartado correspondente á síntese da información urbanística do Plan Xeral permiten formular os obxectivos e criterios de ordenación que sustentan a proposta.

Estes obxectivos son os seguintes:

- Dotar ao Municipio dun documento de ordenación integral.
- Fortalecer a estrutura urbana da Vila de Foz e do actual sistema de asentamentos municipais.
- O recoñecemento do actual sistema de asentamento de núcleos rurais.
- Consolidar a defensa, recuperación e posta en valor dos recursos medioambientais e o acondicionamento de ámbitos costeiros como base dunha estratexia de actuación municipal.
- Ampliar a base económica municipal.
- Mellorar os servizos públicos, as infraestruturas e dotacións e a urbanización.

3.2.1. Dotar ao Municipio dun documento de ordenación integral

Dotar ao Municipio dun documento de ordenación integral do seu territorio constitúe o primeiro dos obxectivos do Plan. A súa imperiosa necesidade vén determinada en primeiro lugar pola obsolescencia do marco regulador municipal que tras os vintecatro anos de vixencia móstrase incapaz de dar resposta axeitada aos retos que na actualidade vive o Municipio; en segundo lugar pola oportunidade de proxectar cara ao futuro o que deba ser o previsible desenvolvemento urbano dun municipio de tal relevancia.

A ordenación debe poñerse ao servizo da adecuada administración e valoración dos recursos que sustentan o papel do Municipio non só no seu contorno comarcal senón no conxunto rexional, nun proxecto equilibrado que atenda ás especiais condicións ambientais e paisaxísticas do territorio, e que se atopan na base mesma do proxecto en tanto recurso diferencial.

As circunstancias actuais do municipio, a detección de novos problemas e temas de ordenación, as modificacións do marco xurídico do planeamento e da ordenación urbanística, supoñen a incorporación de enfoques no método de redacción do Plan; cunha maior atención á integración das infraestruturas, ao equilibrio entre a protección do medio natural e o desenvolvemento urbano, e un reforzo das funcións urbanas en tanto peza do eixe de desenvolvemento máis dinámico da provincia de Lugo.

3.2.2. Fortalecer a estrutura urbana da Vila de Foz e do actual sistema de asentamentos municipais

A significación que a Vila de Foz ten no eixe cantábrico da Provincia de Lugo esixe articular dende o planeamento municipal unha política de fortalecemento e diversificación da súa estrutura urbana. O control do novo crecemento sobre espazos infradotados, a calidade e cantidade do espazo público, a diversificación da regulación urbanística en atención ás diferentes tramas urbanas de orixe e á súa integración nun proxecto único, a relación co porto e a súa fronte litoral, son algúns dos aspectos a desenvolver nun momento no que o municipio e a Vila Foz en concreto experimentan un forte desenvolvemento inmobiliario ao abeiro da mellora das condicións da accesibilidade, non só co resto do país senón co conxunto da Cornixa Cantábrica.

Como criterio xeral trátase de canalizar este crecemento cara á mellora e reestruturación do tecido existente, que axuda a completar a forma urbana dende unha óptica urbanística e non só inmobiliaria.

Xunto a Vila, os núcleos de Nois, Fazouro, Cangas e Vilaronte, deben seguir articulando o resto do territorio, mellorando, no seu caso, a súa singular vinculación coa fronte costeira, a súa especialización e propoñendo a delimitación de áreas de oportunidade que permita un desenvolvemento planificado tendente á formación dunha estrutura territorial máis complexa e rica.

3.2.3. O recoñecemento do actual sistema de asentamentos de núcleos

Segundo se indica na exposición de motivos da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, a utilización do solo rústico non pode efectuarse en contradición coas súas tendencias xenéricas e, en consecuencia, deben concentrarse os usos económicos e residenciais alí onde se viñeron producindo, é dicir, nos núcleos de poboación existente e baixo parámetros edificatorios que manteñen a súa entidade histórica. Formulado o obxectivo de fortalecemento da estrutura dos feitos urbanos cómpre que o planeamento recoñeza o actual sistema de asentamentos de núcleos rurais, propoñendo a delimitación dos seus ámbitos, ámbitos que o deben ser para a inversión e a mellora dos servizos, dentro das súas peculiares características morfolóxicas e da tipoloxía edificatoria, cunha aposta clara pola rehabilitación do seu parque edificado e o desenvolvemento harmónico.

3.2.4. Consolidar a defensa, recuperación e posta en valor dos recursos medioambientais e o acondicionamento de ámbitos costeiros como base dunha estratexia de actuación municipal

O medio ambiente natural e a súa preservación constitúe un obxectivo do Plan máis aló do recoñecemento da existencia de espazos naturais incorporados á Rede Natura 2000. A Rasa costeira, o sistema hídrico e o monte constitúen elementos de ordenación nun territorio fortemente xerarquizado, e que necesariamente deben ser preservados da súa ocupación indiscriminada.

A protección do medio natural e a defensa dun equilibrio razoable entre o desenvolvemento urbanístico e a preservación das calidades do medio ambiente no territorio convértese, cultural e socialmente, nun obxectivo xeral amplamente compartido polas administracións e a opinión pública, situándose na base mesma da vixente Lei de Ordenación Urbanística e de Protección do Medio Rural de Galicia.

Neste sentido, o modelo de ordenación territorial, na súa compoñente medioambiental establécese cos seguintes criterios:

- A preservación do medio natural debe fundamentarse nunhas determinacións de ordenación baseada no tratamento positivo do solo que se preserva da urbanización, de xeito que a calidade medioambiental constitúa unha compoñente de base económica do municipio, valorando e potenciando ao máximo as áreas de calidade ambiental como atractivo do territorio.
- O tratamento do solo rústico deberá de ser sensible á necesidade de garantir a continuidade dos valores do territorio especificamente vinculados á conservación, mellora e protección das potencialidades produtivas relacionadas cos usos tradicionais; á protección de elementos de carácter paisaxística, ecolóxica, biolóxica e xeomorfolóxica; e ao establecemento de medidas abertas á recuperación temática dos espazos naturais mediante accións sectoriais, establecendo as determinacións zonais de protección conforme á vixente lexislación urbanística.

3.2.5. Ampliar a actual base económica municipal

Ligado ao desenvolvemento das novas accesibilidades comarcais e rexionais, Foz debe aspirar a consolidar como obxectivo estratéxico a ampliación da súa actual base económica municipal, e isto aproveitando as potencialidades que representan a existencia dunha Vila ben estruturada, unha relación de accesibilidade, tanto viaria coma ferroviaria, en desenvolvemento e expansión, unha fronte costeira de monte e val de primeiro orde dende o punto de vista medioambiental e paisaxístico, un desenvolvemento de solo empresarial cun rango comarcal a través da execución do Plan Sectorial de Áreas Empresariais de Galicia, e, por último, un porto capaz de acoller novas actividades, tanto produtivas coma de ocio e recreo.

O desenvolvemento das actividades industriais, xunto coa ocupación na construción e, sobre todo, no desenvolvemento dos servizos, permitiron a redistribución da poboación ocupada comarcal entre os distintos sectores de actividade a partir da caída da ocupación agraria.

Esta importante transformación da base económica da actividade da poboación senta as bases dunha diversificación que aínda seguirá evolucionando. O espazo de desenvolvemento que queda á industria de transformación agroforestal e pesqueira e ao's servizos, entre eles non só os de carácter estacional vincúlaos ao uso dos recursos costeiros senón aos de novo tipo, constitúen as oportunidades de desenvolvemento que en calquera caso debe partir sempre do principio de conservación ecolóxico e respecto ao medio ambiente, porque esta é unha das características que deben diferenciar esta comarca, diversa nas súas paisaxes costeiras e interiores.

Nesta perspectiva, conxugar o disfrute do medio ambiente, coa actividade económica e implementar as actividades ligadas aos servizos constitúe non só un obxectivo do planeamento, senón tamén un reto colectivo.

3.2.6. Mellorar os servizos públicos, as infraestruturas e dotacións e a urbanización

Estando en marcha as actuacións infraestruturais estruturantes, o planeamento xeral debe orientar a súa acción nunha triple dirección:

- A modernización e complemento das infraestruturas e servizos urbanos, como factor básico á hora de construír un armazón sobre o que asentar a estratexia que se define para Foz, solucionando problemas de ausencia puntual de saneamento e poñendo en marcha medidas de racionalización dos recursos hídricos.
- A cualificación das dotacións públicas, potenciando aquelas que están ao servizo do proxecto e que impulsen funcións centrais urbanas, así como a resolución dos déficit en materia de zonas verdes e espazos libres públicos, propiciando igualmente a versatilidade e polifuncionalidade das instalacións dotacionais, analizadas dende a perspectiva da actual pirámide poboacional.
- A execución dunha política de recualificación da escena urbana, singularmente nas tramas históricas e na fronte costeira, pola vía da mellora e nova formalización do espazo público naqueles ámbitos consolidados na súa ordenación e, singularmente, naqueles que optaron polo sistema de estradas do municipio como único eixe de expansión.

3.3. OBXECTIVOS PARA A CORRECCIÓN DE EFECTOS SOBRE O MEDIO

De acordo co establecido na Lei 9/2006 sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente, o Informe de Sostibilidade Ambiental, identificará, describirá e avaliará os probables efectos significativos sobre o medio ambiente que poida derivarse da aplicación do Plan.

A continuación detállanse os obxectivos específicos para a corrección de ditos efectos sobre o medio, atendendo ás variables propostas polo Órgano Ambiental no Documento Marco de Referencia.

3.3.1. Consumo de Solo

Baixo os criterios de que a oferta potencial de usos se axustará ás condicións dos estudos da demanda; o fomento de estruturas densas, compactas e complexas; o favorecer a mobilidade sustentable; protexer os ámbitos de interese natural e patrimonial e salvagardar aqueles susceptibles de se ver afectados por riscos naturais e socioeconómicos, establécense os seguintes obxectivos específicos en relación ao consumo do solo:

a) A estratexia de ordenación do núcleo urbano da Vila de Foz pasa polo fornecemento e diversificación da súa estrutura urbana sobre a base da clasificación xa establecida no planeamento vixente, acompañando a diversificación funcional dun esforzo por diminuír a densidade residencial da Vila, densidade que xa apunta a certa conxestión urbana, ligado ás características e intensidades dos novos desenvolvementos urbanísticos previstos.

Así, os solos urbanos non consolidados, que ordenan na meirande parte dos casos ámbitos interiores ao solo urbano consolidado, e en todo caso contiguos, completan e enriquecen a trama con novas dotacións e espazos libres, e completan a continuidade da urbanización e da edificación.

Pola súa banda, os solos urbanizables delimitados (SUD-1 e SUD-2), ademais de contribuír a diminución da conxestión urbana tal e como xa se comentou con anterioridade, apostan pola diversificación tipolóxica da oferta de vivendas introducindo a tipoloxía de vivenda unifamiliar e aportando solo para novas dotacións.

b) A realidade urbanística da Vila de Foz, onde se concentra o 56,86% da poboación de dereito, e o seu carácter de capital municipal, traen como consecuencia que boa parte dos servizos e dotacións existentes no termo municipal se sitúen neste núcleo,

o que dá lugar a boa parte dos tráficos pendulares entre a capital municipal e o resto do municipio. O Plan Xeral potencia a descentralización das dotacións de equipamentos e dos servizos terciarios, priorizando os desenvolvementos de solo urbano non consolidado en Cangas, Fazouro, Pradera, Nois e Vilaronte, con contidos terciarios (en edificio exclusivo ou non) e novas dotacións, introducindo tipoloxías diferentes da de vivenda unifamiliar.

- c) O Plan Xeral aposta polo recoñecemento e recualificación das áreas de actividade existentes, e polo desenvolvemento do Parque Empresarial de Fazouro, que, pola súa axeitada integración territorial deberían desempeñar un papel importante na diversificación da economía incluíndo os servizos terciarios de ámbito local e comarcal.
- d) A contención na delimitación dos solos urbanizables previstos no Plan Xeral con respecto ás Normas Subsidiarias de Planeamento vixentes, pon freo á colonización de terreos agrícolas, espazos rurais e costeiros. Así, nas Normas Subsidiarias a superficie do solo urbanizable supón multiplicar por 9,6 a da Vila, mentres que o Plan Xeral propón unha drástica redución deste solo pasando a representar só un incremento equivalente ao 20% da superficie que ocupa a Vila actual, porcentaxe que se reduce ao 13% se a superficie comparada é a correspondente á totalidade do solo urbano delimitado no conxunto do Termo Municipal.
- e) O Plan Xeral analiza as determinacións urbanísticas do planeamento vixentes nos concellos limítrofes de Lourenzá, O Valadouro, Cervo, Burela e Mondoñedo, garantindo a continuidade na clasificación do solo que estas normativas establecen, cando estas non sexan obsoletas. A este respecto aposta pola continuidade da clasificación de Solo de Protección de Espazos Naturais que as Normas Subsidiarias do Termo Municipal do Valadouro prevén para os montes de Costa Vella e Pedra Chantada, prolongándoa dentro do termo municipal de Foz ata o humidal de Vilasindre.
- f) As zonas de fortes pendentes, fisiografía complexa e con formacións superficiais, así como as chairas de inundación, as cuncas de sedimentación fluvial ou mariña, considéranse como non aptas para o desenvolvemento urbanístico nin para a implantación de infraestruturas, polos problemas xeomorfolóxicos e xeomecánicos que condicionan a súa construción. Igual acontece cos cantís e as vertentes acantiladas do sector litoral. Todas estas zonas se clasifican como solo rústico de especial protección no Plan Xeral.

g) Protéxense os corredores ambientais ligados a espazos fluviais, tan só interrompidos polas infraestruturas viarias e ferroviarias de interese xeral xa existentes. Tal é o caso dos ríos Mucide-Alemparte, Ouro e Masma-Centiño. Deste xeito, o Plan Xeral propón unha ordenación que non fragmente o territorio, priorizando a continuidade dos elementos fluviais e costeiros, e cualificando como solo rústico especialmente protexido o 93% da superficie total municipal.

3.3.2. Ciclo Hídrico

O Plan Xeral, dentro do seu alcance e competencia, basea as súas determinacións, en canto ao ciclo hídrico se refire, nos criterios de promover o aforro dos recursos a partir dun uso sustentable dos mesmos, garantir a viabilidade dos sistemas de abastecemento e saneamento e reducir os niveis de contaminación das augas.

Así o Plan Xeral clasifica as concas afluentes do Río Ouro dentro do solo rústico de protección de espazos naturais, apoiándose, ademais de polo interese mediambiental destes ámbitos, en que deles procede a captación de auga que abastece aos núcleos urbanos do municipio e ao parque empresarial de Fazouro.

A previsión actual dunha nova captación no río Ouro (en San Acisclo) para mellorar o abastecemento da parte interior do Municipio, resolvería as condicións de servizo para a maioría dos núcleos rurais do Termo Municipal que agora, na súa meirande parte, se abastecen de captacións individuais ou comunitarias en fontes e regatos. Por outra banda, a estacionalidade da poboación nos espazos costeiros compromete un fornecemento axeitado pola limitada capacidade actual das infraestruturas de almacenamento.

Co obxecto de optimizar e racionalizar a rede actual, o Plan Xeral formula a necesidade de redactar un Plan Especial de Abastecemento (Art. 62 da Normativa Urbanística).

En canto ao saneamento, o inventario dos sistemas de saneamento particulares (tanto residenciais como industriais), o establecemento dun sistema periódico de mantemento e limpeza garantindo a súa idoneidade, o inventario de focos de vertido aos leitos e a regularización desta situación serán obxectivos dun Plan Especial de Saneamento, que contemple a mellora do uso e xestión das redes e a necesaria implantación progresiva dun sistema separativo.

O efecto estacional e a previsión de crecemento do número de vivendas aconsellan aumentar as actuais capacidades previstas no plan de Saneamento de Foz e Barreiros ata contar con instalacións de depuración con capacidade suficiente. O Plan Xeral establece a reserva de solo para a construción dunha nova depuradora capaz para 35.000 habitantes equivalentes na zona de Peizás. Estas medidas acompañaranse do completamento das redes urbanas existentes e a previsión das redes que darán servizo ao solo urbanizable.

Con respecto ás augas pluviais, deberá introducirse na normativa do Plan Xeral a recomendación de empregar pavimentos porosos nas bandas de aparcamento, así

como de introducir pavimentos drenantes en boa parte do viario, co fin de potenciar a infiltración de auga de chuvia no terreo e evitar así que as escorrentías superen a súa cota natural do 10%, evitando a contaminación de arrastre, e a xeración de grandes caudais na rede de pluviais. Proporase tamén a adopción de medidas para a recollida da auga de pluviais, o seu filtrado e acumulación, para ser posteriormente utilizada na rede de rega do municipio.

Por último, o Plan Xeral cumprimenta as dotacións necesarias que o Plan Hidrolóxico Galicia Costa establece segundo a poboación de cada núcleo e avalíase a dotación específica das implantacións industriais e empresariais, tal e como se recolle na súa memoria de ordenación, e contempla que os núcleos de máis de 500 habitantes contén a curto prazo cunha rede de distribución que cubra o 100% da poboación, mediante a súa priorización na estratexia de actuación.

3.3.3. Enerxía

Atendendo ao criterio de promover o aforro no consumo enerxético e reducir a dependencia de recursos non renovables, o Plan Xeral, tal e como se recolle na súa normativa urbanística, establece o obrigado cumprimento do CTE-HE referido á eficiencia enerxética da edificación.

Asemade establécense na normativa do Plan Xeral condicións que garantan a eficiencia enerxética do alumado público, relativas ao tipo de lámpada, á forma da lámpada e pantalla ou a utilización de interruptores crepusculares.

No eido da produción de enerxías limpas, o Plan Xeral prevé solo para a instalación do Parque Eólico Singular que o Concello de Foz está a promover no límite das parroquias de Vilaronte e Mondoñedo.

Por último o Plan Xeral, atendendo ás determinacións do Plan Sectorial Eólico de Galicia, clasifica como solo de especial protección de infraestruturas o Parque Eólico de Gamoide, que na actualidade conta con 25 aeroxeneradores cunha potencia de 32,5 MW.

3.3.4. Emisións contaminantes

Dende o punto de vista das principais fontes de contaminación atmosféricas non se ten detectada no termo municipal ningunha de singular importancia, agás aquela que se deriva do tráfico rodado na estrada nacional N-642, cun IMD de case que 9.000 vehículos (datos da estación de aforo 262), ou da influencia do Complexo de Alcoa en San Cibrao, exterior ao termo municipal. En canto ao tema da contaminación por tráfico, apuntar que na diminución desta interveñen alomenos dous factores: por unha parte as propostas do Plan Xeral no sentido de diversificar a estrutura dos núcleos principais inserindo mestura de usos e novas dotacións, que provoca a diminución do tráfico de tipo pendular. Por outra parte, a mellora da eficiencia enerxética e de redución das emisións contaminantes dos motores.

No tocante á contaminación electromagnética e ás instalacións de transporte de enerxía eléctrica, na normativa do Plan Xeral establécense condicións para este tipo de instalacións, obrigando ao soterramento das liñas en solo urbano.

Por outra banda fóra dos corredores eléctricos definidos, calquera nova liña de alta ou media tensión terá que someterse a estudo de impacto ambiental e a autorización municipal. Ademais impídese a ampliación ou incremento de tensión daquelas liñas que non discorran por eles. Procurarase en espazos rurais e núcleos rurais, o soterramento ou desvío cara corredores definidos, ou a desaparición das liñas aéreas.

Igualmente, as canalizacións eléctricas con risco de emitir radiacións ionizantes nocivas para a saúde irán blindadas, e os transformadores colocaranse en “zonas neutras” afastadas das vivendas, co fin de diminuír o impacto visual e atenuar a contaminación electromagnética.

Con respecto á contaminación lumínica estarase ao disposto nas directrices da “Guía para la reducción del resplandor nocturno” elaborado polo Comité Español de Iluminación (CEI) e o “Instituto para la diversificación y el ahorro de energía” (IDEA), así como a NORMA UNE EN 13201 (relativa aos niveis de iluminación).

Por último, adoptaranse, de acordo coa lexislación vixente e no eido competencial municipal, as medidas que sexan precisas para a redución de todo tipo de contaminación acústica, sobre augas e sobre solos.

3.3.5. Xestión de Residuos

Con respecto aos residuos sólidos urbanos, a viabilidade e capacidade do seu tratamento depende da eco-planta de Barreiros, onde os residuos se almacenan para o seu posterior traslado a planta de SOGAMA onde se produce o seu tratamento. As baixas porcentaxes na recollida selectiva de envases lixeiros e vidro, xunto as novas esixencias legislativas en materia medioambiental, obrigan por unha banda ao desenvolvemento dun Plan Municipal de Recollida de RSU, e tamén abordar a construción dunha planta de compostaxe de ámbito comarcal.

Por outra banda, prevese unha parcela para punto limpo na ampliación dos polígonos empresariais de Fazouro, que ademais de axustarse ás demandas de tratamento de residuos das empresas que se vaian situando no parque empresarial, atendendo ao tratamento de residuos valorizables e especiais, mellore o acceso a este servizo do conxunto de habitantes do municipio.

Por outra banda o Plan Xeral aposta pola rehabilitación de edificacións en tres ámbitos moi significativos: o núcleo histórico da Vila de Foz, a igrexa de San Martiño de Mondoñedo e o seu contorno declarado e o contorno do Porto de Nois, co convencemento de que a rehabilitación integral dos tecidos históricos configúrase, polos seus múltiples beneficios medioambientais, como un proceso ecocompatible e sostible, capaz de consolidar e mellorar a paisaxe e a calidade urbana polo seu respecto da escala e do valor das preexistencias sociais, históricas, culturais, etc.

Neste sentido, á optimización do soporte territorial e á inmovilización de materias primas que orixina, hai que engadir os beneficios que poden supoñer a conservación destes tecidos baseados na reutilización e a reciclaxe dos seus materiais, na utilización de tecnoloxías brandas, etc, que incrementan, xa que logo, as positivas consecuencias ambientais e sociais da súa rehabilitación funcional, como é, no eido dos residuos, a reutilización de materiais, a flexibilidade na evolución funcional das edificacións e, no eido da eficiencia enerxética, o aforro que supón a posta en obra de sistemas construtivos brandos ou tradicionais (madeira...) e a reutilización das estruturas xa existentes, e a diminución do consumo enerxético por transporte de materiais autóctonos e lixeiros.

3.3.6. Actividades Económicas

Da síntese da información urbanística do Plan Xeral de Ordenación Municipal e do indicado no apartado 2.3. do presente Informe despréndese o peso relativo do Municipio de Foz dentro do sector secundario da comarca e a febleza do seu tecido empresarial, relacionado case exclusivamente co sector da construción e o pulo do turismo.

En resposta a esta reflexión, e ao obxectivo xeral de ampliar a base económica municipal, o Plan Xeral establece en primeiro lugar a necesidade do fornecemento dos enclaves de uso terciario e industrial xa existentes, o que permitirá nun futuro a diversificación económica e o aumento da descentralización das actividades económicas, criterio fundamental para a sostibilidade do modelo territorial.

Por outra banda, a posta en valor do litoral e o seu importante patrimonio natural debería fomentar o desenvolvemento turístico cun criterio harmónico en relación á excepcional singularidade medioambiental do Municipio, ao tempo que da pé a unha oferta de maior complexidade que a actual, baseada case que unicamente na oferta estacional turístico-residencial dos recursos de praia.

O Plan Xeral introduce usos terciarios e comerciais na práctica totalidade das actuacións urbanísticas priorizadas, sendo este o contido fundamental das actuacións programadas nos núcleos urbanos secundarios.

3.3.7. Integración Social

O Plan Xeral de Ordenación Municipal, como non podería ser doutro xeito, cumprimenta as determinacións sobre calidade de vida e cohesión social establecidas no artigo 47 da Lei 9/2002, mediante as reservas de solo para a implantación dos sistemas xerais ou conxunto de dotacións urbanísticas ao servizo predominante do conxunto da poboación, do seu asentamento, mobilidade e emprego, en proporción adecuada ás necesidades da poboación e tendo en conta a capacidade residencial máxima derivada do Plan.

En canto á participación cidadá na planificación prevista polo Plan Xeral, esta é a regrada tanto pola Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia como pola “Ley 8/2007 del Suelo”.

Así, as dotacións previstas polo Plan axústanse ao horizonte máximo de demanda prevista, xa que están calculadas en base ao total de metros cadrados construídos que o novo planeamento prevé, facendo un esforzo de superación dos déficit existentes actualmente, e cumprimentando as esixencias da lexislación urbanística en canto a calidade de vida e cohesión social.

O Plan Xeral, ademais de dar cumprimento ás esixencias de calidade de vida e cohesión social que a lexislación urbanística establece, afonda na recualificación do espazo público, na mellora da escena urbana (especialmente cos novos desenvolvementos de solo urbano non consolidado), na permeabilización da rede viaria principal, e na continuidade dos espazos públicos do litoral.

De entre todas as propostas do Plan neste eido destacan as intervencións no litoral e o Parque do Castro de Marzán. No primeiro caso o Plan Xeral aposta por establecer unha rede de espazos de lecer nos que coinciden o interese ambiental, o patrimonial e a cercanía dos núcleos urbanos menores. Estes espazos, serán ordenados mediante plans especiais específicos que procurarán actuacións lixeiras e extensivas que preserven os seus importantes valores naturais. O Parque Urbano do Castro de Marzán ten especial relevancia pola súa dimensión, centralidade e funcionalidade, o que abre a posibilidade de implantar dotacións de equipamento complementarias.

Por outra banda, o tratamento do patrimonio construído que fai o Plan Xeral, reflíctese nun catálogo exhaustivo de todos aqueles elementos que teñan interese etnográfico, arqueolóxico ou arquitectónico, desenvolvendo unha normativa coherente coa lexislación de protección do patrimonio.

Os espazos da vila histórica de Foz e do Porto de Nois son recoñecidos polas súas amplas potencialidades ambientais e urbanas, planteando o Plan Xeral a planificación integrada de todas as actuacións urbanísticas orientadas á súa recuperación. Os obxectivos destas figuras de planeamento inciden na mellora dos servizos e os espazos públicos, a conservación e recuperación do patrimonio urbano, arquitectónico, etnográfico, histórico e cultural e a súa ordenación pormenorizada.

Por último, o Plan Xeral garante nos desenvolvementos previstos en solo urbano non consolidado e no solo urbanizable, unha porcentaxe dun 22% de vivenda suxeita a protección oficial, por riba do establecido na LOUG, o que supón un total de 235 vivendas sometidas a algún réxime de protección, e que pola súa situación facilita a mestura de colectivos sociais diversos nestas áreas de novo desenvolvemento inseridas na trama urbana.

3.3.8. Medio Natural

Baixo o obxectivo xeral de consolidar a defensa, recuperación e posta en valor dos recursos medioambientais, o Plan Xeral protexe os ríos Ouro e Masma e a Ría de Foz ca súa clasificación como solos rústicos de especial protección de espazos naturais.


Os MVMC de Cordido e, parcialmente, o de Cangas son integrados en solos rústicos de protección de espazos naturais, dando continuidade ao espazo natural protexido contemplado no planeamento do municipio colindante de O Valadouro, e integrando o humidal das Brañas de Vilasindre e as cabeceiras dos afluentes do rego de Moucide, de singular fragilidade e interese ambiental. Estas proteccións urbanísticas de solo de espazo natural actúan como zonas de transición especialmente clasificadas para a salvagarda do seu val como elemento conector ambiental entre as serras setentrionais galegas e os variados ecosistemas costeiros do Cantábrico.

O litoral da Rasa, clasificado como solo rústico de protección de costas, incluíndo o humidal inventariado da Lagoa, e os montes da Frouxeira, clasificados como de especial protección polos seus valores paisaxísticos, recreativos, arqueolóxicos e turísticos.

En conxunto, o Plan Xeral clasifica como solo rústico especialmente protexido o 93% do termo municipal.

En canto a espazos degradados, indicar que no termo municipal só se teñen localizado os espazos dedicados a canteiras, que estarán, tras o remate da súa actividade, á lexislación específica en materia de recuperación ambiental.

En canto á análise do risco potencial de erosión do solo, produciuse un plano sobre a base do cruce das variables xeolitolóxicas, de pendentes e das características da vexetación, con especial incidencia na existencia de masas importantes de repoboación forestal suxeitas a explotación.



 ZONAS DE ALTO RISCO



OFICINA DE
PLANEAMENTO S.A.
XANEIRO 2008

CONCELLO DE FOZ

PLAN XERAL MUNICIPAL DE ORDENACION
INFORME DE SOSTIBILIDADE AMBIENTAL



RANDON

RISCO DE INCENDIO FORESTAL

A

3.3.9. Medio Rural

Os espazos agrarios, os montes e os ríos e humidais, son amparados no Plan Xeral por cadansúa categoría específica de protección, consonte as letras c), b) e d) do artigo 32 da LOUG.

Nas ordenanzas particulares da Normativa urbanística do Plan Xeral establécense para cada categoría de solo rústico as condicións de uso e actividades. Estas perseguen a utilización racional dos recursos naturais que eviten a degradación do medio, regulando a permisividade das actividades incidentes no solo, singularmente as que se refiren aos usos construtivos, na prevención de impactos sobre a biodiversidade e sobre os valores paisaxísticos, ambientais e patrimoniais do medio rural.

O Plan Xeral establece ademais, cautelas precisas como son a tutela administrativa de talas, repoboacións, apertura de vías, cortalumes, etc. O obxectivo de protección dos solos produtivos determina a necesidade de acoutar os novos crecementos en conexión e continuidade cos asentamentos tradicionais existentes.

Por outra banda, a normativa urbanística fai unha referencia específica á protección de masas de caducifolias de arboredo autóctono, remitindo estes espazos de especial fragilidade e interese á tutela definida na Lei 4/1989 do 27 de marzo de Conservación dos Espazos Naturais e da Flora e Fauna Silvestre, e Lei 9/2001 de 21 de agosto de Conservación da Natureza da Xunta de Galicia, e incorporando ao catálogo os exemplares incluídos no Catálogo de Árbores Senlleiras de Galicia.

En canto aos núcleos rurais, indicar que estes se delimitan de acordo cos criterios establecidos no art. 13 LOUG, correspondendo con asentamentos de poboación singularizados en función das súas características morfolóxicas, tipoloxía tradicional das edificacións, vinculación coa explotación dos recursos naturais e que figuran diferenciados administrativamente nos censos e padróns oficiais. Igualmente o Plan Xeral aboga polo reforzo e dinamización das entidades rurais, ampliando as súas dotacións e servizos.

Por outra banda o Plan Xeral, tanto nos artigos 119 e 120, correspondentes ao solo de núcleo rural e expansión de núcleo, como no artigo 99 de condicións xerais de estética e integración ambiental, establece medidas de integración da edificación, na liña do disposto no artigo 104 da LOUG. Por último, as zonas afectadas por incendios forestais acaecidos nos últimos 5 anos, están incluídas en ámbitos de solo rústico de especial protección, tal e como esixe a lexislación vixente.

3.3.10. Paisaxe

No apartado 2.3. do presente informe, realízase un inventario daqueles espazos do municipio que presentan un interese desde o punto de vista paisaxístico. Máis alá dos LIC do Río Ouro e da Ría de Foz-Masma, destacan pola súa importancia os espazos agrarios, os montes e a beiramar da rasa cantábrica.

A importancia paisaxística dos montes, máis aló da súa relevancia ambiental e para a preservación da biodiversidade, reside, pola especial orografía do municipio, na súa compoñente paisaxística, tanto como escenario e telón da Rasa costeira como de miradoiro natural sobre o territorio.

En canto á beiramar, a súa paisaxe destaca pola alternancia de praias e tramos de rochedos non moi altos. Un espazo ben conservado salientable paisaxisticamente en xeral pola súa naturalidade, pero tamén pola singularidade dalgúns dos seus elementos, e onde a principal ameaza é a urbanización incontrolada, a intrusión paisaxística de calquera novo elemento construído (especialmente das naves industriais, das vivendas produto do proceso de suburbanización e dos carteis de propaganda), a afección das novas infraestruturas, de movementos de terra, de aporte de areas nas praias e das intervencións pouco integradas para a definición de áreas de lecer e servizos públicos.

Por último, nos espazos agrarios e forestais as maiores ameazas para a paisaxe son a execución de infraestruturas agrarias ou forestais, a destrución do solo, a eliminación da ripisilva de bordo, a instalación de carteis de propaganda, a suburbanización e a eliminación masiva da cuberta vexetal.

A Normativa Urbanística do Plan Xeral, en consonancia coa vixente lexislación, impide a diseminación edificatoria establecendo graos de protección específica segundo as características de orixe do solo, para todo o territorio municipal por fóra dos núcleos urbanos, dos rurais e dos destinados ao seu crecemento.

3.3.11. Medio Urbano

Dentro dos obxectivos xerais do planeamento, está aquel que se refire á necesidade de mellorar os servizos públicos, as infraestruturas e dotacións e a urbanización, mediante a súa modernización e a execución dunha política de recualificación da escena urbana, singularmente nas tramas históricas e na fronte costeira.

Neste sentido o Plan Xeral, a través das súas determinacións normativas, garante a calidade das zonas verdes e espazos libres do Municipio, reaxustando a súa configuración e deseño e definindo ademais diferentes categorías de parques e xardíns, que van dende as áreas axardinadas aos parques forestais, pasando polos xardíns e os parques urbanos, atendendo aos diferentes requirimentos, e repartidos polo territorio.

O achegamento das dotacións á poboación favorece o acceso peonil a elas, diminuíndo os desprazamentos pendulares. En aplicación da vixente lexislación, divídese o solo urbano e urbanizable en distritos, producíndose neles o complemento dotacional e de servizos axeitado á ordenación prevista, toda vez que o límite destes distritos se establece, entre outros criterios, en atención á accesibilidade da poboación ás dotacións de acordo ao establecido no artigo 49 da LOUG.

En canto ao conxunto edificado, o Plan Xeral na súa Normativa Urbanística, desenvolve tanto unhas normas xerais de edificación que regulan as condicións de estética e integración ambiental cara á mellora da paisaxe urbana, como establece actuacións específicas de desenvolvemento de rehabilitación en determinados ámbitos singulares do territorio municipal.

A boa conexión cos núcleos urbanos lógrase mediante a mellora da rede viaria existente e complementada con varias propostas, entre as que son subliñables as que diversifican a estrutura dos núcleos urbanos, aproveitando as pezas vacantes inseridas neles.

3.3.12. Medio Litoral

As determinacións de ordenación contidas no Plan Xeral en relación ao espazo litoral, e fundamentadas tanto en actuacións de protección, mediante a clasificación como solo rústico de especial protección, coma de acondicionamento a través do planeamento especial, garante o mantemento das zonas non antropizadas, a recuperación dos ecosistemas costeiros degradados, a integración e uso e xestión de espazos naturais costeiros coa dinámica e desenvolvemento do termo municipal, o acceso dos cidadáns á franxa litoral e a preservación da súa calidade ambiental e paisaxística.

A ordenación prevista no Plan Xeral asume a protección dos Espazos Naturais Protexidos e do resto da franxa litoral non urbanizada clasificando estes solos como solo rústico de especial protección de espazos naturais e de costas.

O Plan Xeral prevé a ordenación específica do espazo libre do Castro de Fazouro mediante un plan especial. Igual acontece coa Punta dos Castros e coa Praia de Llas-Rapadoira. Os tres plans especiais coinciden nos seus obxectivos no que respecta á ordenación detallada das zonas libres públicas resultantes, o establecemento de condicións de integración ambiental das vivendas e edificios dotacionais existentes e na ordenación dos accesos ás praias, tanto no que atinxe a previsión de reservas de aparcamento como a definición de itinerarios peonís.

A accesibilidade ás praias vese reforzada ca publicación de diversos enclaves do litoral de importante valor patrimonial, como son o Parque do Castro, parte da Zona libre da Praia de Llas, o Castro de Fazouro e parte da zona libre de Cangas. Todos eles veñen a completar o sistema de espazos libres públicos litorais existentes (Zona Libre de Cangas e Paseo da Praia da Rapadoira-Llas).

3.3.13. Patrimonio

O Plan Xeral de Ordenación Municipal establece un amplo catálogo de elementos patrimoniais suxeitos a protección, que abrangue a un total de 165.

O Catálogo cumprimenta as determinacións establecidas na Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e protección do Medio Rural de Galicia e na Lei 8/1995 do Patrimonio Cultural de Galicia en relación ás medidas de protección necesarias para a conservación e recuperación dos elementos con valor cultural ou natural.

A tal efecto, sobre a base da documentación aportada pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, no Plan Xeral afóndase tanto nos seus aspectos cualitativos coma cuantitativos. Cualitativos en tanto, tralos específicos traballos de campo, incorpóranse fotos recentes e depúranse os ámbitos de protección. Cuantitativo en canto se amplía o número de elementos.

O Plan Xeral identifica en solo rústico, solo de núcleo rural e solo urbano aqueles enclaves de pazos, fundacións, quintas e en xeral edificacións señoriais que, situadas en xeral no perímetro do solo urbano e dos núcleos, ofrecen un interese de conservación como pezas unitarias de interese arquitectónico, histórico, cultural ou ambiental pola súa construción ou pola existencia de xardinería ou arboredo de notable desenvolvemento.

No que atinxe ao patrimonio arqueolóxico, a prospección realizada permite incluír novos elementos ao planeamento urbanístico, ademais de contemplar as medidas tendentes a asegurar o equilibrio entre a preservación e a posta en valor.

O Catálogo ten o carácter de documento aberto a novas incorporacións resultantes de análises suficientemente documentadas no marco de traballos dunha menor escala territorial.

3.3.14. Poboación e vivenda

O Plan Xeral, na formulación do seu modelo de ordenación, aposta polo fornecemento e diversificación da estrutura urbana da Vila de Foz, que concentra máis do 50% da poboación municipal, e do actual sistema de asentamentos urbanos (Nois, Cangas, Vilaronte e Fazouro), como garantía da estabilidade territorial e do obxectivo xeral de favorecer a concentración fronte á dispersión.

Neste sentido, as reservas previstas para vivendas en algún réxime de protección, por riba do que a lexislación urbanística esixe, garanten unha atractiva oferta de vivenda a prezos asequibles que, xunto coa diversificación e ampliación da base económica municipal e a mellora das infraestruturas de comunicación, debería axudar no futuro ao reequilibrio da pirámide poboacional coa fixación da xente nova no municipio.

Igualmente, e tal e como se comenta en apartados anteriores, o Plan Xeral aboga pola recuperación e posta en valor dos barrios históricos dos núcleos urbanos e dos núcleos rurais, e de acordo coa vixente lexislación, establece as condicións para a adaptación ao ambiente das novas edificacións.

3.3.15. Mobilidade

O modelo urbano que propón o Plan Xeral establece dúas estratexias que favorecen a implantación de modos de transporte sostibles: o afortalamiento das estruturas urbanas densas e compactas e a descentralización dos equipamentos.

A vinculación programada polo Plan dos novos crecementos residenciais cos usos terciarios e dotacionais, intervirá na optimización e racionalización do espazo urbano e na diminución dos impactos derivados dos movementos pendulares.

A primeira destas estratexias aposta polo fornecemento e diversificación da Vila de Foz, mantendo o seu tamaño aínda abarcable na escala peonil, aínda despois dos desenvolvementos previstos polo plan, con percorridos máximos que non superan os 5 Km.

A segunda, que reforza o peso e estrutura urbana dos outros núcleos costeiros (Nois, Fazouro e Cangas), dálle ademais sentido a unha posible reutilización da liña de FEVE como liña de cercanías, co fin de superar, a nivel comarcal, a conxestión que hoxe en día xera o vehículo privado.

Por outra banda, a topografía achairada da Rasa Litoral, na que se enclava a Vila de Foz, permite a cómoda implantación do modo bicicleta. A este respecto, e tendo en conta a clara estrutura viaria principal (e ao seu reforzamento previsto polo Plan Xeral), algunhas vías principais admiten con facilidade, polas súas condicións de sección, a implantación de carrís-bici. Así o contempla o Plan Xeral na súa normativa, coa obrigatoria implantación do mesmo en vías de máis de 16 m de sección.

En xeral as normas de urbanización que o Plan establece inciden na mellora das condicións de accesibilidade aos espazos públicos, dende as esixencias de pavimentación e de colocación e mobiliario urbano á regulación normativa das vías de coexistencia.

4. ANÁLISE DAS ALTERNATIVAS

Con independencia da obrigatoriedade establecida na vixente lexislación urbanística de adaptación do planeamento municipal ás determinacións da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, á hora de formular as diferentes alternativas para o planeamento municipal de Foz, plantéanse dúas:

- Alternativa 0: mantense a vixencia e desenvolvemento do actual planeamento urbanístico, as Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal vixentes.
- Alternativa 1: desenvólvese un Plan Xeral de Ordenación Municipal adaptado a Lei 9/2002 cos desenvolvementos urbanísticos residenciais ao norte e ao sur da Vila de Foz e dúas ampliacións do Parque Empresarial de Fazouro.

O capítulo anterior deste informe xa ten implícita unha análise das propostas da alternativa 1 en función dos obxectivos propostos polo documento de referencia.

4.1. ANÁLISE DA ALTERNATIVA 0 Á LUZ DAS VARIABLES DESCRITAS NO DOCUMENTO MARCO

A actual situación urbanística do termo municipal, desenvolvida no marco do planeamento vixente (Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal do ano 1981) caracterízase pola desadequación das súas determinacións con respecto ao novo marco legal, tanto en materia urbanística como medioambiental. Esta situación, que é especialmente clara no que atinxe á clasificación do solo, tamén o é á hora de caracterizar urbanisticamente e dotar de contido ás diferentes proteccións do solo rústico, de aí que a propia necesidade de redacción dun planeamento urbanístico municipal xustifícase na propia obsolescencia do vixente, pola súa antigüidade, pola evolución da problemática urbanística municipal e pola propia evolución das técnicas e prácticas urbanísticas nas derradeiras décadas.

Neste contexto, a adopción dunha alternativa 0 que se basea na continuidade do planeamento vixente, á parte de non dar cumprimento ao mandato de adaptación establecido na LOUG, tería as seguintes repercusións nos seguintes parámetros:

a) Consumo de solo.

A clasificación do solo proposto nas Normas Subsidiarias de 1981 supón o desenvolvemento urbanístico de 969 Ha de solo urbanizable (das que 107 son inmediatas ao núcleo de Foz), nunha grande parte delimitado en espazos costeiros da Rasa Litoral.

Coas densidades establecidas nas Normas Subsidiarias neste tipo de solo, poderíanse edificar un total de 2.182.500 m² de vivenda en ámbitos de uso residencial, 1.098.750 m² en ámbitos de uso mixto e 497.350 m² en ámbitos de uso industrial.

Esta previsión do planeamento vixente multiplicaría por tres o actual número de vivendas, atendendo á capacidade de desenvolvemento do solo urbanizable de uso estritamente residencial

Este consumo desmesurado de solo tería un impacto negativo multiplicado ao non estar programadas nin priorizadas as actuacións en solo urbanizable; xerándose un desenvolvemento urbanístico a saltos e non en contigüidade co solo xa urbanizado.

O Plan Xeral de Ordenación Municipal pola contra, prevé a diminución da altura de edificación contemplada polas Normas Subsidiarias en solo urbano consolidado, así como a introdución de polígonos de solo urbano non consolidado. A Vila de Foz, segundo a ordenación prevista no Plan Xeral pasaría a ter 12.818 vivendas nunha superficie de Solo Urbano de 120,20 Has, cunha densidade de 106,64 viv/Ha, o que supón unha diminución dun 62% con respecto a densidade que permite o planeamento vixente.

Tendo en conta os dous solos urbanizables delimitados de uso residencial previstos no Plan Xeral, e contiguos ao solo urbano, a Vila de Foz pasaría a ter unha superficie total de 150,20 Ha e unha densidade media de 85,33 viv/Ha, menos da metade da densidade que as vixentes Normas Subsidiarias establecen.

b) Ciclo hídrico

As Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal, dado o limitado do seu carácter planificador, non contemplan ningunha previsión de solo ou investimento para dar resposta ás demandas de infraestruturas de abastecemento e saneamento (potabilización e tratamento de augas residuais) que os novos desenvolvementos urbanísticos producirían, inasumibles pola rede hoxe existente.

Por iso, e polo aumento no número de vivendas previsto, o Plan Xeral prevé catro actuacións na rede de abastecemento: o aumento da capacidade da planta potabilizadora de Vilarmea a 300 l/sg, un novo depósito en Foz de 7.500 m³ de capacidade, o peche de treitos da rede non resoltos dentro da rede urbana e as conexións de abastecemento dos solos urbanizables.

c) Enerxía, emisións contaminantes, evacuación de residuos sólidos.

Non se plantea neste eido ningunha medida específica nas Normas Subsidiarias, que dea resposta a temas como a eficiencia enerxética, a mobilidade sustentable, o tratamento específico de residuos sólidos, a limitación da contaminación lumínica... conceptos que aínda non se manexaban no ano 1981, cando se aprobaron estas Normas.

Tampouco outras precaucións como a protección fronte os campos electro-magnéticos xerados polas liñas eléctricas de alta tensión.

Con respecto ao tratamento de residuos, a media prevista de produción por habitante (0,50 kg) é unha previsión claramente insuficiente, tendo en conta que a media galega é actualmente de 0,93 kg/hab.día e en ámbitos urbanos supera 1,00 kg/hab.día.

O Plan Xeral, en cambio, engade ás súas propostas a creación dun punto limpo e a necesidade de redactar un Plan Municipal de Recollida de Residuos.

d) Actividades económicas e integración social.

No planeamento municipal vixente, á hora de ordenar o solo rústico, prima a orientación inmobiliaria por riba da potencialidade do territorio de cara a un desenvolvemento económico diferenciado. Así dentro da superficie clasificada como solo urbanizable polas Normas Subsidiarias de 1981 inclúense solos de alta produtividade agrícola, segundo o recollido polo mapa de clases agrolóxicas do Ministerio de Agricultura, o que supón unha hipoteca para este tipo de recursos.

Por outra banda as Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal tan só prevén unha bolsa de solo urbanizable industrial de 66,30 Ha, e non ordena ningún solo urbano especificamente para estes usos.

Pola contra, a estratexia de ocupación do solo contida no Plan Xeral tamén se xustifica na ampliación dos estándares dotacionais, prevendo 13,78 m² de dotación de equipamentos públicos por cada 100 m² construídos de uso residencial e 23,73 m² de espazos libres por cada 100 m² construídos de uso residencial por enriba dos estándares legalmente establecidos, o que supón unha mellora moi substancial con respecto ás Normas Subsidiarias vixentes, e paliar algúns dos déficits que arrastra o municipio sobre todo a nivel de equipamentos.

Por outra banda, a formulación dos polígonos e peris de solo urbano non consolidado, especialmente na Vila, incidirá moi positivamente na recuperación de espazos intersticiais urbanos hoxe abandonados, e por isto, cunha baixa calidade ambiental e unha incidencia negativa na escena urbana, mediante a formulación de actuacións integradas de urbanización.

Efecto semellante terá a actuación prevista polo SUD-2 ao sur da Vila de Foz, unha zona de dispersión de vivendas unifamiliares que co desenvolvemento urbanístico previsto mellorará ostensiblemente a súa imaxe urbana.

En canto á clasificación de solo destinado a usos produtivos, tanto os novos espazos terciarios previstos en Fazouro polo Plan Xeral como a zona urbana industrial e terciaria de A Pradera, son contiguas aos enclaves terciarios existentes, e inmediatas ao grande eixe de comunicación rexional que é a N-634. Esta situación garántelles a conexión coas infraestruturas precisas para o desenvolvemento da súa actividade económica.

e) Paisaxe e medio rural, litoral e urbano.

Fronte á protección ambiental que garante a actual lexislación nos solos inmediatos a liña de costa, cunha alta fragilidade paisaxística pola especial configuración xeográfica da Rasa, o planeamento vixente aposta pola urbanización de boa parte desta chaira litoral, obviando os seus valores ambientais, naturais e paisaxísticos.

A alternativa 0, é dicir, a vixencia das Normas Subsidiarias non garante a existencia de zonas de protección nos espazos naturais protexidos, máis aló da lexislación sectorial de aplicación (augas, costas, espazos naturais...), e da expresión normativa da LOUG para estas proteccións xenéricas.

Pola contra, as accións positivas que, no ámbito urbanístico, o Plan Xeral programa para o medio natural, céntranse en primeiro lugar na formulación dos plans especiais en Castro de Fazouro, Punta dos Castros e Praias da Rapadoira e Llas. Estas figuras de planeamento ordenarán pormenorizadamente estes espazos, todos eles pertencentes ao sistema xeral de espazos libres.

Os obxectivos destes Plans Especiais costeiros, xunto co do Porto de Nois, abrangue actuacións de integración ambiental de infraestruturas existentes, a mellora medioambiental e acondicionamento dos ámbitos e dos accesos ás praias,

acondicionamento do espazo público e ordenación do litoral, establecendo as medidas de corrección e minimización de impactos que sexan necesarias.

En todos estes ámbitos así como no art. 137 da Normativa, introdúcese a obriga de analizar os impactos ambientais e minimizar os seus efectos.

Por outra banda, as Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal non abordan a ordenación pormenorizada dos núcleos rurais do municipio, imposibilitando así o rescate das súas calidades ambientais e espaciais, e a posta en valor do seu patrimonio cultural, e igualmente propoñen unha densidade urbana na vila de Foz que conduce irremisiblemente a xerar problemas de conxestión urbana hoxe en día xa detectables.

f) Patrimonio.

As Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal carecen dunha estratexia de defensa, recuperación e posta en valor do patrimonio construído do municipio, máis aló do establecemento dun inventario xenérico de elementos de interese patrimonial. Non se prevén explicitamente instrumentos urbanísticos que permitan unha posta en valor dos elementos máis importantes do patrimonio construído do municipio, como son o B.I.C. de San Martiño de Mondoñedo e o seu contorno, a Vila Histórica de Foz, o Porto de Nois ou os conxuntos rurais mellor conservados.

g) Poboación

A aposta rotunda que fan as Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal polo espazo urbano da Vila de Foz apunta á consolidación dos desequilibrios territoriais existentes entre esta e o resto dos núcleos, obviando calquera esforzo de descentralización e de mellora da accesibilidade aos servizos comerciais e as dotacións públicas, o que redunda negativamente no reequilibrio da distribución da poboación municipal.

Na estratexia do Plan Xeral a descentralización de servizos e dotacións diminuirá a mobilidade pendular entre a Vila e o resto dos núcleos urbanos. A disposición dos núcleos urbanos ao longo da vía de FEVE Ferrol-Xixón, xunto á previsión que o Plan fai de cualificar como parcelas de sistemas técnicos de infraestruturas as estacións e apeadeiros, fai posible que nun futuro a Administración competente poida potenciar o modo ferrocarril como medio de transporte alternativo ao automóbil.

h) Vivenda

As Normas Subsidiarias de Planeamento non só se limitan a reproducir as tipoloxías existentes na Vila (vivenda colectiva) e no resto (vivenda unifamiliar), sen apostar polo enriquecemento tipolóxico e a diversificación da oferta inmobiliaria, senón que propician a súa densificación, propoñendo que o 90% da capacidade residencial no solo urbano de Foz sexa en vivenda colectiva densa en cuarteirón.

i) Mobilidade

Nas Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal non se fai ningunha reflexión sobre a mobilidade dentro do termo municipal, máis aló da análise do estado do viario máis significativo en función de parámetros de complexidade moi básicos.

En resumo, a continuidade do desenvolvemento das Normas Subsidiarias de 1981, tomadas como Alternativa 0 suporía a continuidade dun planeamento sen modelo e estratexia de actuación (son Normas e non Plan), o mantemento dunha certa transitoriedade (son subsidiarias) o que conlevaría a un excesivo consumo de solo dun xeito desordenado e creando condicións de conxestión e infradotación non desexables, cunhas densidades moi altas para a Vila, sen contemplar a diversidade de usos, sen prestar atención ás tramas dos núcleos rurais nin á posta en valor das condicións medioambientais.

Por todo o anterior apóstase pola Alternativa 1, onde as propostas do Plan Xeral resultan da introdución de todas as variables económicas, sociais, ambientais, de sostibilidade e respecto dos recursos, garantindo o acceso da poboación a eles con nivel infraestrutural e dotacional axeitado, no proceso planificadorio, á vez que dá cumprimento ao mandato da adaptación do planeamento establecido pola LOUG.

5. IDENTIFICACIÓN E CARACTERIZACIÓN DOS EFECTOS SOBRE O MEDIO E MEDIDAS PREVENTIVAS PROPOSTAS NO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

Na elaboración dos instrumentos de planificación urbana, observar os criterios de sostibilidade manifestados na Carta de Aalborg é fundamental para axustar a xestión e desenvolvemento do territorio con base ambiental. A Carta de Aalborg sinala que “a sostibilidade ambiental significa preservar o capital natural. Require que o noso consumo de recursos materiais, hídricos e enerxéticos renovables non supere a capacidade dos sistemas naturais para repoñelos, e que a velocidade á que consumimos recursos non renovables non supere o ritmo de substitución dos recursos renovables duradeiros. A sostibilidade ambiental significa, así mesmo, que o ritmo de emisión de contaminantes non supere a capacidade do aire, da auga e do solo de absorbelos e procesalos. A sostibilidade ambiental implica ademais o mantemento da diversidade biolóxica, a saúde pública e a calidade do aire, da auga e o solo a niveis suficientes para preservar a vida e benestar humanos, así como a flora e a fauna para sempre...”.

As premisas básicas da xestión ambiental referentes á distribución de actividades no territorio tendo en conta a súa capacidade de acollida, así como a de non exceder a taxa de renovación dos recursos naturais e a capacidade de asimilación de contaminantes polos ecosistemas, teñen que cumprirse para asegurar os obxectivos de sostibilidade e de integración ambiental.

As características ambientais e socioeconómicas do territorio municipal foron analizadas con anterioridade e son detalladas e pomenorizadas nos diferentes documentos integrantes do Plan Xeral: Estudo do Medio, Análise do Sistema de Asentamentos e Síntese de Información Urbanística.

Neste contexto, abórdase de seguido a diagnose sobre a capacidade de acollida do territorio, co inventario das zonas con fragilidade ambiental e a avaliación da aptitude do solo para o seu desenvolvemento urbanístico. A continuación realízase a análise da incidencia ambiental do planeamento, e a valoración da adecuación das infraestruturas e servizos.

5.1. ANÁLISE DA INCIDENCIA AMBIENTAL DO PLANEAMENTO. A CAPACIDADE DE ACOLLIDA DO TERRITORIO

5.1.1. A sostibilidade do modelo de ordenación

A valoración de aspectos de calidade ambiental e patrimonial singular; a preservación, potenciación e mellora do sistema de asentamentos municipais, coa consolidación da estrutura urbana e recualificación dotacional da Vila de Foz, orientan o desenvolvemento e ordenación do municipio en clave de sustentabilidade.

O Plan Xeral establece unha ordenación protectora nos solos rústicos do termo municipal, orientada á salvagarda dos extraordinarios valores e recursos patrimoniais. Aproximadamente o 93% do territorio municipal é cualificado como solo rústico especialmente protexido, incluíndoo, case que na súa totalidade, nas diferentes categorías de especial protección; a súa efectiva protección constitúe un elemento positivo na estrutura da ordenación, e debe supoñer unha inflexión nos criterios de permisividade á localización diseminada e indiscriminada da edificación. O réxime urbanístico do solo rústico configúrase, xa que logo, vinculado a outorgar unha especial protección aos valores naturais, científicos, agrarios, forestais, paisaxísticos, culturais, etc, incompatibles coa súa transformación.

A seguir reflíctese a superficie segundo as diferentes clases de solo resultantes da ordenación para o conxunto do Termo Municipal de Foz.

CLASES DE SOLO	SUPERFICIE (ha)
Solo urbano consolidado	273,12
Solo urbano non consolidado	22,62
Solo de núcleo rural	329,71
Solo urbanizable delimitado	29,33
Solo urbanizable diferido	9,70
Solo rústico de protección ordinaria	46,23
Solo rústico de protección especial	9.319,29
TOTAL	10.030,00

A Ría de Foz e os Ríos Masma e Ouro son integrados no Plan Xeral, en función dos seus sobranceiros valores naturais, nuns ámbitos especificamente protexidos, solos rústicos de protección dos espazos naturais. A delimitación inclúe, así mesmo, nesta categoría aos seus contornos de protección do dominio público hidráulico e marítimo-terrestre, para darlle coherencia e complementar aos espazos naturais protexidos (LIC e ZEPa da Ría de Foz-Masma e LIC do Río Ouro) de xeito que consoliden a súa protección integral.

O MVMC de Cordido e, parcialmente, o MVMC de Cangas son tamén integrados nos solos rústicos de protección dos espazos naturais, co gallo de darlle continuidade no municipio ao espazo natural protexido establecido no planeamento urbanístico do Valadouro, outorgando deste xeito protección integral aos humidais das Brañas de Vilasindre (inventariado no Inventario de Humidais de Galicia), así como aos mananciais e ás cabeceiras dos tributarios do río Moucide, de singular interese ambiental e fragilidade.

O litoral constitúe no seu conxunto un ecosistema de indubidable valor ecolóxico, calidade ambiental e interese paisaxístico, e, polo tanto, a súa ordenación urbanística racional é unha cuestión fundamental. A protección do dominio público marítimo-terrestre e dos territorios costeiros exteriores aos núcleos de poboación, consonte á lei de costas e ás determinacións do artigo 32 punto e) da LOUG, é chave para preservar de accións degradadoras a este extraordinario espazo natural, como recurso económico, cultural e recreativo básico do Termo Municipal de Foz.

Os montes da Frouxeira son, así mesmo, salvagardados por seren especialmente importantes en relación aos seus valores paisaxísticos, arqueolóxicos, turísticos e recreativos. A súa elevada fragilidade paisaxística determinou o establecemento dunha ampla protección específica que persegue preservar as vistas panorámicas do territorio municipal e do mar, evitar a afección directa por ocupación residencial e a indiscriminada instalación de servizos técnicos e infraestruturas que alteren ou destrúan a súa conformación paisaxística tradicional.

Ademais, os espazos agrarios, os montes, e os ríos e humidais son amparados por cadansúa categoría específica de protección, consonte ás letras a), b) e d) do artigo 32 da LOUG.

Nas Ordenanzas da Normativa Urbanística do Plan establecéronse para cada categoría de solo rústico as condicións de uso e actividades (ver artigo 127 e seguintes da Normativa Urbanística). Estas persegue a utilización racional dos recursos naturais que evite a degradación irreversible do medio, regulando a permisividade das actividades incidentes no solo, singularmente no que se refire aos usos construtivos, na prevención de impactos sobre a biodiversidade e sobre os valores paisaxísticos, ambientais e patrimoniais do medio rural; medidas imprescindibles para a consecución dun desenvolvemento sostible.

As determinacións do Plan buscan potenciar o sistema de núcleos rurais municipais procurando a súa mellora en canto á dotación de infraestruturas e servizos, a súa revitalización e diversificación, recuperando o seu patrimonio e posibilitando o turismo

sostible neles. O obxectivo de protección dos solos produtivos, das súas características e procesos naturais determinaron a necesidade de acoutar os novos crecementos en conexión e continuidade cos asentamentos tradicionais, asegurando deste xeito a permanencia dos valores e funcións rurais e propiciando paisaxes integradas.

Nesta liña, establece o marco para a realización de accións positivas para o medio rural, “Plans Especiais de Protección, Rehabilitación e Mellora do Medio Rural”, e planifica a realización dunha actuación integrada delimitada na Ferreira Vella co gallo de producir unha actuación de vivenda pública, na que existen unha serie de circunstancias que aconsellan extremar as medidas de protección e integración ambiental, en función da capacidade de acollida do medio e da súa transcendencia cara a un desenvolvemento sostible e harmónico do territorio. A implantación residencial incide nun ámbito rural de calidade paisaxística e interese cultural, en consecuencia, a ordenación contempla a preservación do dominio público hidráulico e do arboredo autóctono establecendo o Parque da Carballeira de Ferreira Vella, integrante do sistema xeral de espazos libres. Complementariamente, o Plan Especial deberá conter medidas de integración paisaxística coherentes co seu contorno rural e resolver dun xeito ecoeficiente as infraestruturas e servizos necesarios.

5.1.2. Incidencia ambiental das novas implantacións urbanas

Á escala e detalle dun plan, os impactos máis típicos derivados das súas determinacións serán os que teñen a súa orixe no emprazamento das actividades e usos. Así pois, produciranse impactos de ocupación que están relacionados coa transformación de usos e a nova cualificación urbanística dos terreos, e outros efectos inducidos pola nova localización das actividades. Ademais, en función do ritmo de consumo e intensidades de uso dos recursos naturais, pódense producir impactos por sobreexplotación.

Os impactos de contaminación derivados das determinacións do planeamento, están, así mesmo, en relación coa adecuación das diferentes infraestruturas e servizos (viarias e de transporte, hidráulicas, residuos, etc.) e, moi especialmente, coa xestión ambiental nos instrumentos de desenvolvemento do plan e coa calidade dos proxectos. O planeamento de desenvolvemento, plans parciais e de sectorización, deberá profundar na análise e avaliación das incidencias no ambiente de cada unha das actuacións nas fases de construción e explotación, definindo as medidas correctoras necesarias conforme ao establecido nos artigos 63 e 67 da Lei 9/2002 e a lexislación sectorial.

Criterios de Prevención de Impactos:

A Integración de criterios ambientais e de sostibilidade nas distintas fases de planificación fundamentados nos principios de cautela (paradigma da incerteza) e de economía de medios, permiten evitar os impactos negativos antes de que estes se produzan mediante a coherente aplicación de medidas preventivas, xa que son estas medidas as mellores dende os puntos de vista ambiental e socioeconómico.

No planeamento unha medida preventiva fundamental é, xa que logo, axustar o consumo de recursos ás estritas necesidades de crecemento, minimizando este co establecemento dunhas densidades urbanas que permitan acadar unha elevada calidade ambiental.

Igualmente, a fin de minorar o nivel de discordancia entre a vocación do territorio, representada pola capacidade de acollida, e as determinacións do Plan, deben establecerse diversas Medidas complementarias de Prevención de Impactos. Así, os hábitats de interese natural e de maior fragilidade e aqueles con posibilidade de ocorrencia de riscos, procesos naturais ou tecnolóxicos, deben ser preservados e excluídos da urbanización, e os ámbitos que, ben presentan unha fisiografía desfavorable ao asentamento ou ben teñen unha relevancia paisaxística local, deben ser incluídos sistematicamente dentro dos sistemas de espazos libres e zonas verdes

públicas, para propiciar a axeitada integración territorial e na paisaxe das novas actuacións.

Ademais, para lograr a protección efectiva do recurso e a continuidade das excepcionais calidades ambientais dos ecosistemas acuáticos comarcais, é necesario que os novos desenvolvementos teñan que acomodarse á previa ou simultánea dotación dun axeitado e eficiente sistema de saneamento, depuración e vertido das augas residuais. (Ver Informe sobre a Adecuación das Infraestruturas e Servizos.)

O Plan Xeral dispón as medidas necesarias para evitar o impacto visual e volumétrico nos polígonos e crecementos urbanos emprazados en ámbitos caracterizados pola súa predominancia visual, ben pola súa prominencia, ou ben pola súa proximidade á especial costa do termo municipal (permeabilidade visual da edificación, volumes contidos, etc). Asemade, as ordenanzas recollen as condicións de deseño e materiais co gallo de propiciar unha axeitada integración das edificacións na paisaxe.

Incidencia ambiental dos Solos Urbanos:

Na avaliación da incidencia sobre o territorio das determinacións do PXOM, tivéronse en conta os diferentes condicionamentos do medio ambiental e social, determinando a súa coherencia cos obxectivos de sostibilidade. O obxectivo das previsións de impacto, non é tanto unha estimación exacta do que vai ocorrer, como, sobre todo, unha identificación dos problemas que se poden xerar, á fin de poder evitalos ou minimizalos (Pardo Buendía, 2002).

Os criterios de sostibilidade foron interiorizados nas fases de elaboración do Plan, optándose, dende o modelo territorial municipal, polas alternativas que supoñen unha menor incidencia ambiental e un moderado consumo de recursos naturais.

A delimitación tanto da Vila como dos núcleos urbanos secundarios faise sobre a malla existente que resulta reforzada coas propostas do Plan. Delimitacións que coinciden, basicamente, coas establecidas no planeamento en vigor. Entre as propostas do Plan adquiren especial significación, polo tanto, as actuacións de completión e remate dunha estrutura urbana aínda inacabada e infradotada. Os solos urbanos non consolidados perseguen a concentración, completando e enchendo as tramas urbanas establecidas nas NSP, e oriéntanse á recualificación destas con actuacións de mellora nas dotacións, nos equipamentos, nas infraestruturas e servizos, nas que a súa incidencia ambiental e socioeconómica considérase, xa que logo, como moi positiva.

Na Vila de Foz, o Plan dá continuidade á estrutura urbana priorizando a completión e remate das pezas herdadas, incidindo nun crecemento urbano denso, compacto e complexo que, coa nova ordenación, reforza tamén a súa centralidade. Así, a ordenación urbanística proposta avanza no proceso de concentración da poboación na vila, que pasa a acoller ao redor do 80% da capacidade residencial global do municipio. Para isto, o PXOM ven de acoutar uns ámbitos urbanos densos e polifuncionais, organizadores dos novos crecementos, baseados no seu deseño completo e integrado no territorio, e cuxas determinacións observan os “límites de sostibilidade”, “calidade de vida e cohesión social”, así como as “normas de calidade urbana” establecidas nos arts. 46, 47 e 48 da Lei 9/2002.

O grao de compactidade urbana adoita medirse pola superficie que ocupa en relación á extensión da superficie municipal. A superficie ocupada pola Vila de Foz presenta un ratio moi baixo, en correspondencia cunha vila de pequeno tamaño caracterizada polo seu crecemento denso. O impacto no territorio por sobreexplotación de recursos naturais pode considerarse, en función da calidade e da dispoñibilidade dos recursos na comarca, así como do volume demográfico e residencial, e de incremento de actividade agardados para o ano horizonte, polo tanto, como aceptable.

Na Vila e nos agregados urbanos secundarios plantéanse actuacións plurifuncionais que suturan os espazos urbanos xa consolidados, integrando novos espazos residenciais, terciarios e dotacionais nos espazos baleiros e intersticiais, nun contexto de axeitada accesibilidade ás infraestruturas do transporte de ámbito rexional.

Estes son aspectos de capital importancia nos que fundamentar a sostibilidade polas súas implicacións na conservación dos recursos (solo, auga, etc), na redución das necesidades de transporte e de consumo enerxético (a dimensión da vila, que segue sendo abarcable e presenta unha alta funcionalidade, reduce as necesidades de mobilidade), na produción e a xestión de residuos ao minimizar o consumo de materiais, así como o custe infraestrutural e dos servizos por habitante, etc. Deste xeito conséguese, ademais, preservar a paisaxe e mailos recursos naturais e, ao mesmo tempo, non se condiciona negativamente a viabilidade futura dos diferentes aproveitamentos agropecuarios e forestais periurbanos e rurais.

Os Plans Especiais de Protección e Rehabilitación e o recoñecemento e ordenación específica das Fincas Singulares e demais elementos constituíntes do patrimonio cultural, son determinacións do planeamento orientadas á rehabilitación e renovación urbana e á preservación da memoria histórica do municipio. Efectivamente, o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Foz establece a redacción do “Plan Especial de Protección, Rehabilitación e Reforma Interior do núcleo histórico da Vila de Foz”, e do “Plan Especial

de Ordenación, Protección, Mellora Medioambiental e acondicionamento do contorno do Porto de Nois”, tendentes amais da protección dos seus valores, a potenciar un proceso de rehabilitación integral, ambiental, residencial e socioeconómica. Nesta mesma liña, a salvagarda do patrimonio histórico-artístico, arquitectónico, etnográfico e ambiental da Igrexa de San Martiño de Mondoñedo e a ordenación coherente do núcleo tradicional que a acolle, son os obxectivos dun plan especial establecido ao efecto, “Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Igrexa de San Martiño de Mondoñedo e o seu contorno declarado”.

A rehabilitación integral dos tecidos históricos configúrase, polos seus múltiples beneficios medioambientais, como un proceso ecocompatible e sostible, capaz de consolidar e mellorar a paisaxe e a calidade urbana polo seu respecto da escala e do valor das preexistencias sociais, históricas, culturais, etc. Á optimización do soporte territorial e á inmovilización de materias primas que orixina, hai que engadir os beneficios que poden supoñer a conservación destes tecidos baseados na reutilización e a reciclaxe dos seus materiais, na utilización de tecnoloxías brandas, etc, que incrementan, xa que logo, as positivas consecuencias ambientais e sociais da súa rehabilitación funcional.

En canto ás políticas activas de vivenda, a previsión de construción de vivendas de protección oficial é establecida no solo urbano non consolidado conforme ao disposto no artigo 55 da LOUG, con actuacións inseridas de forma difusa para fomentar a diversidade e a cohesión social. Os polígonos do Calvario e do Castro-1, emprazados na vila de Foz, acollen integramente vivenda pública, resolvendo axeitadamente o remate da estrutura urbana en contacto co novo Parque Urbano do Castro. Ademais, tanto na cidade (PERI das Malates e da Avenida de Viveiro), como nos núcleos urbanos secundarios (PERI de Cangas), resérvanse diferentes superficies residencias destinadas a acoller vivenda suxeita a algún réxime de protección oficial que, cos anteriores, superan o 22% do aproveitamento residencial. Nos solos urbanizables residenciais resérvase, segundo se establece nos artigos 64 e 66 da LOUG, solo para acoller vivenda protexida, co que o PXOM deséñase cunha capacidade global de 235 vivendas suxeitas ao réxime de protección oficial.

A creación e recualificación dos espazos públicos, a mellora da escena urbana e a permeabilización da trama viaria xunto coa mellora da fronte costeira son actuacións de completamento e recualificación urbana, soportes da calidade ambiental da Vila.

O sistema de espazos libres aumenta coas previsións do plan, cunha distribución descentralizada e cuns estándares superiores aos establecidos na lexislación (segundo se reflicte e detalla na Memoria de Ordenación), sendo directamente incorporados á

estrutura urbana da Vila de Foz máis do 50% da superficie total. Entre estes, o Parque Urbano do Castro de Marzán, adquire especial relevancia pola súa dimensión, centralidade e funcionalidade, xa que posibilita a implantación de dotacións de equipamento complementarias.

O sistema xeral de espazos verdes do litoral, conformado a xeito de corredor verde complementario dos parques urbanos, ten por obxectivo protexer e poñer en valor espazos valiosos, tanto naturais como culturais, dotando ao sistema de asentamentos costeiros dunha rede de lecer capaz de aumentar a cohesión territorial e o sentido de pertenza. Estes espazos verdes do litoral son ordenados mediante plans especiais, “Plan Especial de Ordenación, Protección, Mellora Medioambiental e acondicionamento do contorno do Castro de Fazouro”, Plan Especial de Ordenación e acondicionamento da área Recreativa da Punta dos Castros” e “Plan Especial de acondicionamento do Bordo Litoral entre a Praia da Rapadoira e a de LLas”, consonte as determinacións establecidas nos artigos 68 e seguintes da Normativa Urbanística do Plan.

En calquera caso, os acondicionamentos para uso público nestes espazos teñen que ser coherentes cos valores ambientais que se pretenden protexer e coas súas dinámicas, polo que se precisan actuacións, lixeiras e de carácter extensivo, que recuperen e consoliden os espazos de interese ambiental potenciando ás súas características naturais (cunha axeitada protección e mellora dos hábitats e da flora e fauna silvestres, e con criterios de integración paisaxística).

O incremento na superficie proposta de zonas verdes e parques urbanos, xunto coa súa distribución equilibrada e alta accesibilidade son cuestións que contribúen ao incremento das calidades urbanas.

Ao respecto do tratamento das actividades económicas, no Plan existe unha aposta nidia por introducir os usos comerciais e terciarios nas diferentes propostas. Os polígonos acollen dun xeito xeneralizado, tanto na vila como nos núcleos urbanos secundarios, usos terciarios, constituíndo este, o uso prioritario nos polígonos establecidos en Cangas de Foz e Fazouro. Xunto a esta aposta polo comercio urbano, o afortalamiento do sector industrial do municipio é determinante cara á consolidación dun modelo económico descentralizado e, xa que logo, un dos alicerces fundamentais da sostibilidade territorial. O recoñecemento e recualificación das áreas de actividade e a consolidación e ampliación do Parque Industrial de Foz, caracterizado pola súa axeitada integración territorial, foi, polo tanto, outro dos obxectivos básicos do Plan. Neste, deberanse priorizar as iniciativas de produción de bens básicos que utilicen de xeito preferente os recursos locais e fagan posible a simbiose industrial e o establecemento de ecosistemas industriais.

Nos polígonos os impactos de ocupación orixinados son mínimos, comportando a incidencia máis significativa a que se poderá producir co desenvolvemento do Polígono 17 Río Centiño (Enseada de Vilaxoane), emprazado no Distrito Leste.

Incidencia ambiental dos Solos Urbanizables:

Solos Urbanizables Delimitados Residenciais.

As previsións das densidades urbanas na vila, resultantes do desenvolvemento do planeamento subsistente (orientado case que exclusivamente á vivenda colectiva e o uso residencial) e das determinacións de remate e recualificación derivadas da aplicación do Plan, sitúanse nuns niveis superiores ás 80 viv/ha, polo que, si ben esta presenta unha moi alta porcentaxe de vivenda secundaria e usos turísticos estivais moi relevantes, o ratio de espazo urbano dispoñible por habitante debe ser considerado como baixo e, en consecuencia, incipientes os trazos conxestivos.

Neste contexto, os solos urbanizables residenciais teñen por obxecto rebaixar a densidade da Vila de Foz, coa programación dun crecemento diversificado en canto ás tipoloxías edificatorias e aos usos, que faga posible a creación dunha estrutura urbana e un reequipamento de calidade.

Toda vez que as áreas con maior fragilidade ambiental son convenientemente preservadas polas ordenacións propostas, estímase que os Solos Urbanizables Delimitados **SUD-1 As Torres-Lias, SUD-2 Folgueiras**, están caracterizados pola súa aptitude topográfica, xeotécnica e ambiental.

As incidencias negativas máis comúns están relacionadas co estrago de recursos naturais, e maila alteración da calidade da paisaxe que o desenvolvemento das implantacións comportará. Efectivamente, o cambio dos usos do solo e a intrusión paisaxística son incidencias comúns nas novas implantacións residenciais localizadas a carón do litoral. En consecuencia, coa fin de minorar a alteración destes ámbitos caracterizados por unha alta calidade paisaxística e, polo tanto, reducir o grao de incidencia visual dende as infraestruturas viarias e os equipamentos do litoral, optimizando a súa integración no medio, establecéronse diversas Medidas de Integración Ambiental e Paisaxística.

A súa aceptable capacidade de acollida e contigüidade cos usos urbanos consolidados, orixinará nestes ámbitos un impacto por ocupación compatible e asumible polas súas acaídas ordenacións e positiva incidencia territorial.

En canto aos impactos de sobreexplotación (referidos á explotación abusiva dos recursos renovables e non renovables), o consumo de solo polos urbanizables establecidos no Plan ascende a un total de 30,15 ha. Superficie que incrementa en máis dun 20% o solo urbano delimitado no Plan, mais que se corresponde coas áreas establecidas nas vixentes Normas Subsidiarias de Planeamento como áreas urbanizables e, en consecuencia, presentan unha notable diminución e desactivación das actividades agropecuarias. Por outra parte, en función do estancamento demográfico os solos urbanos clasificados presentan unha folgada capacidade para dar resposta ás necesidades de vivenda na vixencia do Plan.

O impacto acumulado no territorio por sobreexplotación de recursos naturais pode considerarse, polo tanto, como moderado, tanto no que se refire ao consumo de solos potencialmente produtivos, como na biodiversidade.

Solos Urbanizables Industriais.

En canto aos solos urbanizables industriais, as determinacións do plan perseguen completar o Parque Industrial de Foz en Fazouro, incorporando áreas que presentan na actualidade un uso industrial e outras situadas entre as infraestruturas e as instalacións industriais existentes.

Os ámbitos propostos SUND 1 Fazouro 1 e SUND 2 Fazouro 2, que manteñen a clasificación das vixentes Normas, están caracterizados, en xeral, pola súa aptitude topográfica e xeotécnica. A reducida extensión (inferior ás 10 ha), aceptable capacidade de acollida, a súa coherencia territorial, e o axeitado nivel de desenvolvemento das infraestruturas e servizos, orixinarán nestes ámbitos uns impactos no territorio por ocupación e sobreexplotación de recursos, compatibles e, xa que logo, asumibles. Sen embargo, co gallo de optimizar a integración paisaxística e ambiental das implantacións industriais, protexer as cuncas visuais abranguidas dende o litoral, e mellorar a calidade do aire e acústica, establécese a necesidade de formalizar unha zona verde en contacto coa infraestrutura viaria, N-634.

A incidencia socioeconómica valórase tamén como moi positiva pola súa contribución ao desenvolvemento integral e diversificación económica do territorio e polo incremento da calidade de vida e benestar da poboación.

5.1.3 Diagnose sobre a capacidade de acollida do territorio

A capacidade de acollida pode definirse como “o grao de idoneidade que presenta o territorio para unha actividade, tendo en conta á vez, a medida en que o medio cumpre os seus requirimentos de emprazamento e os efectos de dita actividade sobre o medio. Representa a forma en que cada punto do territorio pode utilizarse en beneficio do home sen que sufra alteracións nas súas características e valores” (Gómez Orea, 2002).

A capacidade de acollida do territorio avalíase a través da integración da aptitude e o impacto para cada uso que se pretende implantar. Os usos urbanos, residenciais e industriais, optimizarán a súa localización cando se asignen aos lugares que contén coa maior aptitude e o menor impacto posible.

Unha das características definitorias do territorio focense é o seu destacado patrimonio natural, cuxa diversidade e riqueza reflíctese no inventario das zonas con fraxilidade ambiental.

Os ámbitos do termo municipal que presentan valores ambientais susceptibles de sufrir impactos ou agresións derivadas das determinacións urbanísticas, tanto dende o punto de vista ambiental como paisaxístico, son identificados a continuación. A súa fraxilidade foi definida en función do grao de vulnerabilidade que ten o medio a ser deteriorado ante a repercusión negativa de determinadas actuacións.

Os espazos naturais integrados na “Rede galega de espazos protexidos” presentan os máis elevados niveis de fraxilidade ambiental pola excepcionalidade dos seus valores. O litoral municipal en estado natural, non incluído nalgunha das figuras de protección da natureza establecidas pola lei, constitúe un ecosistema complementario de grande riqueza ecolóxica, elevada calidade ambiental e interese paisaxístico; a continuación, son o sistema hidrográfico e húmidais quen teñen os graos máis altos de fraxilidade, seguidos dos espazos agrarios e dos montes e espazos forestais.

ESPAZOS NATURAIS

No litoral do municipio desenvólvense amplas mariñas, espazos intermareais de substrato duro, lamacento e areoso, calas e praias, cantís expostos e moderadamente expostos, etc, nunha ampla diversidade de ecosistemas que posibilitan a existencia dunha extraordinaria biodiversidade. O interese socioeconómico do litoral é tamén moi elevado, pois é soporte de diversas actividades produtivas básicas para o municipio, e constitúe un espazo de lecer fundamental para a comarca.

a) Espazos Naturais Protexidos (ENP):

A Ría de Foz-Masma e o Río Ouro foron incluídos como Lugares de Importancia Comunitaria (Lics) na “**Rede Natura 2000**” (a lista nacional da rexión atlántica foi aprobada oficialmente por Decisión da Comisión Europea con data de 7 de Decembro de 2004) e na “Rede galega de espazos protexidos” “Lic Es 1120011 Ría de Foz-Masma” e “Lic Es 1120013 Río Ouro” (Decreto 72/2004, do 2 de abril, polo que se declaran determinados Espazos como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais). A Ría de Foz foi ademais declarada recentemente **ZEPA** (ES0000373 Ría de Foz).

ENP Ría de Foz-Masma

- LIC Es 1120011 Ría de Foz-Masma
- Zona de Especial Protección dos Valores Naturais “Lic Es 1120011 Ría de Foz-Masma”
- ZEPA (ES0000373 Ría de Foz)

O Lugar de Importancia Comunitaria (LIC) Es 1120011 Ría de Foz-Masma, pertencente á Rexión Bioclimática Atlántica (compartido cos municipio de Barreiros, Lourenzá e Mondoñedo), conta cunha superficie de 575,17 Ha.

Os valores ambientais da Ría de Foz-Masma que motivaron a súa declaración como LIC son a presenza dunha zona intermareal destacable polas súas comunidades vexetais. Comunidades de fanerógamas mariñas de *Zostera noltii* e *Ruppia maritima*, importantes formacións de *Spartina maritima* que ocupa considerables extensións nos dominios de sedimentación e *Juncus maritimus*, así como unha boa representación de *Halimione portulacoides*. Na zona interna da ría desenvólvese un importante carrizal de *Phragmites australis*. É tamén destacable a presenza do endemismo *Cochlearia aestuarica*.

Ademais, a Ría de Foz presenta interese para a invernada de aves acuáticas, en especial de anátidas (>300), así como para os estacionamentos durante os pasos

migratorios de Cullereiro (*Platalea leucorodia*) e de limícolas. As augas do Río Masma contan cunha pequena poboación de salmón atlántico.

En canto á súa vulnerabilidade, esta derívase do seu emprazamento nunha zona turística de carácter estival e, especialmente, é sensible á contaminación do medio acuático en xeral e a urbanización indiscriminada do litoral.

ENP Río Ouro

- LIC Es 1120013 Río Ouro.
- Zona de Especial Protección dos Valores Naturais “Lic Es 1120013 Río Ouro”.

Este espazo pertencente á Rexión Bioclimática Atlántica (compartido cos municipios de Alfoz e O Valadouro), conta cunha superficie de 72,16 ha, e está formado polo Río Ouro e o seu esteiro en Fazouro.

O río Ouro é un curso fluvial con vexetación ripícola ben conservada que conta con reducidas poboacións, aínda que de grande valor ecolóxico, de salmón do Atlántico e de lamprea, e con outra ben representada de boga de río.

A destrución da vexetación ripícola e a contaminación das augas, representan as súas maiores vulnerabilidades.

b) A Beiramar:

O litoral municipal en estado natural constitúe de seu un ecosistema de grande riqueza ecolóxica, elevada calidade ambiental e interese paisaxístico. Ao longo dos seus 25 quilómetros de costa, Foz ten ademais praias expostas, en xeral, de area fina e branca, A Rapadoira, Llas, Peizás, Pampillosa, Arealonga, Polas, Xuncos, Areoura e Fondás, que presentan diferente grao de urbanización e ocupación. Entre estas esténdense ámbitos de grande naturalidade con treitos de costa rochosa e relativamente baixa, cons litorais e illotes, ben conservados.

Os diferentes sectores da costa municipal conforman unha cadea de ecosistemas de grande valor ecolóxico e forman un extraordinario continuo de Bens Naturais e Paisaxísticos. Estes albergan unha alta diversidade biolóxica e diferentes hábitats e especies de flora e fauna silvestres incluídos na Directiva Hábitats, constituíndo, así mesmo, un sistema de áreas imprescindibles para facer posible a interconexión entre os espazos naturais xa protexidos e, xa que logo, garantir unha rede ecolóxica coherente.

Os espazos naturais presentan polo seu grao de excelencia numerosas debilidades entre as que destacan:

- Fraxilidade do recurso hídrico e do ecosistema acuático.

Derivada da calidade intrínseca.

Elevada produtividade.

Risco de contaminación.

- Fraxilidade da vexetación. Risco de incendios.

Derivada da alta ou moi alta naturalidade das súas comunidades vexetais á que engade a súa singularidade (biodiversidade, endemismos, interese científico, rareza, singularidade botánica, etc.)

Interese para a súa conservación en función das desfavorables condicións mesolóxicas.

Grande vulnerabilidade ante o lume pola confluencia de varios factores (baixa accesibilidade, alta biomasa, réxime de ventos, composición específica, etc.)

- Fraxilidade da fauna.

Derivada da diversidade, calidade, singularidade e estado de conservación dos hábitats.

Maiores taxas de biodiversidade do territorio.

Alto valor ornítico. Colonias de aves mariñas, áreas de cría e parada migratoria.

Presencia de especies raras e ameazadas en España, etc.

- Fraxilidade edáfica.

Singularidades xeomorfolóxicas, inestabilidade, complexidade fisiográfica, etc.

En función da calidade do solo (elevado grao de evolución) e da súa produtividade agraria, forestal, marisqueira, etc.

Hidromorfía.

Risco de erosión.

Risco de incendios forestais.-

Vulnerabilidade ante o lume pola confluencia de varios factores (baixa accesibilidade, alta biomasa, composición específica, etc).

- Fraxilidade da paisaxe.

Naturalidade e singularidades paisaxísticas.

Fitos e itinerarios paisaxísticos.

Intrusión paisaxística e/ou visión escénica.

- Posibilidade de afectar recursos históricos e culturais.
Recurso cultural e recreativo básico da comarca.
Valores patrimoniais de carácter histórico, arqueolóxico, etc.

As accións ou intervencións que poden orixinar afeccións aos seus valores ambientais e paisaxísticos relaciónanse a continuación:

- Alteración ou destrución dos hábitats por execución de obras ou infraestruturas.
- As modificacións das características morfolóxicas ou o recheo dos humidais con calquera tipo de material.
- A realización de canalizacións e dragaxes.
- A adecuación de praias con aportes externos de area.
- As actividades extractoras e movementos de terras.
- Instalacións industriais.
- Eliminación da cuberta vexetal.
- Acendemento de lume e queimas.
- Modificación dos usos do solo.
- Alteracións da drenaxe e do sistema hídrico.
- Emisión de contaminantes, vertido de residuos e produción de ruídos.
- A utilización de produtos praguicidas, funxicidas ou fitocidas.
- A introdución de especies de flora e fauna non autóctonas.
- Suburbanización. Edificación espontánea e urbanización desordenada do territorio.
- Tránsito con vehículos a motor e acampamentos.
- Instalación de carteis de propaganda.
- Acondicionamento para lecer e uso público.

SISTEMA HIDROGRÁFICO E HUMIDAIIS

O valor ecolóxico dos ríos é, en xeral, maior que noutras zonas do territorio en función da súa superior diversidade biolóxica, singular flora e fauna (caracterizada por unha alta porcentaxe de endemismos), así como por mor do seu intrínseco papel como conexión entre os ecosistemas terrestre e acuático.

O Inventario de Humidais de Galicia inventaría, ademais dos esteiros de Foz e Fazouro, os humidais das Brañas de Vilasindre e da Lagoa.

Estes humidais posúen excepcionais valores naturais polo seu papel no control hidrolóxico e no mantemento da diversidade biolóxica, sendo espazos de grande importancia e fragilidade. Ademais, os humidais litorais constitúen uns auténticos viveiros.

No que respecta ás características específicas da rede hidrográfica municipal, son tamén cuestións fundamentais a valorar, as seguintes:

- A súa condición de recursos hídricos básicos para o fornecemento de auga potable á poboación.
- As fontes, mananciais e humidais de cabeceira, emprazados nas serras costeiras, presentan un grande valor de conservación pois poden conter un enorme patrimonio biolóxico (constitúen áreas críticas para o mantemento de invertebrados acuáticos continentais, especies de flora e fauna raras, cunha apreciable taxa de endemicidade e cuxo coñecemento científico é reducido, e moi sensibles á alteración do seu hábitat).
- Os ríos Masma e Ouro están incluídos en Espazos Naturais Protexidos integrantes da “Rede Natura 2000”.
- O sistema hidrográfico desemboca en ecosistemas acuáticos moi fráxiles (Ría de Foz, Esteiro de Fazouro, etc), e do máximo interese para o mantemento e a conservación dos recursos.e, ademais, nas concorridas praias do municipio, polo que cómpre asegurar a axeitada preservación da súa diversidade biolóxica e da calidade das súas augas.
- Os contornos fluviais constitúen o cerne das exiguas masas arboradas autóctonas do municipio, que subsisten acantoadas neles verbo das específicas condicións mesolóxicas dos ríos e das valgadas.

- A ocupación destrutiva do dominio público hidráulico e a súa servidume de uso público por usos residenciais, a insuficiencia dos sistemas de saneamento, moi significativa nas implantacións industriais, e a proliferación de vertedoiros de lixo incontrolados nas súas marxes, ten orixinado unha forte degradación ambiental.

Ademais do seu importante papel como elementos vertebradores do territorio, os sistemas fluviais do municipio poñen en relación e conectan, polo tanto, áreas do máximo interese para a conservación da natureza, incrementando o seu elevado interese ambiental e fragilidade. Función conectiva que, nun contexto urbano e de intensa humanización, ten unha especial importancia debido á elevada fragmentación dos hábitats naturais, incrementando, polo tanto, o seu intrínseco interese ecolóxico e paisaxístico.

A súa alta capacidade amortecedora fronte das avenidas, tamponizadora da contaminación (filtran a contaminación difusa evitando a eutrofización das augas) e melloradora da fertilidade edáfica, reverten nun incremento dos seus valores ecolóxicos e, xa que logo, da calidade ambiental do territorio.

Os espazos fluviais e humidais presentan numerosas debilidades entre as que destacan:

- Fragilidade do recurso hídrico e do ecosistema acuático.

Derivada da calidade intrínseca, acuíferos potenciais, etc.

Fornecemento de auga. (subministro de auga potable ao municipio).

Risco de contaminación.

- Fragilidade da vexetación.

Complexidade e biodiversidade dos humidais, as ripisilvas e fragas asociadas aos ríos.

Alta naturalidade, á que se engade a súa singularidade (endemismos, biodiversidade, interese científico, rareza, etc.), e interese para a súa conservación en función das especiais condicións do medio.

- Fragilidade da fauna.

Derivada da diversidade e calidade dos hábitats.

Presencia de especies raras e ameazadas en España, etc.

- Fraxilidade edáfica.

Singularidade da xeomorfoloxía, complexidade da fisiografía, inestabilidade, hidromorfía, etc.

Risco de erosión.

- Fraxilidade da paisaxe.

Naturalidade e singularidade paisaxísticas.

Visión escénica.

- Posibilidade de afectar recursos históricos e culturais.

Valores patrimoniais de carácter histórico, etnográfico, etc.

Recurso cultural e recreativo básico do municipio.

As accións ou intervencións que poden orixinar afeccións aos seus valores ambientais e paisaxísticos son as mesmas sinaladas para os espazos naturais do municipio.

Identificación dos ríos que presentan valores ambientais:

CONCA RÍO MASMA-RÍA DE FOZ

Río Masma

Rego da Baesta

Rego de Pereira

Rego de Vilaronte

Río Centiño

Rego de Vilatuixe

Rego de Vilariño

Rego dos Teixos

Rego de Xinzo

Rego de Carín

Rego da Ferreira Vella

Rego do Caritel

CONCA RÍO OURO

Río Ouro

Rego de Santa Cilia

Rego de Barracido

Rego das Casás

Rego do Muíño

Rego do Raxal
Rego da Senra
Rego de Valmaior
Rego das Barreiras
Rego da Lagoa

CONCA RÍO MOUCIDE

Río Moucide-Alemparte
Rego das Barreiras
Rego de Cordido
Rego do Coruxo
Rego das Fontes de Moucide
Rego de Golpilleiras
Rego de Vilamor
Rego Agudo

CONCAS MENORES

Rego da Lagoa
Rego Real
Rego de Areoura

Resto de cursos fluviais protexidos indicados en planos de ordenación.

ESPAZOS AGRARIOS

As áreas cultivadas do municipio presentan elevados valores ambientais e socioculturais. Estes son eidos basicamente libres de edificación que manteñen unha notable actividade agrícola e nos que, hoxe en día, coexisten dúas configuracións: a formada polos eidos nos que se mantén vixente o complexo agrario tradicional, e as zonas nas que se desenvolveron procesos de concentración parcelaria.

A notable dispersión dos asentamentos tradicionais e a crecente diseminación residencial actual, xunto coa extensión das áreas transformadas ou afectadas por infraestruturas e industrias, comportan unha notable fragmentación e presión sobre os hábitats naturais. Ademais, as masas arboradas, dominadas por cultivos forestais de eucaliptos, presentan unha baixa diversidade biolóxica. Neste contexto, os hábitats vinculados aos espazos agropecuarios son quen soportan a maior diversidade de fauna ao conformar estes a matriz ambiental do territorio, sendo, xa que logo, fundamentais para o mantemento da biodiversidade.

Nos eidos os solos son de grande calidade (cambisoles), tanto pola súa máis completa evolución edáfica, como polas achegas encalantes e de materia orgánica levados a cabo dente antigo polos labregos. En canto á aptitude produtiva, no sector litoral (a alturas inferiores a 300 metros) localízanse os solos de maior aptitude. Nestas zonas as alternativas de cultivo son moi amplas e a produtividade potencial climática elevada. A aptitude das terras labradas no litoral da Mariña, avaliada para un baixo nivel de manexo por Calvo de Anta e Macías (1992), é considerada como boa ou moi boa para determinados cultivos esixentes. Así mesmo, a aptitude dos solos na comarca é considerada boa ou media para prados, pasteiros e forraxes. O desenvolvemento dos cultivos atopa poucas limitacións climáticas (risco de xeadas inferior aos tres meses, lixeiro déficit hídrico estival, baixa altitude), permitindo unha notable diversificación dos aproveitamentos, e facendo posible o desenvolvemento da floricultura e da hortofructicultura.

A suma dos valores climáticos e dos recursos edáficos favorecen o seu elevado e diverso potencial produtivo, o que pode supoñer unha destacada riqueza agronómica.

Os eidos presentan pola súa configuración e peculiaridades diferentes fragilidades entre as que destacan:

- Fraxilidade edáfica. Risco de erosión.
 - En función da calidade do solo (grao de evolución).
 - Moi alta capacidade agrolóxica do solo.
 - Produtividade agronómica e forestal moi elevadas.

- Fraxilidade da paisaxe.
 - Notable estado de conservación e singularidade da paisaxe.
 - Usos do solo básicos para a conservación da biodiversidade.

- Posibilidade de afectar recursos históricos e culturais.
 - Valor histórico cultural da organización e estrutura do hábitat.

- Interese sociocultural das actividades primarias.

As accións ou intervencións que poden orixinar afeccións aos seus valores ambientais e paisaxísticos relaciónanse a continuación:

- Ocupación destrutiva do solo
- Alteración por execución de obras ou infraestruturas agrarias.
- Modificación dos usos do solo.
- Alteracións da drenaxe e do sistema hídrico.
- Eliminación da ripisilva e da vexetación de bordo.
- Emisión de contaminantes, vertido de residuos.
- Suburbanización. Edificación espontánea e urbanización desordenada do territorio.
- Instalación de carteis de propaganda.

MONTES

Os montes de Foz posúen uns destacados valores non soamente pola súa condición de activos ambientais, contribución á conservación dos recursos naturais e da calidade ambiental, senón tamén derivados da súa elevada aptitude forestal e relevancia paisaxística. Á súa grande extensión superficial, configuración e situación nas cuncas inferiores dos ríos protexidos da Mariña Central, Masma e Ouro, así como na cabeceira das cuncas hidrográficas costeiras, únese a circunstancia de que están parcialmente incluídos en Montes Veciñais en Man Común (MVMC).

Os MVMC de Cangas de Foz e Cordido, emprazados no cordal do Buio, teñen, xunto cos Ríos Masma e Ouro, singular relevancia ambiental pola súa función de conexión ecolóxica entre os ENP das Serras Setentrionais Galegas (**LIC Es 1120015 Serra do Xistral**) e os diferentes ecosistemas do litoral Cantábrico. Particularmente, o sistema de humidais das Brañas de Vilasindre, ademais da súa importancia intrínseca, constitúen áreas imprescindibles para manter determinados fluxos.

Entre os servizos ambientais dos montes focenses cómpre destacar o seu papel na protección dos solos e na regulación do ciclo hidrolóxico, na fixación de carbono atmosférico, así como reservas de biodiversidade e elementos fundamentais das paisaxes.

Os montes con cuberta forestal xogan un papel básico na protección do ambiente atmosférico e na protección hidrolóxica, como protectores do solo fronte aos procesos erosivos, sendo básicos na regulación dos réximes hídricos e no mantemento da calidade dos recursos. As exiguas masas e orlas de arboredo autóctono, con diferentes graos de madurez e estado de conservación existentes nos montes, e os matos permanentes, posúen elevado interese ecolóxico pola súa contribución ao mantemento da biodiversidade, e constituír, xunto coas ripisilvas, a representación das formacións autóctonas do territorio. A reducida extensión e notable fragmentación dos bosques naturais condiciona notablemente a súa continuidade e viabilidade, incrementando a súa fragilidade.

No que respecta aos seus valores produtivos e potencialidades para o aproveitamento económico, os solos dos montes de Foz caracterízanse por ser moi aptos para diferentes usos forestais. Presentan, entre outras, condicións axeitadas para diversas coníferas pouco esixentes aos requirimentos edáficos e para eucaliptos.

En resumo, os montes presentan pola súa configuración e peculiaridades diferentes fragilidades entre as que destacan:

- Fraxilidade da vexetación. Risco de incendios forestais.
 Vulnerabilidade ante os lumes forestais en función da composición de especies, etc.
 Biodiversidade nas masas autóctonas.
- Fraxilidade dos recursos hídricos.
 Risco de contaminación. (Fontes e mananciais base do actual fornecemento de auga potable ao municipio).
- Fraxilidade edáfica.
 En función da calidade do solo (gra de evolución).
 Elevada capacidade agrolóxica dos solos.
 Produtividade forestal moi elevada.
 Presenza de zonas con risco de erosión.
- Fraxilidade da paisaxe.
 Configuración e preeminencia topográficas. Vistas panorámicas (condición de miradoiro natural) e escenario paisaxístico.

As accións ou intervencións que poden orixinar afeccións aos seus valores ambientais e paisaxísticos relaciónanse a continuación:

- Alteración por execución de obras ou infraestruturas forestais.
- Eliminación masiva da cuberta vexetal (cortas a feito).
- Acendemento de lume e queimas.
- Modificación dos usos do solo.
- Alteracións da drenaxe e do sistema hídrico.
- Emisión de contaminantes, vertido de residuos e produción de rúidos.
- Suburbanización. Edificación espontánea e urbanización desordenada do territorio.
- Acampadas.
- Instalación de carteis de propaganda.

A continuación relaciónanse os que presentan notables valores ambientais e paisaxísticos:

- Costa da Barreira-Monte da Barxa-Couto Lagoa-Monte do Calvario-Couto do Acibro
- Coto Rubio-Pena das Follas-Frouxeira-Couto-A Senra-A Baesta-Chao do Vidrieiro-Couto Curuto-Costa de Reiriz
- Couto Abelairas-Monte da Granda-Montes de Vilasindre-Montes de Moucide

- Monte do Pozomouro
- Monte Leboreiro
- A Arnela-Os Fondós
- Monte da Lebre-Couto Vilela-Monte Maior-Fraga de Castañedo

5.2. AVALIACIÓN DA APTITUDE DO SOLO PARA O SEU DESENVOLVEMENTO URBANÍSTICO PROPOSTO NO PLAN XERAL

Entre os factores definidos para avaliar a aptitude do territorio, foron consideradas as diferentes características do medio. Os condicionamentos urbanísticos preexistentes son, así mesmo, tidos en conta xunto coa distancia ás zonas urbanas e a súa accesibilidade.

A este respecto, a Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004 establece no apartado e) do seu artigo 15, que “os terreos que o plan xeral ou os instrumentos de ordenación do territorio consideren inaxeitados para o desenvolvemento urbanístico en consideración aos principios de utilización racional dos recursos naturais ou de desenvolvemento sostible”, constituirán o solo rústico, debendo ser preservados dos procesos de desenvolvemento urbanístico.

O dominio público marítimo-terrestre, así como o dominio público hidráulico e as súas zonas de protección definidas pola lexislación reguladora de costas e das augas continentais, constitúen ámbitos cuxa protección é incompatible coa súa urbanización.

Factores de localización.

En canto aos factores de localización para usos urbano residenciais, a preferencia para o establecemento de novas implantacións urbanas son os espazos contiguos ou próximos ás áreas residenciais existentes, xa que a influencia máis forte para a localización de actividades é o patrón existente na actualidade, por mor da dispoñibilidade dos servizos, infraestruturas e outros elementos existentes nos núcleos xa consolidados. As áreas cunhas características espaciais favorables, en canto á súa accesibilidade e funcionalidade, e aquelas áreas de actividade que concentran usos terciarios ou industriais, fainas tamén aptas para acoller estes usos.

Avaliación do impacto dos usos urbanos.

Os seguintes criterios foron establecidos para a avaliación do impacto dos usos urbanos residencial e industrial: cobertura vexetal, usos do solo, capacidade agrolóxica, impacto visual e paisaxístico. Ademais, realízase unha análise dos valores de conservación dos recursos naturais do territorio dende os puntos de vista ambiental (interese botánico e ecolóxico das formacións vexetais, fragilidade edáfica e dos recursos hídricos, biodiversidade, etc), e paisaxístico. Conforme ao inventario das áreas con fragilidade ambiental definidas con anterioridade, os espazos naturais do litoral teñen valores excepcionais, a continuación, son as áreas e cuncas de interese paisaxístico e os

sistemas fluviais e os seus contornos, os espazos que teñen os valores máis altos, seguidos das áreas agrícolas e dos montes.

Os espazos naturais protexidos e os ámbitos coa maior naturalidade e fragilidade considéranse, xa que logo, excluídos para os usos residenciais. Os usos tradicionais, agrícolas e forestais, optimizan os recursos pois o territorio presenta solos de elevada aptitude produtiva. Estes usos específicos (vocacionais) fainos preferentes ante outros usos distintos dos actuais, nos que os cambios do uso do solo supoñen un negativo impacto, así como a degradación do recurso e dos seus valores ambientais e paisaxísticos. Así mesmo, os montes son en xeral excluídos por ser especialmente importantes en referencia aos seus valores produtivos, paisaxísticos e ambientais. A continuidade do réxime protector establecido no planeamento vixente e a súa extensión naquelas áreas de monte non amparadas na actualidade, afectadas ou ameazadas por lumes, con risco de erosión ou necesarias para a protección hidrolóxico-forestal, é absolutamente imprescindible para asegurar a súa correcta xestión que posibilite a súa preservación dos procesos de urbanización e a recuperación dos seus valores.

As terras cultivadas libres de edificación teñen alta vocación específica para estes usos polos seus valores produtivos e por ser un activo factor de incremento da calidade ambiental urbana.

Os hábitats vinculados aos espazos agropecuarios soportan unha elevada diversidade de fauna, sendo, xa que logo, fundamentais para o mantemento da biodiversidade do territorio. Os maiores valores de impacto producíranse naquelas áreas que amosan moi alta aptitude agronómica, as que manteñen actividades agrícolas tradicionais relevantes, tanto pola súa extensión territorial como pola súa configuración paisaxística, e, especialmente, as lindeiras cos espazos naturais.

Os ámbitos que propician paisaxes escénicas, con zonas de alto potencial de vistas e incidencia visual presentan alta incompatibilidade para usos urbanos, polo carácter e magnitude dos impactos paisaxísticos. O interesante patrimonio cultural do municipio, cunha variada e intensa pegada no territorio, contribúe a caracterizar as súas paisaxes. A urbanización desordenada e a diseminación incontrolada dos hábitats residenciais polo territorio producen unha degradación das paisaxes e, en consecuencia, condicionan negativamente o desenvolvemento equilibrado e sostible do territorio e dificultan a aplicación de estratexias de xestión intelixente dos recursos e do patrimonio.

Condicionamentos derivados de procesos activos e riscos naturais.

As zonas de fortes pendentes, fisiografía complexa e con formacións superficiais presentan condicionamentos para o asentamento residencial. Así mesmo, as afectadas por riscos naturais, (chairas de inundación, cuncas de sedimentación fluvial ou mariña, etc.) presentan unha alta incompatibilidade por seren inseguras dende o punto de vista xeotécnico, considerándose igualmente pouco convenientes para o seu desenvolvemento urbanístico.

As formacións sedimentarias costeiras, e os diferentes sedimentos aluviais ofrecen diversos problemas xeomorfolóxicos e xeomecánicos que condicionan e limitan o desenvolvemento de infraestruturas e edificacións (deficiente drenaxe, incrementos bruscos nos caudais dos ríos, niveis freáticos altos, asentamentos diferenciais, inundacións por mareas vivas, etc). Os cantís e as vertentes acantiladas no sector litoral presentan grave risco de erosión ou deslizamento polos procesos da dinámica litoral e pola súa intrínseca inestabilidade. As rías de Foz e Fazouro son áreas dunha grande susceptibilidade á contaminación. As cuncas sedimentarias constitúen áreas vulnerables á contaminación de acuíferos subterráneos por mor da súa alta ou media-alta permeabilidade.

En consecuencia, o modelo de ordenación debe maximizar a integración territorial e paisaxística dando preferencia ás posicións e configuracións topográficas con características xeotécnicas que permitan o uso residencial de media/alta densidade.

5.3. ADECUACIÓN DAS INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS ÁS DETERMINACIÓNS DO PLAN XERAL

A continuación realízase a valoración da adecuación das infraestruturas e servizos necesarios para garantir os novos desenvolvementos en condicións de calidade e sostibilidade ambiental, así como a súa coherencia cos obxectivos de protección do dominio público natural.

No documento aválanse as infraestruturas viarias e hidráulicas, e a xestión dos residuos, elementos chave para o desenvolvemento do municipio e o mantemento e mellora da calidade ambiental.

Infraestruturas viarias e de transporte.

A rede de estradas que artellan o municipio constitúe un sistema de comunicacións eficaz, tanto na escala local como na supramunicipal. A implementación do Proxecto de Acondicionamento da estrada LU-152, mellorará, en breve, as relacións entre a cabeza municipal e o Valadouro, resolvendo o eixo interior cunha menor funcionalidade. A próxima construción da Autovía do Cantábrico (A-8) ofrecerá unha moi boa accesibilidade á Cornixa Cantábrica e a conexión coa autovía A-6 en Baamonde. Ademais, a complementaria execución dun Corredor Barreiros-San Cibrao-Ferrol, hoxe en día en estudo, contribuirá á vertebración e integración do territorio mariñao.

Neste contexto, as actuacións propostas polo Plan, detalladas na súa Memoria de Ordenación, consisten en melloras da accesibilidade que garanten un correcto acceso dende a Vila de Foz á Rede Primaria Básica.

O deseño das áreas de crecemento acompáñase, así mesmo, de actuacións na estrutura viaria nas que se apoia a ordenación, que cumpren co establecido na LOUG, en canto ao completamento das tramas urbanas e ás normas de calidade urbana. As vías urbanas presentan, en xeral, unha correcta inserción topográfica e un baixo nivel de incidencias ambientais, como corresponde a uns ámbitos caracterizados pola súas axeitadas condicións para acoller a urbanización e non afectar aos espazos fráxiles ou ambientalmente relevantes.

Mobilidade urbana sostible:

Xunto ás substanciais melloras na accesibilidade derivadas das actuacións a desenvolver nas infraestruturas viarias, é necesaria a consecución dunha mobilidade

urbana sostible, cuestión de grande relevancia para aumentar a racionalidade enerxética no transporte, reducir a contaminación e incrementar a calidade de vida e ambiental.

O Plan Xeral artella diversas medidas que contribuirán decisivamente á sostibilidade futura do sistema urbano de comunicacións, ao planificar os usos do solo e a mobilidade dun xeito integrado.

Co afortalamiento de estruturas urbanas densas e compactas e a descentralización dos equipamentos establécese o piar da mobilidade sostible no municipio. Ademais, a vinculación dos novos crecementos residenciais, cos terciarios e cos dotacionais programada polo Plan, intervirá de forma decisiva na optimización e racionalización do espazo urbano, e, así mesmo, na diminución dos impactos derivados dos movementos pendulares.

Como complemento, toda vez que a Avenida de Viveiro foi traspasada ao municipio polo Ministerio de Fomento logo da execución da Variante de Foz da estrada N-642, a súa consolidación a xeito de Travesía Urbana, acompañada do acondicionamento do tráfico con diversas medidas (redución da velocidade, dotación de aparcamentos), e dunha recualificación que incorpore, ademais do tráfico rodado, aqueles tráfico brandos (beirarrúas e sendas peonís, carrís bici, etc.), contribuirá, tamén, á consecución dunha mobilidade sostible.

A superación da conxestión provocada polo transporte en vehículo privado dependerá, en boa medida, da eficiencia na mobilidade do sistema urbano comarcal. O Transporte Público, urbano e interurbano, constitúe o medio de transporte máis eficaz e axeitado ás características do territorio, sendo, polo tanto, a alternativa máis equilibrada e de máis doada integración ambiental e urbana.

O fomento do transporte público, en particular o ferroviario, e dos modos de transporte pouco contaminantes e dos modos non motorizados, tal como reflicte o artigo 32 da lei 8/2002 de Protección do Ambiente Atmosférico de Galicia, debe ser unha medida a impulsar dende as administracións competentes.

No marco das actuacións no bordo litoral desenvolvéronse diversos itinerarios peonís que artellan os espazos públicos do municipio, singularmente no contorno das praias urbanas. A extensión desta rede no interior dos novos crecementos e nas áreas urbanas nas que se plantea a súa recualificación infraestrutural, que introduza ademais os itinerarios ciclistas, debe ser unha opción a implementar para mellorar a calidade da oferta de esparcemento e reducir a competencia polo uso do espazo público que orixina a masiva utilización dos automóviles privados.

Infraestruturas hidráulicas.

O desenvolvemento na última década ten sido moi notable nas infraestruturas hidráulicas, cuns grandes investimentos por parte das administracións que supuxeron unha importante renovación das infraestruturas, a ampliación da cobertura e a multiplicación dos servizos.

Abastecemento de auga potable:

O abastecemento de augas do municipio de Foz, basease fundamentalmente na captación de augas no Río Ouro que, por medio dunha canalización, se conduce á Estación de Tratamento de Auga Potable (ETAP) emprazada en Vilamea (Fazouro). Os núcleos non conectados ás redes xerais de distribución, fornécense das traídas veciñais con captacións nos ríos e nos mananciais emprazados nos montes. Estes datos dan conta da importancia de garantir o equilibrio ecolóxico natural destes ámbitos fonte de recursos, preservando a súas concas afluentes.

A auga tratada na ETAP condúcese mediante un bombeo ao depósito de Fazouro que ten unha capacidade de 3.000 m³ e, dende este, distribúese ao Parque Industrial, á cidade de Foz, así como aos asentamentos urbanos do litoral. O depósito de augas de Foz, emprazado irregularmente na croa do Castro de Marzán, ten unha capacidade de 2.000 m³. A infraestrutura básica de almacenamento dispón, xa que logo, dunha capacidade conxunta de 5.000 metros cúbicos.

O abastecemento complementábase cun elevado número de captacións individuais de pozos particulares. A administración municipal ven de proxectar diferentes actuacións para mellorar o servizo de abastecemento, entre as que se contempla a realización dun novo sistema de captación no Río Ouro, en San Acisclo, e unha nova rede de distribución que dea servizo ás parroquias do interior peor abastecidas.

Nos espazos costeiros, a estacionalidade da poboación, que incrementa fortemente os consumos no verán, compromete un fornecemento axeitado pola deficiencia das infraestruturas de almacenamento. O sistema e a rede actual garanten o axeitado subministro da práctica totalidade do termo municipal. Sen embargo, en función dos incrementos de actividade e de poboación derivados das previsións do Plan, a capacidade conxunta destes depósitos considérase insuficiente para dar cobertura aos usuarios equivalentes estimados para o ano horizonte.

O Plan proxecta as seguintes actuacións de carácter infraestrutural para resolver as actuais deficiencias do servizo e en previsión das necesidades derivadas das novos desenvolvementos urbanos:

- A ampliación da capacidade de potabilización da ETAP de Fazouro ata acadar os 300 litros por segundo.
- A construción dun novo depósito en Foz, reasentando e redimensionando o existente no Castro de Marzán, cunha capacidade de 7.500 m³, capaz para atender axeitadamente as necesidades de abastecemento dos usuarios previstos nas determinacións do PXOM.
- O completamento das redes de distribución co gallo de garantir a cobertura do servizo, pechando os treitos non resoltos na rede urbana.
- A programación da execución das conexións de abastecemento dos solos urbanizables.

Se ben en Foz, polo réxime hídrico dos ríos a auga non pode considerarse un ben escaso, a xestión sostible dos recursos fai obrigado actuacións decididas para fomentar a xestión integrada, reducindo a continua presión sobre os recursos hídricos e os custos infraestruturais. Acadar unha xestión eficiente nos procesos industriais debe converterse, polo tanto, nun dos obxectivos básicos. Complementariamente, deberase estudar a implantación de procesos de reciclaxe das augas, creación de circuítos integrados, etc.

Estas actuacións deberán ser implementadas no curto prazo, para asegurar o abastecemento de auga potable no municipio e a xestión sostible dos recursos.

Saneamento e depuración:

A Lei de protección da calidade das rías de Galicia e de ordenación do servizo público de depuración de augas residuais urbanas, que persegue compatibilizar o desenvolvemento urbano e industrial cos usos marisqueiros, o turismo e o baño nas rías considerando o medio natural como factor limitador común a ambos aspectos, establece uns obxectivos mínimos de calidade das augas das rías, coherentes con ditos aproveitamentos.

As características do medio receptor condicionan as actuacións de saneamento e os obxectivos de calidade dos efluentes por incidir nunha zona sensible, na que se

producen usos marisqueiros, actividades balnearias, e que está caracterizada pola súa elevada fragilidade ambiental e vulnerabilidade á contaminación. A compartimentación xeográfica do termo (dividido en varias concas de vertido), e os condicionamentos arriba enunciados, obrigan á implantación de alternativas de saneamento e depuración semi-descentralizadas cun reducido número de puntos de vertido que, ademais, permiten unha mellor acomodación ás específicas necesidades de tratamento dos efluentes.

As infraestruturas de saneamento e depuración do municipio de Foz teñen unha ampla cobertura, cunhas depuradoras recentemente renovadas no marco do Plan de Saneamento Integral de Foz e Barreiros, e co desenvolvemento das redes de saneamento nas parroquias rurais promovido por Augas de Galicia. O sistema municipal de saneamento e depuración divide ao termo en cinco concas de vertido, Cangas de Foz, Fazouro, Nois, Vilaronte e Foz. As parroquias occidentais de Cangas de Foz e Nois resolven a depuración das augas residuais por medio de senllas depuradoras compactas emprazadas na beiramar e emisarios mariños. A depuradora de Fazouro, emprazada no esteiro, amais de tratar as augas residuais urbanas, resolve a depuración da implantación industrial de Foz, e está dotada dun pozo de tormentas que regula a entrada das augas nos períodos de chuvias, impedindo o colapso da depuradora.

No que respecta á rede de saneamento da cidade, esta consiste maioritariamente nun sistema unitario polo que, nos períodos chuviosos, se poden orixinar sobrecargas na rede e problemas de funcionamento na depuradora. As augas residuais son tratadas na Estación Depuradora de Augas Residuais de Foz (EDAR), emprazada na zona portuaria.

A capacidade total de depuración prevista acada, a razón de 200 l/hab.día, os 19.000 habitantes.

As previsións de crecemento residencial esixen aumentar as capacidades actuais de xeito que resolvan a depuración duns 40.000 habitantes equivalentes. En consecuencia, o Plan Xeral propón diferentes actuacións encamiñadas a resolver as deficiencias detectadas, e en previsión das necesidades derivadas das novos desenvolvementos urbanos:

- A formulación dun Plan Especial de Saneamento Integral Municipal ao obxecto de optimizar o uso e xestión das redes, e da implantación xeneralizada dun sistema separativo, coa construción de colectores de augas pluviais que alcance ao conxunto do solo urbano.

- A construción dunha nova depuradora a emprazar en Foz, cun dimensionamento axeitado á demanda agardada no ano horizonte (33.000 hab.).
- O completamento das redes de saneamento para dar servizo á totalidade do solo urbano e a previsión da execución dos colectores perimetrais e conexións que dean servizo aos solos urbanizables.

A programación do plan establece, ademais, o ritmo axeitado na programación dos novos crecementos, priorizando as implantacións de completamento das tramas urbanas. Programación, polo tanto, que establece a eficacia diferida nos solos urbanizables, supeditada ao axeitamento desta infraestrutura con calidade, capacidade e cobertura territorial suficientes.

Por outra parte, cómpre valorar que a conexión do saneamento a unhas redes centralizadas esixe uns excesivos incrementos nos consumos enerxéticos (alto número de bombeos) e nos custes económicos e ambientais das obras infraestuturais necesarias, polo que é preciso avanzar na optimización completa dos sistemas de saneamento e depuración de cara a acadar un modelo ambiental, social e economicamente sustentable, reducindo a contaminación e promovendo o aforro e a eficiencia no uso dos recursos.

Neste contexto, a progresiva redución en orixe das augas e contaminantes a tratar (implantando tecnoloxías de aforro e reciclaxe das augas), e a aplicación de sistemas ecoeficientes baseados nas tecnoloxías de depuración natural e de baixo custe, deben representar as opcións de futuro. No tratamento das augas de chuvia débense valorar como prioritarios os sistemas de recollida e infiltración no terreo, para previr os seus negativos efectos sinérxicos e acumulativos.

En función das características do medio receptor e da localización das industrias, serán precisas diferentes medidas para previr e reducir efectos negativos nos ecosistemas acuáticos e nos recursos. Así, as actividades industriais incluídas no anexo 1 da Lei 16/2002 de prevención e control integrados da contaminación (IPPC) que pretendan emprazarse nas áreas industriais, deberán solicitar á administración a Autorización Ambiental Integrada, para adecuar as emisións producidas á capacidade de carga do medio receptor.

A xestión dos residuos.

O tratamento dos Residuos Sólidos Urbanos (RSU) implantado no municipio de Foz consiste na súa recollida e traslado á Ecoplanta de Barreiros para o seu posterior

procesado na planta de SOGAMA, S.A. A capacidade e viabilidade actual na xestión do incremento do volume de residuos no municipio está vinculada, xa que logo, á deste complexo. Ademais, está implantada a recollida selectiva de envases lixeiros e a recollida selectiva de vidro.

A cobertura territorial da recollida, si ben semella axeitada, non ocorre o mesmo coas dotacións que son baixas e deficientes os servizos (a recollida selectiva acada porcentaxes baixas), cuns baixos niveis de eficiencia.

A administración municipal, vistas as novas esixencias legislativas en materia medioambiental e as necesidades derivadas do desenvolvemento urbanístico proposto (incrementará notablemente a produción de lixo), deberá definir os mecanismos e procesos máis axeitados para acadar a Xestión Integral dos Residuos. Un primeiro paso na dirección correcta vense de producir coa instalación dun “Punto Limpo” para seleccionar e almacenar os produtos resultantes da recollida selectiva, asegurando o seu axeitado tratamento.

A redacción dun Plan Municipal de Recollida de RSU, que atenda ás novas necesidades, debe ser unha acción a acometer no curto prazo. Así mesmo, seguindo as normativas estatal e comunitaria, é necesario avanzar na consecución de dous obxectivos fundamentais de cara a acadar unha xestión sostible dos residuos: a diminución na produción, e a reciclaxe e recuperación dos residuos. Obxectivos que obrigan ao fomento da recollida selectiva en orixe, e a impulsar a implantación dunha Planta de Compostaxe descentralizada, de ámbito comarcal, que resolva o tratamento da materia orgánica compostable.

Ademais, cómpre prever a nova dotación ou reforzo das infraestruturas de depósito, recollida e transporte, e dispoñer dunha nova reserva de solo para a creación dun “Punto Limpo” vinculados ás implantacións industriais a desenvolver en Fazouro, de xeito que dea servizo aos usos industriais e terciarios propios do parque, e achegue o servizo á zona norte do municipio.

5.4. FICHAS RESUMO DAS MEDIDAS DE INTEGRACIÓN AMBIENTAL E PAISAXÍSTICA NAS NOVAS IMPLANTACIÓNS URBANAS

ÁMBITO	SUD 1 AS TORRES-LLAS
<p>DESCRICIÓN-XUSTIFICACIÓN Completar, desdensificar e redotar a malla urbana actual. SUPERFICIE: 19,5 ha DENSIDADE RESIDENCIAL: 20 Viv/Ha. USOS: Mixtos terciarios e residenciais EDIFICABILIDADE: 0.30 m²/m² INFRAESTRUTURAS: Conexión coas infraestruturas de abastecemento e saneamento principais.</p>	
<p>MEDIDAS DE INTEGRACIÓN AMBIENTAL E PAISAXÍSTICA Realizarase un axeitado encaixe dos volumes edificatorios que evite a creación de novas pantallas de edificación. Situaranse os espazos libres e zonas verdes arboradas no contorno nororiental da actuación de xeito que colaboren a minimizar os impactos visuais desde o litoral, incrementando e diversificando ao mesmo tempo, as súas oportunidades de espacemento e lecer.</p>	

ÁMBITO	SUD 2 FOLGUEIRAS
<p>DESCRICIÓN-XUSTIFICACIÓN Rematar a malla urbana e integrar as edificacións dispersas actualmente existentes. SUPERFICIE: 9,8 ha DENSIDADE RESIDENCIAL: 20 Viv/Ha. USOS: Mixtos terciarios e residenciais EDIFICABILIDADE: 0.30 m²/m² INFRAESTRUTURAS: Conexión coas infraestruturas de abastecemento e saneamento principais.</p>	
<p>MEDIDAS DE INTEGRACIÓN AMBIENTAL E PAISAXÍSTICA Situaranse zonas verdes arboradas no contorno oriental da actuación, de xeito que colaboren a minimizar os impactos visuais desde o litoral, posibiliten unha axeitada transición cos usos portuarios, e melloren as condición de percepción e disfrute do ENP da Ría de Foz.</p>	

ÁMBITO	SUND 1 FAZOURO 1
<p>DESCRIPCIÓN-XUSTIFICACIÓN Completamento da área de actividade industrial e reforzamento da base económica local. SUPERFICIE: 7,28 ha EDIFICABILIDADE BRUTA: 0.50 m²/m² INFRAESTRUTURAS: Conexión coas infraestruturas de abastecemento e saneamento principais</p>	
<p>MEDIDAS DE PREVENCIÓN, INTEGRACIÓN AMBIENTAL E PAISAXÍSTICA Protección da paisaxe, da calidade do aire e acústica coa formalización de zonas verdes arboradas establecidas en contacto coa infraestrutura viaria (N-634) e servindo de pantalla cara os edificios residenciais do núcleo.</p>	

ÁMBITO	SUND 2 FAZOURO 2
<p>DESCRIPCIÓN-XUSTIFICACIÓN Completamento da área de actividade industrial e reforzamento da base económica local. SUPERFICIE: 24 ha EDIFICABILIDADE BRUTA: 0.50 m²/m² INFRAESTRUTURAS: Conexión coas infraestruturas de abastecemento e saneamento principais.</p>	
<p>MEDIDAS DE INTEGRACIÓN AMBIENTAL E PAISAXÍSTICA Protección da paisaxe, da calidade do aire e acústica coa formalización de zonas verdes arboradas establecidas en contacto coa infraestrutura viaria (N-634).</p>	

6. PROPOSTA DE PLAN DE SEGUIMENTO DA SUSTENTABILIDADE DO PXOM

O obxecto deste Plan de Seguimento é promover un desenvolvemento sustentable e avaliar o cumprimento do planificado e as súas consecuencias.

Os indicadores de planeamento son indicadores específicos do planeamento que serven para comparar a realidade antes do plan coa situación planificada. Corresponden con variable medibles polo propio plan.

O Plan de Seguimento incorporará uns cadros resumo con indicadores (cuantitativos e cualitativos) de índole ambiental similares aos Indicadores de Seguimento e Control do Documento marco de referencia para a AAE dos PXOM da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

INDICADORES DE SEGUIMENTO E CONTROL				
Variable	Indicador		Criterios de medición	Temporalidade
Consumo de solo	1	Solo artificializado	Evolución real tras o Plan. Ha	4 anos
	2	Recuperación de solos en desuso	Hectáreas	4 anos
	3	Solos en desuso	Hectáreas	4 anos
	4	Densidade de poboación	Hab./Ha solo artificializado	4 anos
	5	Patrimonio municipal ou público de solo	Hectáreas	4 anos
	6	Evolución do padrón municipal	Habitantes por ano	4 anos
	7	Superficie de solos contaminados	Hectáreas	4 anos
	8	Estándar de dotación do conxunto do solo urbano fóra da Vila	m ² /habitante	4 anos
	9	Porcentaxe de zona libre na Vila de Foz s/solo urbanizado	%	4 anos
	10	Nº de licenzas para actividades empresariais compatibles con outros usos fóra dos solos urbanizados para tal uso.	Nº	4 anos
	11	Porcentaxe de polígonos e peris desenvolvidos sobre o total programado a 4 anos.	%	4 anos
Ciclo hídrico	12	Demanda total municipal de auga	M ³ /ano	4 anos
	13	Consumo doméstico de auga	l/hab./día	4 anos
	14	Distribución da demanda	% doméstico, industrial, servizos	4 anos
	15	Perdas na rede de abastecemento	% sobre o total	4 anos
	16	Vivendas con rede de abastecemento de auga	% sobre o total	4 anos
	17	Vivendas con rede de saneamento e conectadas a EDAR	% sobre o total	4 anos
	18	Rede de saneamento separativa co respecto ao total.	%	4 anos

INDICADORES DE SEGUIMIENTO E CONTROL				
Variable	Indicador		Criterios de medición	Temporalidade
Ciclo Hídrico	19	Nº de empresas con autorización de vertedura.	Nº	4 anos
	20	% auga reutilizada	%	4 anos
	21	Calidade da auga dos ríos e diversidade biolóxica	Plan Hidrolóxico Galicia Costa	8 anos
	22	Capacidade de potabilización da planta de Vilamea	m ³ /día	8 anos
		Parte de treitos por resolver no mallado do abastecemento do solo urbano sobre o total pendente e programado polo plan.	% sobre o total	8 anos
	23	Capacidade de almacenamento de auga para abastecemento en relación á demanda calculada no plan	% sobre o total	8 anos
	24	Capacidade de depuración do conxunto das depuradoras existentes en relación ca demanda calculada no plan	% sobre o total	8 anos
	25	Parte de colector de saneamento por bombeo sobre o total	%	8 anos
26	Porcentaxe de reutilización das augas grises.	%	8 anos	
Enerxía	27	Consumo total electricidade e gas natural.	Tep/ano	8 anos
	28	Distribución do consumo.	% doméstico, industrial, servizos	8 anos
	29	Nº edificios con certificación enerxética.		8 anos
	30	Vivendas con instalacións solares.	% sobre o total	8 anos
	31	Iluminación pública no consumo enerxético do Concello.	% sobre o total	8 anos
	32	Enerxías renovables no consumo municipal.	% sobre o total	8 anos
Emisións de contaminantes	33.	Calidade do aire urbano.	Nº días boa calidade ou % de poboación exposta a niveis elevados dos distintos contaminantes	8 anos
	34	Porcentaxe de poboación exposta a niveis sonoros superiores aos recomendados pola OMS	%	8 anos
	35	Nº antenas ou instalacións de telefonía móbil no Concello	Nº	8 anos
Xestión de residuos	36	Xeración de residuos urbanos	Kg/hab/día	8 anos
	37	Distribución da xestión dos RSU (vertedeiro, incineración, reutilización ou reciclaxe)	%	8 anos
	38	Xeración de residuos perigosos	Tm/ano	8 anos
	39	Distribución na xestión dos residuos perigosos (valorización ou eliminación)	%	8 anos
	40	Reutilización de materiais de construción	%	8 anos
	41	Recollida selectiva	%	8 anos
Xestión de residuos	42	Índice de accesibilidade das vivendas aos puntos limpos	(vivendas x km)	8 anos
	43	Índice de accesibilidade das empresas aos puntos	(empresas x km)	8 anos

INDICADORES DE SEGUIMIENTO E CONTROL				
Variable	Indicador		Criterios de medición	Temporalidade
		limpos.		
Actividades económicas	44	Evolución do solo para actividades económicas	Evolución real tras o Plan (Ha e %)	8 anos
	45	Parte do solo urbanizado destinado a actividades económicas ocupado por actividades económicas	% sobre o total	8 anos
Integración social	46	Familias que perciben a prestación de rendas básicas	%	8 anos
	47	Taxa de desemprego	%	8 anos
	48	Actividades realizadas para fomentar a participación pública no planeamento	Nº	8 anos
	49	Satisfacción da cidadanía co municipio		8 anos
	50	Porcentaxe de vivenda protexida existente sobre o total	%	8 anos
	51	Estándares de dotación pública por habitante	m ² /hab	8 anos
Medio natural	52	Evolución do solo protexido	%	8 anos
	53	Grao de diversidade faunística	Superficie especies autóctonas/Superficie especies alóctonas	8 anos
	54	Grao de diversidade florística	Superficie especies autóctonas/Superficie especies alóctonas	8 anos
	55	Grao de degradación acuícola ou índice corredor verde	% Superficie de bosque de ribeira/Superficie total do Municipio	8 anos
	56	Grao de mantemento de cultivos e pastos	% Superficie de cultivos e pastos/Superficie total do Municipio	8 anos
Medio Rural	57	Poboación municipal que vive no medio rural.	% con respecto ao resto do Municipio	4 anos
	58	Grao de conexión de núcleo rural.	% superficie de circunscrición de núcleo (solo núcleo rural+solo agrícola) / Superficie Concello	4 anos
	59	Grao de dispoñibilidade de núcleo rural.	Σ (superficie para entidade de diseminado x poboación diseminada) / Σ / (superficie núcleo tradicional x poboación non tradicional)	4 anos

INDICADORES DE SEGUIMIENTO E CONTROL				
Variable	Indicador	Criterios de medición	Temporalidade	
Medio urbano	60	Porcentaxe de obtención de sistema xeral de espazos libres do litoral sobre o total dos espazos libres propostos polo Plan.	%	8 anos
	61	Porcentaxe de solo agrícola cultivado sobre solo de protección agrícola clasificado polo Plan.	%	8 anos
	62	Porcentaxe de vivendas dos núcleos rurais que verten a fosas sépticas sobre vivendas totais nos núcleos rurais.	%	4 anos
	63	Evolución zonas verdes e accesibilidade	Evolución real tras o Plan	8 anos
	64	Índice biodiversidade	- Nº especies - Nº individuos de cada especie por superficie - Abundancia relativa de cada especie	8 anos
	65	Nº especies fauna urbana	Nº	8 anos
	66	Densidade de poboación en solo urbano	Habitantes en solo urbano/ Superficie de solo urbano	4 anos
	67	Porcentaxe de poboación nos núcleos urbanos de Cangas, Nois, Vilaronte e Fazouro sobre o total da poboación dos núcleos urbanos.	%	4 anos
Patrimonio	68	Liñas subterráneas de infraestruturas e servizos	%	8 anos
	69	Licenzas para rehabilitación de edificios e vivendas	Nº	4 anos
	70	Entidades colaboradoras para o mantemento e conservación constituídas no municipio	Nº	8 anos
	71	Calidade do inmobile	% edificios tradicionais sobre o total	11 anos
	72	Porcentaxe de vivendas en mal estado e ruínas dentro da Vila Histórica de Foz e a ordenanza 3	% edificios sobre total dos tradicionais	11 anos
	73	Porcentaxe de vivendas en mal estado e ruínas dentro do Porto de Nois	% edificios sobre total dos tradicionais	11 anos
Movilidade sustentable	74	Evolución dos indicadores de planeamento dedicados á mobilidade sustentable tras o Plan	% e lonxitude total	11 anos
	75	Lonxitude total dos carrís bici.	ml	11 anos
	76	Vías de Coexistencia.	ml	11 anos
	77	Porcentaxe do espazo viario peonil	%	11 anos transporte público e 11 anos bicis ...
	78	Desprazamento dos habitantes	Despl./hab/día	8 anos

INDICADORES DE SEGUIMIENTO E CONTROL				
Variable	Indicador		Criterios de medición	Temporalidade
	79	Distancia media por habitante	Km/hab/día	8 anos
	80	Distribución dos desprazamentos por modos	% transporte público, vehículo privado, peonil ou bicicleta	8 anos
	81	Nº de viaxeiros que usan o transporte público	Nº	8 anos
Mobilidade sustentable	82	% de desprazamentos dentro do municipio	%	4 anos
	83	Intensidade de tráfico na N-634	Nª vehículos/día	4 anos
	84	Porcentaxe de desprazamentos en tren	%	4 anos
	85	Porcentaxe de desprazamentos en autobús	%	4 anos
	86	Porcentaxe de espazos público accesible	%	4 anos
	87	Porcentaxe de viario accesible	%	4 anos
Vivenda	88	Evolución da vivenda planificada e a protexida tras o Plan	Nª vivendas e %	8 anos
	89	Demanda da vivenda protexida	Nª vivendas	8 anos
	90	Prezo medio da vivenda en relación á renda media dispoñible (evolución)	%	8 anos
	91	Vivendas baleiras	%	4 anos
	92	Vivendas en ruínas	%	4 anos
	93	Evolución da distribución de vivendas tras o Plan	% e vivendas/Ha	4 anos
	94	Superficie residencial por habitante	m ² /hab.	4 anos
	Outros	95	Grao de avellentamento da poboación	% poboación > 64 anos/poboación < 20 anos ou poboación > 84 anos / poboación < 20 anos

A definición do criterio de temporalidade pretende encaixar o seguimento e control das determinacións do Plan Xeral no período do seu desenvolvemento que se establece na estratexia de actuación. Estes períodos son cuadrienais, coherentes coas establecidas polas anteriores lexislacións urbanísticas, posto que a vixente lexislación debilitou o carácter programador do Plan Xeral.

7. VIABILIDADE ECONÓMICA DA ALTERNATIVA SELECCIONADA

7.1. ESTRATEXIA DE ACTUACIÓN

De acordo co establecido no art. 60 LOUG, o Plan Xeral de Ordenación Municipal incorpora unha estratexia de actuación para o seu desenvolvemento coherente, e en particular determina a execución dos sistemas xerais que deban crearse para o desenvolvemento das áreas de solo urbano non consolidado e dos sectores de solo urbanizable.

A estratexia de actuación obedece ao encadeamento funcional das diferentes accións e a súa coordinación temporal cun horizonte fixado no período de vixencia do Plan Xeral, tendente á mellor e máis equilibrada consecución dos obxectivos do Plan expostos na Memoria de Ordenación. Para tal fin contén:

- a) Un listado no que están recollidas todas as actuacións de desenvolvemento previstas:
 - . Áreas de solo urbano non consolidado.
 - . Áreas de solo urbanizable.
 - . Novos sistemas xerais.
 - . Novas dotacións de carácter local.
 - . Outras obras de mellora de viario, infraestruturas e espazos públicos.
- b) Para cada actuación de desenvolvemento urbanístico exprésanse as actuacións infraestruturais que deben realizar previa ou simultaneamente.
- c) A relación de actuacións urbanísticas preferentes, expresando para cada unha delas os prazos para o seu desenvolvemento e as condicións específicas establecidas para o mesmo.

A estratexia do Plan encamiñase a consolidar o modelo de asentamentos e fortalecer o sistema urbano do Concello de Foz. Para isto propóñense actuacións de nova urbanización a través dos polígonos de execución integral, en solo urbano, e dos solos urbanizables, para a consecución dun axeitado estándar de dotacións, infraestruturas e urbanización do espazo público, que complementen a oferta actual.

Inclúense en consecuencia o conxunto de actuacións urbanizadoras e os sistemas dotacionais e infraestruturais asociados ás mesmas e as actuacións programadas para

ser desenvolvidas directamente pola administración, sen estar asociadas ás actuacións de desenvolvemento urbanístico.

No que se refire á priorización das actuacións de desenvolvemento urbanístico establécese unha orde de prelación para as actuacións de iniciativa privada, asociadas ás actuacións de impulso que serán levadas a cabo pola iniciativa pública en virtude do sistema de actuación previsto para cada unha delas.

Daquelas actuacións de carácter público, incluíranse no apartado de actuacións urbanísticas preferentes, as que polo seu interese xeral se considera necesario impulsar prioritariamente. Neste caso atópanse as actuacións en materia de auga e saneamento que non sendo asignadas aos desenvolvementos urbanísticos previstos, teñen un carácter estratéxico para a mellora da calidade de vida no municipio, e son necesarias para concluír os plans en desenvolvemento.

No que respecta ás determinacións de estrutura viaria, incorpóranse á estratexia do Plan actuacións de iniciativa pública xa en desenvolvemento (acondicionamento da travesía urbana da N-642 na ponte de Fazouro, acondicionamento da estrada LU-152 e acondicionamento da travesía urbana da antiga N-642, a conexión entre a LU-152 e a CP-0210 e unha vía de circunvalación ao norte da Vila entre a rúa Concello de Sarria e a CP-2011.

Igualmente incorpórase á estratexia aquelas actuacións de ampliación e mellora de vías autonómicas e provinciais nas súas travesías por núcleos urbanos e rurais e das estradas provinciais e locais de sistema xeral máis estruturantes.

No relativo ás zonas verdes e dotacións públicas, sinálanse como actuacións integramente públicas preferentes, o acondicionamento e a obtención de parte do solo para o Parque do Castro, zonas libres en Cangas, zona libre praia de Llas e Castros de Fazouro e o complemento da zona libre do Parque Industrial de Foz, entre outras.

O alcance da estratexia de actuación desenvólvese no apartado correspondente da Memoria de Ordenación do Plan Xeral.

7.2. AVALIACIÓN ECONÓMICA DO PLAN

Entre as determinacións e documentos que a Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia establece como constitutivos dos Plans Xerais, figura o Estudo Económico.

Conforme ao art. 60.3. LOUG, o Plan Xeral contén:

- A avaliación económica do custo de execución dos sistemas xerais viarios, de infraestruturas, espazos libres e zonas verdes, así como a obtención do solo para as dotacións de sistema xeral.
- A determinación do carácter público ou privado das inversións priorizadas a realizar, coa fixación no primeiro caso dos organismos ou entidades públicas que as asumen, xustificando as previsións que cumpra realizar con recursos propios do Concello.
- A avaliación económica das actuacións previstas.

O carácter e alcance do Estudo Económico vén xustificado pola necesidade de estimar o custo aproximado que implicará a execución das determinacións do Plan, e amosar a viabilidade das propostas.

Os criterios de planeamento cos que se ten traballado e que máis directamente condicionan a avaliación económica, poden resumirse en:

Aplicación tanto no solo urbanizable coma no solo urbano non consolidado do principio legal de cesión obrigatoria e gratuíta dos solos que deban destinarse a usos colectivos, de espazos e equipamentos públicos, o que esixe adecuados mecanismos de reparto de cargas e beneficios. Nese criterio apóiase a determinación de unidades de execución integral no solo urbano non consolidado nos que as cesións se obteñen por “autocompensación” no ámbito de cada unha desas unidades.

Avaliáronse as expropiacións necesarias para garantir a execución do Plan, aplicando os criterios de valoración da lexislación urbanística, considerando os valores aplicados polo Concello nas últimas adquisicións de solo.

Os custos totais inclúen o presuposto de contrata para a execución das obras e custo de expropiación incluíndo, de ser o caso, as indemnizacións, expresadas en euros e os custos do seguimento ambiental.

A seguinte táboa sintetiza o custo de execución de todas as actuacións previstas polo Plan Xeral para o Municipio de Foz e que se pormenorizan e desglosan no seu Estudo Económico.

CADRO Nº 16: VALORACIÓN DAS PROPOSTAS DO PLAN XERAL

		Custo Total (euros)
SOLO URBANO NON CONSOLIDADO		5.661.222,14
SOLO URBANIZABLE		10.961.050,00
SISTEMA XERAL VIARIO		15.202.891,40
SISTEMA XERAL INFRAESTRUTURAS		4.898.699,81
SISTEMA XERAL ZONAS VERDES		4.376.745,38
SISTEMA XERAL DOTACIÓNS		138.400,48
SISTEMA LOCAL VIARIO		3.930,89
SISTEMA LOCAL INFRAESTRUTURAS		1.029.695,20
SISTEMA LOCAL ZONAS VERDES		136.639,54
SISTEMA LOCAL DOTACIÓNS		10.948,43
REURBANIZACIÓN NÚCLEOS URBANOS		9.177.290,23
REURBANIZACIÓN NÚCLEOS RURAIS		7.451.472,69
TOTAL PROPOSTAS PLAN XERAL		74.251.877,59

Do conxunto de propostas o Plan prioriza, encaixando en dous cuadrienios de execución, as que considera estratéxicas e de interese xeral, tal e como se amosa no seguinte cadro:

CADRO Nº 17: VALORACIÓN DAS PROPOSTAS PREFERENTES DO PLAN XERAL POR CUADRIENIOS

	Custo Total (euros)	Prazo (anos)
TOTAL SOLO URBANO NON CONSOLIDADO	1.947.031,35	4
TOTAL SOLO URBANO NON CONSOLIDADO	1.140.549,83	8
TOTAL SOLO URBANO NON CONSOLIDADO	3.087.581,18	
TOTAL SOLO URBANIZABLE	3.194.113	4
TOTAL SOLO URBANIZABLE	5.249.149	8
TOTAL SOLO URBANIZABLE	8.443.262	
TOTAL SISTEMA XERAL VIARIO	10.630.831,41	4
TOTAL SISTEMA XERAL VIARIO	4.572.059,99	8
TOTAL SISTEMA XERAL VIARIO	15.202.891,40	
TOTAL SISTEMA XERAL INFRAESTRUTURAS	1.272.825,06	4
TOTAL SISTEMA XERAL INFRAESTRUTURAS	3.625.874,75	8
TOTAL SISTEMA XERAL INFRAESTRUTURAS	4.898.699,81	
TOTAL SISTEMA XERAL ZONAS VERDES	2.716.616,20	4
TOTAL SISTEMA XERAL ZONAS VERDES	1.593.908,80	8
TOTAL SISTEMA XERAL ZONAS VERDES	4.310.525,00	
TOTAL SISTEMA LOCAL ZONAS VERDES E DOTACIÓNS	53.245,30	4

	Custo Total (euros)	Prazo (anos)
TOTAL SISTEMA LOCAL ZONAS VERDES E DOTACIÓNS	0,00	8
TOTAL SISTEMA LOCAL ZONAS VERDES E DOTACIÓNS	53.245,30	
TOTAL SISTEMA LOCAL INFRAESTRUTURAS	493.675,80	4
TOTAL SISTEMA LOCAL INFRAESTRUTURAS	477.255,20	8
TOTAL SISTEMA LOCAL INFRAESTRUTURAS	970.931,00	
TOTAL SISTEMA LOCAL VIARIO	0	4
TOTAL SISTEMA LOCAL VIARIO	3.930,89	8
TOTAL SISTEMA LOCAL VIARIO	3.930,89	
TOTAL REURBANIZACIÓN NÚCLEOS URBANOS	1.038.894,66	4
TOTAL REURBANIZACIÓN NÚCLEOS URBANOS	3.591.045,04	8
TOTAL REURBANIZACIÓN NÚCLEOS URBANOS	4.629.939,70	
TOTAL REURBANIZACIÓN NÚCLEOS RURAIS	3.686.183,64	4
TOTAL REURBANIZACIÓN NÚCLEOS RURAIS	3.765.289,05	8
TOTAL REURBANIZACIÓN NÚCLEOS RURAIS	7.451.472,69	
TOTAL ACTUACIÓNS PREFERENTES PLAN XERAL 1º CUADRIENIO	25.033.416	4
TOTAL ACTUACIÓNS PREFERENTES PLAN XERAL 2º CUADRIENIO	24.019.063	8
TOTAL ACTUACIÓNS PREFERENTES PLAN XERAL	49.052.478,97	

Da comparativa das dúas táboas pódese concluír que o Plan Xeral compromete en Estratexia a execución de máis do 65% das súas propostas.

En canto ao reparto por quadrienios, realízase unha distribución que supón unha inversión lixeiramente superior para o primeiro quadrienio, o que permite paliar déficits históricos a nivel infraestrutural, dotacional e de servizos.

O pormenor das diferentes partidas pódese consultar no Estudo Económico do Plan Xeral.

7.3. VIABILIDADE ECONÓMICA

7.3.1. Financiamento e viabilidade do Plan Xeral

O financiamento das actuacións previstas no Plan correrá a cargo das diferentes administracións segundo as súas competencias específicas máis aló daquelas actuacións nas que o financiamento corresponde ao sector privado en razón do cumprimento das obrigas impostas pola lexislación vixente aos propietarios, tanto no referente ao custo dos gastos de urbanización como á cesión gratuíta do solo.

No que ao sector privado se refire, a precisa regulación legal das súas obrigas en razón do réxime xurídico de cada clase de solo, facilita a identificación do seu papel en canto axente inversor. No relativo ao sector público, será preciso diferenciar as distintas administracións con competencias e a capacidade inversora segundo o tipo de actuación das que o Plan prevé.

Nunha primeira aproximación destaca a presenza da Administración Autonómica, que está presente no financiamento do acondicionamento do viario da súa titularidade, e tamén o estará nas grandes infraestruturas de abastecemento e saneamento. A Consellería de Cultura participará no acondicionamento de ámbitos de interese etnográfico e cultural.

A Administración Estatal estará presente no acondicionamento de espazos costeiros cualificados como espazos libres e de ocio, e no acondicionamento dos espazos urbanos de travesía da N-642.

A Deputación Provincial colabora fundamentalmente nas inversións de mellora dos núcleos rurais, tanto a nivel de pavimentación como de dotación infraestrutural, con cargo aos Plans Provinciais de Cooperación e aos Programas Operativos Locais dos sucesivos anos, así como no viario da súa titularidade.

A Administración Municipal correrá coas inversións relativas á urbanización e reurbanización dos núcleos urbanos, formación de zonas verdes e parques públicos e aportacións ás obras de infraestrutura básica do sistema local. Tamén aportará parte da inversión necesaria para a urbanización e reurbanización dos núcleos rurais e, puntualmente, na aportación de solo para infraestruturas de sistema xeral.

Nas obras de reurbanización e de implantación ou reposición de servizos colaborarán os propietarios especialmente beneficiados polas mesmas, mediante contribucións especiais.

Dentro deste marco xeral, procede a pormenorización dos criterios a utilizar para a asignación de cada actuación concreta das priorizadas a un ou varios axentes inversores citados para, máis adiante, proceder a analizar a acomodación das asignacións resultantes á previsible capacidade inversora de cada un deles, principalmente, e segundo o establecido no artigo 60.3 da LOUG, xustificaranse as previsións que cumpra realizar con recursos propios do Concello.

7.3.2. Criterios de asignación de custos por axentes inversores

O contido deste apartado estrutúrase por tipos de actuación dentro dos grandes conceptos: obras de execución de sistemas xerais, accións de reurbanización e accións de nova urbanización.

A exposición fará referencia dentro de cada un destes conceptos aos criterios de asignación de axentes segundo tipos concretos de actuación programada, especificando as situacións particulares que teñan requirido un tratamento singular e recollendo con carácter xeral previsións e compromisos de inversión coñecidos. No suposto de que se atribúa o financiamento a administracións ou entidades públicas distintas á municipal, estas teñen carácter meramente indicativo e non vinculan ás referidas administracións (art. 60 da LOUG).

Sistemas Xerais

- Sistema Xeral viario:

Comprende actuacións de novo trazado na rede xeral de estradas, así como as distintas accións de mellora e acabado. O seu financiamento asígnase ás administracións con competencia sobre o viario de que se trate.

Deste modo, corresponde á Administración Autonómica o acondicionamento do viario da súa titularidade, que xa ten iniciadas as actuacións sobre a estrada LU-152.

A Deputación Provincial se lle asigna o acondicionamento das vías da súa titularidade así como as travesías das mesmas.

O Concello, xunto cos axentes privados como inversores de solos urbanizables, correrán co acondicionamento do viario que atende a ditos ámbitos.

- Sistema Xeral de infraestruturas básicas:

A Administración Autonómica asumirá a totalidade das actuacións de implantación ou ampliación das grandes infraestruturas de sistema xeral da rede de abastecemento (impulsión, condución xeral, depósitos) e de saneamento (nova EDAR, colectores, bombeos e impulsión).

Os axentes privados, como inversores dos solos urbanizables ou dos ámbitos de solo urbano non consolidado, correrán coa participación correspondente de execución ou ampliación das redes xerais ou principais de servizos das que se serven.

- Sistema Xeral de espazos libres e zonas verdes públicas:

A Administración Central correrá co acondicionamento dos grandes parques de costa (zonas libres de Cangas, Castro de Fazouro e Praia de Llas), mentres que o Concello financiará o Parque do Castro en Foz.

O Concello participará no acondicionamento dos ámbitos de zonas verdes de sistema xeral adscritos ao desenvolvemento de solos urbanizables en tanto que os privados, na súa calidade de axente urbanizador, correrán co correspondente acondicionamento dos ámbitos incluídos nos sectores de nova urbanización.

Accións de Reurbanización

- Viario local e reurbanización:

Comprende as actuacións de ampliación, mellora e acondicionamento das rúas dos núcleos urbanos. Nas actuacións de reurbanización priorízanse aqueles ámbitos onde xa están en marcha procesos de implantación de novas. Neste ámbito, participan o Concello, a Administración Autonómica, a Administración Central, a Deputación Provincial e os privados.

Nos demais ámbitos de solo urbano que precisan reurbanización o Concello asume un 50% dos custos, e os privados o 50% mediante contribucións especiais.

- Reurbanización nos núcleos rurais:

Prevese incluír as actuacións de reurbanización dos núcleos rurais nos Plans Provinciais de Cooperación dos diversos anos que a tal efecto ten establecido a Deputación Provincial, estimándose unha participación desta administración do 50%, en tanto que o Concello e os particulares correrán co 25% cada un.

En caso de pretenderse maior ritmo de reurbanización dos núcleos, o Concello pode incrementar a súa participación.

- Sistema local de Abastecemento e de Saneamento:

Contémplase unha participación da Deputación Provincial nas actuacións de abastecemento de sistema local, non incluídas nos apartados anteriores, do 50% en tanto que o Concello e os particulares correrán co 25% cada un.

Accións de nova Urbanización

- Polígonos de Execución en Solo Urbano:

As actuacións previstas nas unidades de execución integral teñen carácter de actuacións unitarias de completamento en solo urbano non consolidado, nas cales, as inversións en urbanización atópanse directamente vinculadas aos aproveitamentos urbanísticos que xera o Plan; constitúen por tanto, non só ámbitos definidos para a execución unitaria, senón tamén capaces de posibilitar a distribución de cargas e beneficios do planeamento no seu interior.

Reúnen, en consecuencia, todas as condicións para facer posible a cumprimentación das obrigas que son esixibles aos propietarios, entre as que se atopa, segundo o establecido no art. 132 da LOUG, o financiamento dos gastos de urbanización.

- Sectores de Solo Urbanizable:

De conformidade co establecido na LOUG corresponderá aos propietarios do solo urbanizable custear a urbanización, ademais de ceder obrigatoria e gratuitamente os terreos destinados a vías, parques e xardíns e reservas dotacionais.

Resumo da asignación por axentes inversores das actuacións preferentes

	CUSTO TOTAL (EUROS)	DISTRIBUCIÓN DA INVERSIÓN				
		Concello	Xunta de Galicia	Admón. Central	Deputación	Privados
SISTEMA XERAL						
Rede viaria	15.202.891,40	0,00	9.266.257,17	1.120.000,00	4.816.634,23	0,00
Infraestruturas básicas de abastecemento e saneamento	4.898.699,81	52.065,93	4.686.793,88	0,00	0,00	159.840,00
Espazos libres, zonas verdes e equipamentos	4.310.525,00	1.992.386,00	0,00	2.318.139,00	0,00	0,00
TOTAL SISTEMA XERAL	24.412.116,21	2.044.451,93	13.953.051,05	3.438.139,00	4.816.634,23	159.840,00
REURBANIZACIÓN E SISTEMA LOCAL						
Infraestruturas de sistema local	970.931,00	242.732,75	0,00	0,00	485.465,50	242.732,75
Viaro local	3.930,89	0,00	0,00	0,00	0,00	3.930,89
Espazos libres, zonas verdes e equipamentos	53.245,30	29.783,23	0,00	2.630,87	0,00	20.831,20
Reurbanización de núcleos urbanos	4.629.939,70	2.314.969,85	0,00	0,00	0,00	2.314.969,85
Reurbanización de núcleos rurais	7.451.472,69	1.862.868,17	0,00	0,00	3.725.736,35	1.862.868,17
TOTAL SISTEMA LOCAL	13.109.519,58	4.450.354,00	0,00	2.630,87	4.211.201,85	4.445.332,86
NOVA URBANIZACIÓN						
Solo urbano non consolidado	3.087.581,18	0,00	0,00	0,00	0,00	3.087.581,18
Solo urbanizable	8.443.262,00	0,00	0,00	0,00	0,00	8.443.262,00
TOTAL NOVA URBANIZACIÓN	11.530.843,18	0,00	0,00	0,00	0,00	11.530.843,18
TOTAL	49.052.478,97	6.494.805,93	13.953.051,05	3.440.769,87	9.027.836,08	16.136.016,04

7.4. O FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO DO PLAN

7.4.1. A capacidade municipal para o financiamento do Plan

A capacidade de financiamento do investimento urbanístico municipal previsto no Plan Xeral relaciónase directamente coa capacidade de aforro orzamentario, tanto si se plantea a través do financiamento directo, como si se recorre á vía crediticia.

Polo tanto, teranse que establecer as previsións en relación á evolución esperada da facenda municipal e en especial respecto da evolución da capacidade de aforro da mesma, entendendo por tal, o diferencial entre ingresos e gastos por operacións correntes.

Realizadas as previsións, xustificarase a capacidade efectiva de financiamento dos 6.253,60 miles de euros que se requiren para atender as previsións de investimento para as actuacións establecidas na estratexia de actuación do Plan, tendo en conta a carga financeira histórica asumida con anterioridade á entrada en vigor do Plan.

O cadro que proxecta a capacidade financeira prevista, elabórase baixo as seguintes hipóteses:

- 1) O crecemento dos ingresos correntes producirase ao ritmo dun 3,20% anual acumulativo, durante os exercicios 2007-2014.
- 2) O crecemento dos gastos correntes consuntivos establécese na taxa de 2,5% anual acumulativo durante os exercicios 2007-2014.
- 3) A inflación media anual do período non superará o 2,5% anual.

A hipótese de crecemento dos Ingresos ordinarios sitúase en 2/3 do valor da taxa de crecemento anual acumulativo dos orzamentos liquidados do período 2001-2004 (4,85%).

A hipótese de evolución dos gastos consuntivos parte do mantemento do nivel actual de gasto, é dicir, unha hipótese na que o crecemento se produce ao ritmo da inflación (establecida nun 2,5%).

A hipótese de inflación relaciónase cos obxectivos de estabilidade da Unión Europea.

O conxunto da hipótese parte das taxas de aforro que se derivarían da evolución do período 2001-2004.

A carga financeira responde ás operacións de crédito a longo prazo que o Concello ten formalizadas.

**CADRO Nº 18: EVOLUCIÓN PREVISTA DO AFORRO NETO RESULTANTE 2007-2014
(MILES DE EUROS 2006)**

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014
INGRESOS ORDINARIOS	5.825,96	6.012,39	6.204,79	6.403,34	6.608,25	6.819,71	7.037,94	7.263,16
GASTOS CONSUNTIVOS	4.570,40	4.684,66	4.801,78	4.921,82	5.044,87	5.170,99	5.300,26	5.432,77
CARGA FINANCEIRA	340,06	331,76	308,51	300,98	285,69	217,59	212,28	142,47
AFORRO	915,50	995,97	1.094,50	1.180,54	1.277,69	1.431,13	1.525,40	1.687,92

Fte.: Orzamentos Municipais Liquidados. Elaboración propia.

Do cadro anterior conclúese un aforro neto previsto de 10.108,65 miles de euros no período de oito anos ao que se refire a definición de prioridades da actuación do Plan Xeral.

O aforro neto municipal podería financiar por si a totalidade das previsións preferentes do Plan Xeral de asignación municipal, avaliadas en 6.253,60 miles de euros, coa aplicación do 62% do aforro neto esperado.

A presente hipótese non considera a utilización, prevista na Lei 9/2002, do Patrimonio Municipal de Solo para as finalidades de financiamento de actuacións urbanísticas en infraestruturas e dotacións públicas, nin o recurso ao creto. Opcións ambas que introducen máis folguras á cobertura dos custos do Plan asignados ao Concello.

O investimento previsto no Plan Xeral e comprometido nas actuacións previstas para os próximos oito anos, é significativamente superior ao esforzo inversor municipal en materia urbanística dos pasados catro anos (cunha inversión de 782 miles de euros anuais fronte a 582 miles de euros en concepto de infraestruturas e bens. O investimento total levado a cabo polo Concello no período 2001-2004 acadou unha media anual de 1.091,94 miles de euros de 2006.

O investimento municipal previsto no Plan, en consecuencia, compensa o baixo esforzo inversor dos pasados anos e encaixa con folgura na capacidade económica e financeira do Concello estimada sobre a base de hipóteses de previsión verosímiles, deixando á marxe do financiamento do Plan a totalidade dos recursos derivados do Patrimonio Municipal de solo e mesmo o recurso ao endebedamento.

7.4.2. O investimento doutras administracións públicas

- A Administración Autónoma

O investimento previsto para a Administración Autónoma agrúpase nos sectores de rede viaria autonómica e infraestruturas básicas (de abastecemento e saneamento). O investimento na rede viaria pola Comunidade Autónoma ascende aos 9.266,26 miles de €, concentrado principalmente no acondicionamento da estrada LU-152.

O investimento en infraestruturas básicas alcanza os 4.686,79 miles de €, dedicado principalmente á ampliación da planta potabilizadora de Vilarmea e da E.D.A.R. de Foz.

En conxunto o investimento en rede viaria e infraestruturas ascende a 13.953,05 miles de €, o que equivale a 168 euros por habitante e ano. Dado o carácter das actuacións, resulta previsible a colaboración de diversas Consellerías (CPTOPT, Medio Ambiente, etc.).

- Administración Central

No que atinxe á Administración Central as previsións de inversión do Plan Xeral refírense ao acondicionamento de áreas costeiras de interese medioambiental consideradas zonas libres de sistema xeral, ao acondicionamento de travesías urbanas da estrada N-642 e á obtención de solo para dedicalo a zonas libres na zona de servidume do gasoducto.

O investimento en zonas libres costeiras ascende a 2.318,14 miles de €, que se concentra principalmente nas zonas da praia de Llas e do castro de Fazouro. No acondicionamento das travesías urbanas, o investimento alcanza os 1.120,00 miles de €, e na obtención de solo na zona de servidume do gasoduto, os 2,63 miles de €.

En conxunto, o investimento ascende a 3.440,77 miles de €.

- Deputación Provincial

A asignación de inversión á Administración Provincial céntrase na actuación sobre o viario da súa titularidade, na cooperación á mellora da urbanización dos núcleos

rurais (ata o 50% do investimento necesario) e ás actuacións no sistema local de infraestruturas (tamén o 50%).

O investimento no seu conxunto ascende a 9.027,84 miles de €, que equivale a 109 euros por habitante e ano.

7.4.3. O investimento privado

A análise de viabilidade das propostas urbanísticas do Plan Xeral de iniciativa privada haberá de referirse á acomodación entre as cargas urbanísticas impostas polo planeamento e moi en particular os gastos de urbanización, e os beneficios que das actuacións se haberán de derivar por vía de apropiación dos aproveitamentos urbanísticos que o Plan confire.

As actuacións urbanísticas encomendadas polo Plan á iniciativa privada refírense basicamente ao desenvolvemento das áreas de reparto en solo urbano non consolidado e do solo urbanizable delimitado de promoción privada supoñen o 75,7% das aportacións previstas do sector privado ao Plan, referíndose o resto ás aportacións a infraestruturas, dotacións e viario de sistema xeral e local e as aportacións dos propietarios beneficiarios da implantación ou reposición de servizos urbanísticos nas accións de reurbanización dos núcleos, ben mediante contribucións especiais, ben mediante cumprimentación das condicións xerais para concesión de licencias en solo urbano.

Para establecer o grao de viabilidade das actuacións comprendidas nas áreas de solo urbano non consolidado e de solo urbanizable delimitado analizouse a capacidade de absorción dos gastos de urbanización pola promoción. Para a súa análise exprésase en xeral o conxunto dos aproveitamentos susceptibles de apropiación en m² de uso característico vivenda colectiva. En tal suposto procedeuse a analizar o peso relativo dos gastos de urbanización sobre o prezo de venda de vivenda de protección, incluíndo a parte proporcional de garaxe e trasteiro para o ano 2006. Considerouse o 90% do aproveitamento das actuacións (o susceptible de apropiación) e ponderando os usos cos coeficientes que resultan do cálculo do aproveitamento tipo do Plan.

A repercusión dos gastos de urbanización das actuacións en solo urbano non consolidado sobre o prezo medio en venda de vivenda colectiva non se afasta máis que en dous casos do módulo de viabilidade do 10%; o valor medio sitúase no 4,49%, con desviacións que acadan un valor máximo de 8,00% e mínimo do 0,36%. Esta situación é lóxica se consideramos a diversidade das actuacións: en xeral presentan un carácter intersticial e completador, pero algunhas delas dan lugar a procesos de urbanización máis complexos.

8. RESUMO NON TÉCNICO

O Informe de Sostibilidade Ambiental é o resultado da primeira fase do proceso de Avaliación Ambiental Estratéxica ao que é sometido o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Foz.

A devandita avaliación persegue o obxectivo de conseguir unha utilización racional do territorio e do ambiente, o que implica conxugar as necesidades de crecemento coa preservación dos recursos naturais e dos valores paisaxísticos, arqueolóxicos, históricos e culturais, etc., coa fin de garantir a calidade de vida das xeracións presentes e futuras. Nesta arela a calidade ambiental ten pasado a ser a compoñente principal da calidade urbana no seu conxunto. Os recentes procesos de suburbanización difusa supoñen unha ameaza para a calidade ambiental e maila axeitada preservación dos valores ambientais, produtivos e paisaxísticos do territorio e, xa que logo, para a súa sustentabilidade.

En relación coa preservación e mellora da calidade ambiental a defensa do carácter compacto, complexo e integrado do crecemento urbano, acompañado da valoración do seu soporte territorial son cuestións da maior relevancia. Así son consideradas nos programas de actuación da “Estratexia Territorial Europea”, e nas políticas avanzadas de ordenación do territorio que perseguen lograr un desenvolvemento sostible e equilibrado do territorio. Resulta obrigado poñer freo aos procesos de diseminación reorientando a compactidade dos asentamentos co gallo de diminuír os riscos de degradación ambiental e paisaxística, e minimizar o custe dos sistemas de soporte e infraestruturais.

Neste contexto, faise patente a necesidade de acoutar uns ámbitos que organicen os novos crecementos agrupados e diversificados, tendentes á consecución da mellora da calidade ambiental, e reconduzan a diseminación da edificación residencial individual.

As seguintes opcións considéranse básicas para o desenvolvemento urbanístico do municipio de Foz en chave de sustentabilidade, por ser coherentes coa capacidade de acollida do territorio, e ser necesarias para elevar a calidade de vida e ambiental da poboación:

- Resolver, dun xeito ecoeficiente, os sistemas de abastecemento e saneamento, depuración e vertido das augas residuais, garantindo a calidade dos servizos ambientais.

- Deter a extensión dos agregados urbanos sobre terreos de grande fertilidade, espazos rurais e costeiros valiosos.
- Afortalar e desdensificar a Vila de Foz, programando un crecemento diversificado en canto ás tipoloxías edificatorias e aos usos, que faga posible a creación dunha estrutura urbana e un reequipamento de calidade.
- Formalizar e completar os ámbitos industriais consolidando os existentes, establecendo unha equilibrada oferta de solo industrial e terciario capaz de acoller as novas iniciativas, racionalizando o seu emprazamento no territorio, coa localización das áreas de maior aptitude topográfica e ambiental, e cunha baixa interferencia na accesibilidade.
- Diseñar e desenvolver un modelo turístico sostible, de calidade e diferenciado, que afonde na diversificación da oferta rachando coa tradicional especialización turístico-residencial vencellada ao aproveitamento dos recursos de praia.
- Recuperar e poñer en valor o patrimonio rural e natural.
- Mellorar a accesibilidade e implantar medidas para acadar unha mobilidade urbana sostible.
- Preservar e poñer en valor os recursos paisaxísticos como feito diferencial do municipio, consubstancial ao seu atractivo turístico e residencial.
- Recuperar os ecosistemas acuáticos degradados e acadar unha xestión integral da auga.
- Xestionar de xeito integral os RSU, fomentando a redución, reutilización e reciclaxe, e promovendo a compostaxe.

No marco da definición de alternativas, cabe concluír que o documento de Plan Xeral de Ordenación Municipal, configurado como alternativa 1 é, entre as dúas analizadas, a máis coherente cos obxectivos establecidos no documento de referencia aprobado polo COGAMADS, e iso porque:

- Moderniza e adapta á lexislación vixente un planeamento urbanístico que ten máis de vintecinco anos de antigüidade.
- Aborda consecuentemente o problema do consumo de solo e a conxestión urbana da Vila, diversificando o seu tecido sen por isto aumentar significativamente a súa extensión.

- Procura concentrar os usos industriais e terciarios nos asentamentos mellor comunicados e de mínimo impacto.
- Descentraliza os servizos terciarios e dotacións (diminuíndo así os desprazamentos pendulares entre a Vila e o resto dos núcleos), ampliando os de proximidade en todos os núcleos urbanos, diversificando a oferta.
- Prevé accións de abastecemento e saneamento que resolvan completamente as demandas no horizonte do Plan.
- Preserva axeitadamente aqueles solos de especial produtividade agropecuaria, os montes, os espazos de singulares valores paisaxísticos ou ambientais.
- Pon en valor o litoral Cantábrico do Municipio cunha serie de espazos públicos encadeados que xuntan ao seu interese medioambiental a súa importancia patrimonial, e nos que se prevén actuación de moi baixa intensidade.
- Reforza o sistema de espazos libres na vila e no resto dos núcleos urbanos, con estándares de calidade.
- Non introduce novas barreiras infraestruturais.
- Prevé tratamentos axeitados e de pormenor dos espazos urbanos de interese patrimonial, así como unha ordenación igualmente pormenorizada do rico sistema de núcleos rurais.
- Amplía a clasificación de protección de espazos naturais máis aló dos límites establecidos pola Rede Natura 2000.
- Prevé importantes reservas de solo para vivenda protexida, por riba do límite legal.
- Reforza o rol dos núcleos urbanos menores, reequilibrando así a distribución da poboación municipal.
- Garante unha mellora da mobilidade, reducindo a necesidade de desprazamentos, mantendo o tamaño da vila dentro duns límites abarcables peonilmente, reservando solo para unha futura posta en funcionamento dun modo tren eficiente e prevendo a implantación de carrís bici nas rúas principais.

A Coruña, xaneiro 2008